

Diagnose Comunitaria Teis: informe de resultados

Plan Comunitario de Teis



1 Índice

| | | |
|------|---|----|
| 1 | ÍNDICE..... | 3 |
| 2 | PRESENTACIÓN | 6 |
| 2.1 | METODOLOXÍA..... | 7 |
| 2.2 | ACHEGAS DAS TÉCNICAS DE INVESTIGACIÓN-ACCIÓN..... | 10 |
| 2.3 | FASES DO PROCESO DE DIAGNOSE COMUNITARIA..... | 13 |
| 3 | O PUNTO DE PARTIDA: REUNIÓN DE REFLEXIÓN SOBRE TEIS..... | 17 |
| 3.1 | INVITACIÓN A PARTICIPAR NO PROCESO DE DIAGNOSE..... | 17 |
| 3.2 | PRIMEIRA REUNIÓN DO GAP..... | 18 |
| 3.3 | REUNIÓN COA ASOCIACIÓN VECIÑAL DE TEIS..... | 22 |
| 3.4 | XUNTANZA DO COMITÉ TÉCNICO DO PLAN COMUNITARIO..... | 22 |
| 3.5 | GAP DOS CENTROS ESCOLARES..... | 23 |
| 4 | SAÚDE..... | 25 |
| 5 | VIVENDA..... | 28 |
| 6 | SITUACIÓN LABORAL E INGRESOS DA POBOACIÓN DE TEIS..... | 31 |
| 6.1 | INFOMACIÓN CUALITATIVA SOBRE O ACCESO AO EMPREGO..... | 31 |
| 6.2 | AS CIFRAS DO MERCADO LABORAL EN TEIS..... | 35 |
| 7 | HABITABILIDADE..... | 41 |
| 7.1 | O PLAN DE URBANISMO COMO CONTEXTO ACTIVADOR DA REFLEXIÓN..... | 44 |
| 7.2 | PROBLEMAS DE HABITABILIDADE EN TEIS: ¿QUE NOS CONTAN OS VECIÑOS E VECIÑAS?..... | 45 |
| 7.3 | PROBLEMAS DE HABITABILIDADE EN TEIS: ¿QUE DATOS NOS ACHEGA A ENQUISA?..... | 53 |
| 8 | AVALIACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS..... | 56 |
| 9 | PARTICIPACIÓN SOCIAL..... | 59 |
| 10 | A XENTE NOVA NO BARRIO DE TEIS..... | 61 |
| 10.1 | BUSCA DA IMPLICACIÓN ACTIVA A TRAVÉS DA LINGUAXE AUDIOVISUAL..... | 61 |
| 10.2 | REALIZACIÓN DUNHA ENQUISA Á XENTE NOVA..... | 66 |
| 10.3 | A ASOCIACIÓN XUVENIL O GUINDASTRE..... | 76 |
| 11 | AS PERSOAS MAIORES EN TEIS..... | 77 |
| 11.1 | ESPAZOS DE PARTICIPACIÓN, ANÁLISE E PROPOSTAS DE ACCIÓN DA XENTE MAIOR..... | 77 |
| 11.2 | PRINCIPAIS PROBLEMÁTICAS SINALADAS NAS AUDIÇÕES | 86 |
| 11.3 | DATOS ESTADÍSTICOS SOBRE A POBOACIÓN MAIOR..... | 87 |
| 12 | AS NOVAS VECIÑAS E VECIÑOS: POBOACIÓN MIGRANTE | 89 |

| | |
|---|-----|
| 12.1 A VISIÓN DESDE OS CENTROS DE ENSINO..... | 91 |
| 12.2 XUNTANZA DE MULLERES INMIGRANTES..... | 91 |
| 12.3 LIÑA DE TRABALLO CON MULLERES AFRICANAS..... | 95 |
| 12.4 ALGÚNS DATOS DA ENQUISA..... | 96 |
| 13 A ETNIA XITANA EN TEIS..... | 97 |
| 14 ENQUISA Á POBOACIÓN DE TEIS..... | 103 |
| 15 FICHA TÉCNICA DA ENQUISA..... | 106 |
| 16 PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO..... | 108 |
| 16.1 SEXO E IDADE..... | 108 |
| 16.2 NIVEL DE ESTUDOS..... | 112 |
| 16.3 NACIONALIDADE..... | 113 |
| 17 PROBLEMAS DE MOBILIDADE PERSOAS E DEPENDENCIA..... | 119 |
| 17.1 PERSOAS CON PROBLEMAS ESPECÍFICOS..... | 119 |
| 17.2 ASUNCIÓN DE LABORES DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS DEPENDENTES..... | 128 |
| 17.3 DISPOÑIBILIDADE DE SERVIZOS CONTRATADOS DE LIMPEZA OU DE ASISTENCIA A DOMICILIO PARA A INFANCIA E PERSOAS MAIORES..... | 134 |
| 18 PROBLEMAS DE MOBILIDADE..... | 135 |
| 19 LUGAR DE RESIDENCIA E VIVENDA..... | 138 |
| 19.1 LUGAR DE RESIDENCIA ANTERIOR..... | 138 |
| 19.2 NÚMERO DE PERSOAS CON RESIDENCIA PERMANENTE POR VIVENDA..... | 140 |
| 19.3 NÚMERO DE HABITACIÓNS OU SALAS DA VIVENDA DESCONTANDO COCIÑA E BAÑOS..... | 141 |
| 19.4 INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS NA VIVENDA..... | 142 |
| 19.5 RÉXIME DE TENENCIA DA VIVENDA..... | 143 |
| 19.6 PREVISIÓN DE CAMBIO DE VIVENDA..... | 143 |
| 20 SITUACIÓN LABORAL-PROFESIONAL E NIVEL DE INGRESOS..... | 145 |
| 20.1 ACTIVIDADE..... | 145 |
| 20.2 OCUPACIÓN, PROFESIÓN E OFICIO..... | 149 |
| 20.3 SITUACIÓN PROFESIONAL..... | 153 |
| 20.4 INGRESOS NO FOGAR..... | 158 |
| 21 MOBILIDADE E TRANSPORTE..... | 163 |
| 21.1 LUGAR DE TRABALLO..... | 163 |
| 21.2 FORMA HABITUAL DE TRANSPORTE AO CENTRO DE ENSINO..... | 164 |
| 21.3 LUGAR DE COMPRA DIARIA E SEMANAL..... | 166 |
| 21.4 MEDIO DE TRANSPORTE MÁIS UTILIZADO..... | 167 |
| 22 HABITABILIDADE NO BARRIO DE TEIS..... | 169 |

Diagnose Comunitaria Teis: informe de resultados

| | |
|---|-----|
| 22.1 AFECTACIÓN DE PROBLEMAS NA HABITABILIDADE..... | 169 |
| 23 PARTICIPACIÓN SOCIAL E IDENTIDADE COMUNITARIA..... | 177 |
| 23.1 PERTENZA A ASOCIACIÓNS..... | 177 |
| 23.2 COÑECEMENTO DO PLAN COMUNITARIO DE TEIS..... | 178 |
| 23.3 COÑECEMENTO DE LUGARES DE TEIS..... | 180 |
| 24 UTILIZACIÓN DOS EQUIPAMENTOS DE TEIS..... | 185 |
| 24.1 UTILIZACIÓN DOS EQUIPAMENTOS..... | 185 |
| 24.2 VALORACIÓN DOS EQUIPAMENTOS..... | 190 |

2 Presentación

A diagnose comunitaria formúlase como unha necesidade de autoanálise e coñecemento das condicións de vida, redes de relación e necesidades do ámbito territorial no que se inscribe o Plan Comunitario de Teis. Este coñecemento debe ser compartido, integrador e, ao mesmo tempo, vertebrador de actuacións.

Formulouse, polo tanto, unha perspectiva de achegamento á realidade social que podemos denominar *compreensiva*.

Máis alá de *medir* a realidade, a través dos diferentes indicadores estatísticos; máis alá de *analizar* as estruturas sociais que dan sentido a estes indicadores, a través da análise de discursos, crenzas, diferenzas sociais..., este proceso de diagnoseperseguiu *comprender* as dinámicas comunitarias e as súas potencialidades para dar resposta aos propios retos e necesidades.

Máis alá de achegarnos, dende unha mirada ‘obxectivista’ ás necesidades da poboación, formulouse unha proposta de diagnose na que, dende a comunidade, a comunidade traballa para a comunidade, busca un autocoñecemento que oriente a súa acción. Moi relevante, polo tanto, saber que o tipo de coñecemento que seperseguiu foi coñecemento útil, en varios sentidos:

- Orientador da acción
- Que conseguira implicar aos colectivos e axentes relevantes
- Que identificara necesidades (incluídos novos tipos de necesidades sociais)
- Ao tempo que recoñecera e activara recursos para satisfacelas

Dende este enfoque, os obxectivos da diagnose foron:

- Coñecer a realidade dende a propia perspectiva do barrio
- Identificar e valorar os obstáculos e as potencialidades comunitarias
- Optimizar o coñecemento dos recursos presentes nela
- Dinamizar o tecido asociativo e a participación social

2.1 Metodoloxía

Neste proceso de investigación social fomos conscientes de que a selección de fontes de información e de 'dispositivos' para extraer esta información ían determinar a orientación e utilidade da mesma.

En xeral, o manexo estatístico (sexa de datos censais, sexa froito dunha enquisa a unha mostra representativa da poboación) outorgan indicadores e mapas dos bairros que serven como instrumentos de medida, pero que ofrecen en si mesmos pouco criterio de valoración, no sentido de que dificilmente marcan pautas de acción, nin establecen a prioridade dos problemas ou as estratexias que poden ser máis mobilizadoras.

Pola contra, os foros que establece a autodiagnose, con participación de diferentes perspectivas e 'posicións' presentes no barrio, permiten o contacto directo coa comunidade e ofrecen unha ordenación dos coñecementos moi orientada á definición de estratexias. Aínda que adoitan estar limitados no que atinxe á precisión dos datos e informacións que se manexan, reflicten o sentir da comunidade en todas as súas dimensións e contribúen a construír ese 'sentir colectivo'.

Por outra banda, nas metodoloxías de planificación, adoitan situar

á diagnose como unha fase previa e que outorga orde a unha fase posterior que sería a programación de obxectivos e liñas de acción. Sen embargo, acorde coa metodoloxía do desenvolvemento comunitario e da investigación-acción participativa, a propia acción é en moitos casos unha oportunidade de coñecemento:

- Fai xurdir analizadores que nos amosan os límites marcados polas institucións e estruturas sociais nas que operamos.
- Formula novos espazos de creatividade social dificilmente constatables desde a ‘inacción’ da análise máis pura.

Lonxe dunha separación entre os suxeitos investigadores e a comunidade investigada (que tomaría a forma de ‘obxecto’ de investigación), cobran relevancia as metodoloxías activadoras dos distintos coñecementos: o das distintas visións ou perspectivas presentes na comunidade, xunto co coñecemento científico ou técnico. A relación é de horizontalidade (todos os coñecementos son achegas á ‘sabedoría’ comunitaria), de complementariedade (entre a vivencia e a sistematización) e de cooperación (o proceso de investigación é codirixido por unhas e outras, marcando colectivamente o seu para qué e o seu para quen).

Toda esta perspectiva de investigación significa unha innovación á hora de confrontar ás diagnoses:

- Asenta, e dá continuidade, a unha acción integral, transversal e endóxena, activadora da ‘potencialidade social’* existente na comunidade para acadar obxectivos de cohesión e calidade de vida na propia comunidade.
- Procura unha aproximación complexa e comprensiva aos problemas, integrando aspectos cualitativos, cuantitativos e

valorativos orientadores da acción, o que permite unha mellor comprensión dos mesmos.

- Busca potenciar a resposta da comunidade a ditos problemas:
 - Orientando as accións cara unha maior eficacia (impacto) e eficiencia (optimización de recursos)
 - E promovendo a coordinación e a sinerxia entre accións de diferentes organizacións, institucións, agrupacións e da poboación en xeral.

Dende estes presupostos de actuación, a Diagnose Comunitaria que se promoveu dende o Plan Comunitario de Teis, pretendeu continuar co proceso metodolóxico iniciado no Avance Monográfico e que toma como referente a metodoloxía do investigador social Marco Marchioni. Se ben, incorporáronse novas técnicas e instrumentos de investigación que complementaron e completaron o proceso.

Neste punto, a estrutura metodolóxica, podería expresarse así:

| DIAGNOSE COMUNITARIA | |
|---|--|
| PARTE OBXECTIVA (OU “ESQUELETO”) | PARTE SUBXECTIVA (OU “MATERIA”) |
| Análise documental: dende diversas fontes documentais, principalmente as producidas en diagnoses previas, datos achegados polos diferentes dispositivos, entidades, colectivos, institucións e as fontes estatísticas dispoñibles. | Contacto directo coa comunidade a través das diferentes técnicas que permitan a escoita e participación activa da comunidade. <ul style="list-style-type: none">■ Grupos de Autoanálise e Proposta (GAP)■ Entrevistas en profundidade a testemuñas privilexiadas/informantes clave■ Audicións abertas á poboación |
| RESPECTANDO O PRINCIPIO DE DEVOLUCIÓN DA INFORMACIÓN EN TODAS AS FASES DO PROCESO | |

2.2 Achegas das técnicas de investigación-acción

A diagnose comunitaria elabórase a partir dunha complementariedade entre técnicas de investigación cualitativas, participativas e socioestadísticas. Nos cadros seguintes recollemos o tipo de información que proporciona cada unha desta perspectivas técnicas.

ACHEGAS DAS TÉCNICAS CUALITATIVAS

| | |
|---|---|
| <p>GRUPOS FOCAIS DE DISCUSIÓN SOBRE AS DISTINTAS ÁREAS SOCIAIS</p> | <p>Identificación de problemáticas sociais</p> <p>Modos de vida e calidade de vida dos colectivos específicos</p> <p>Percepcións do papel dos distintos axentes (Administración, asociacións, etc.)</p> |
| <p>AUDICIÓNS Á POBOACIÓN</p> | <p>Identificación de sentimentos de identidade e integración na comunidade</p> <p>Grao de satisfacción co contorno</p> <p>Percepción da calidade de vida e do seu papel individual dentro da comunidade</p> |
| <p>ENTREVISTAS EN PROFUNDIDADE A TESTEMUÑAS PRIVILEXIADAS / INFORMANTES CLAVES DA COMUNIDADE</p> | <p>Identificación de problemáticas sociais, actividade e papel das asociacións.</p> <p>Capacidade de vertebración social.</p> <p>Modos de vida e calidade de vida dos colectivos específicos</p> |

ACHEGAS DAS TÉCNICAS PARTICIPATIVAS

| | |
|---|---|
| GAP | <p>Priorización de problemáticas</p> <p>Consenso en torno a obxectivos prioritarios e liñas de acción concretas</p> |
| MAPA RELACIONAL | <p>Elaboración dun mapa relacional, sobre o que trazar estratexias de vertebración comunitaria</p> <p>Incorporación de experiencias de acción como experiencias de coñecemento da realidade</p> |
| METODOLOXÍAS DE DIAGNOSE PARTICIPATIVA METODOLOXÍAS DE PLANIFICACIÓN PARTICIPATIVA DINAMIZACIÓN SOCIAL | <p>Divulgación e contraste da diagnose coa poboación</p> <p>Mobilización de novas achegas (diagnósticas e propositivas)</p> <p>Visualización social do proceso</p> <p>Achegamento aos colectivos menos 'próximos'</p> |

ACHEGAS DAS TÉCNICAS SOCIOESTATÍSTICAS

| | |
|--|--|
| <p>INDICADORES RELATIVOS Á POBOACIÓN</p> | <p>Estrutura demográfica</p> <p>Nivel de estudos</p> <p>Relación coa actividade económica:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Inactividade - Desemprego - Ocupación (estrutura profesional, sectores, condicións laborais...) <p>Orixe nacional</p> |
| <p>INDICADORES RELATIVOS ÁS CONDICIÓN DE VIDA NOS FOGARES</p> | <p>Tipoloxías de unidades domésticas</p> <p>Nivel de ingresos</p> <p>Condicións das vivendas</p> <p>Condicións ambientais nos barrios</p> <p>Condicións de mobilidade</p> |
| <p>INDICADORES RELATIVOS AOS SERVIZOS EN CADA ÁREA</p> | <p>Equipamentos (educativos, sanitarios, deportivos, etc.)</p> <p>Asociacións prestadoras de servizos</p> <p>Comercio e hostalería</p> |

2.3 Fases do proceso de diagnose comunitaria

Primeira fase: aproximación á realidade social do marco de intervención

Obxectivos desta fase:

- x Mapa de actores sociais na comunidade
- x Primeira matriz de necesidades sociais

Accións

- **Análise documental;** desde diversas fontes documentais, principalmente as producidas en diagnoses previas e as fontes estatísticas dispoñibles; co obxecto de realizar unha primeira identificación de colectivos e problemáticas sociais a considerar e áreas a desenvolver.
- **Realización de entrevistas en profundidade;** co obxectivo de recoller a perspectiva de distintos informantes clave ao respecto da realidade que caracteriza ao territorio. As entrevistas permitirán, así mesmo, a implicación dos actores contactados no desenvolvemento do proceso de investigación. O número estimado de entrevistas oscilaría entre dez e quince, sendo sinalado en función dos ámbitos sectoriais e/ou institucionais a abordar finalmente no transcurso da investigación.
- **Constitución dun Grupo de Autoanálise e Proposta (GAP);** conformado por representantes das organizacións (públicas e privadas), do tecido asociativo e doutras entidades de interese, así como por persoas que teña relevancia implicar no seu funcionamento. O GAP terá como obxectivos contrastar e afondar nos datos recollidos, definir ámbitos prioritarios de estudo e definir a enquisa. Para unha mellor estruturación dos contidos e relacións entre os diferentes axentes, considérase pertinente realizar nesta fase un mínimo de dúas reunións.
- **Sistematización da información** recollida e **elaboración primeiro informe**, cunha dupla finalidade:

- ◆ Presentar un mapa descriptivo das necesidades sociais presentes
 - ◆ Presentar unha primeira aproximación descriptiva das problemáticas que afectan en cada ámbito ou área seleccionada.
- **Realización dunha enquisa á poboación.** Dado que as variables a tratar na enquisa afectan a temas de carácter social cunha dimensión persoal, considérase pertinente a súa realización de xeito presencial. En función das persoas dispoñibles para asumir o traballos de realización de enquisas, picao de datos e análise dos mesmos, fixárase a mostra e o sistema de acceso (domiciliario, na rúa, etc.). Contémplase a posibilidade de incorporar á enquisa preguntas mobilizadoras, ou calquera outro mecanismo de activación do compromiso da cidadanía co seu barrio. Entre os obxectivos de estudo da enquisa, subliñamos os seguintes:
- ◆ Establecer a distribución das diversas problemáticas segundo variables de tipo social -situación económica, laboral, hábitat...-
 - ◆ Delimitar os factores que configuran as diferentes problemáticas que afectan á poboación de Teis.
 - ◆ Sinalar as valoracións e avaliacións sobre os recursos existentes, e valoración dos recursos potenciais que poderían ser mobilizados para unha mellor prestación de servizos.
 - ◆ Dar a coñecer o traballo do Plan Comunitario e animar á participación.

Segunda fase: apertura e afondamento

Trátase de abrir o proceso de detección de necesidades a unha participación máis activa dos axentes sociais, e afondar no estudo das problemáticas e necesidades específicas que caracterizan aos diferentes colectivos e ámbitos que se determinen.

Accións

- **Elaboración dun dossier de presentación das conclusións da fase anterior;** co obxecto de facilitar a súa devolución aos axentes que participaron na súa elaboración, e o desenvolvemento dos espazos de participación programados nesta segunda fase.
- **Grupo de Análise e Planificación (GAP);** conformado por representantes das Institucións (públicas e privadas), do tecido asociativo e doutras entidades de interese, así como por persoas que teña relevancia implicar no seu funcionamento. O GAP terá como obxectivo realizar un seguimento das conclusións dos Grupos Focais, e, finalmente, elaborar unha visión diagnóstica de consenso sobre a realidade analizada. Para a realización destas tarefas considérase necesaria a realización de cando menos dúas reunións deste grupo.
- **Realización de Accións de Divulgación da Investigación e Recollida de Propostas/Demandas;** orientadas á poboación en xeral, priorizando aqueles colectivos que se considere menos próximos ás liñas de traballo que veñen conformando a traxectoria do Plan Comunitario, ou a aqueles novos colectivos sociais (poboación inmigrante...). A través de modelos de actividade flexibles, adaptados aos espazos e tempos destes diferentes colectivos e con metodoloxías de activación da súa participación (metodoloxías da educación de rúa e a animación sociocultural). Trátase de mostrar e divulgar as principais achegas obtidas ata o momento en relación á diagnose (con carácter operativo e gráfico), así como de incorporar novas suxestións, demandas e apoios.
- **Sistematización da información** recollida nesta segunda fase, e **elaboración dun informe** que integre:
 - ◆ Unha descrición das problemáticas específicas que afectan a cada un dos colectivos obxectivo.
 - ◆ Unha orientación do impacto e distribución das problemáticas

identificadas a partir dun contraste cos datos demográficos e socioestadísticos recollidos a través da análise de fontes documentais.

| | |
|--------------------------------|---|
| FEBREIRO DE 2007 | Contactación inicial colectivos e persoas e Audicións |
| MARZO-ABRIL DE 2007 | Grupo Nominal e Audicións |
| MAIO DE 2007 | Primeiras reunións: GAP, Comité técnico, Orientadores |
| XUÑO DE 2007 | Preparación actividade xóvenes |
| XULLO DE 2007 | Traballo de campo da enquisa e Entrevistas |
| SETEMBRO DE 2007 | Foro mulleres inmigrantes |
| OUTUBRO DE 2007 | Enquisa á xente nova |
| NOVEMBRO DE 2007 | Segunda xuntanza GAP |
| DECEMBRO 07 /XANEIRO 08 | Historias de vida mulleres xitanas |
| FEBREIRO DE 2008 | [Apoio cos datos á candidatura fondos URBAN] |
| MAIO DE 2008 | Documental de Xiara sobre traballo doméstico |
| MARZO DE 2009 | Contacto con colectivo O Guindastre |

3 O punto de partida: reunións de reflexión sobre Teis

3.1 Invitación a participar no proceso de diagnose

A iniciativa da diagnose partiu do Plan Comunitario de Teis, que aglutina un conxunto de entidades asociativas e a persoas responsables de servizos públicos presentes no barrio. Isto garantía xa a presenza de diferentes visións e perspectivas.

Sen embargo, unha das virtualidades do proceso de diagnose era funcionar como espazo de reflexión colectiva que permitira vincularse con maior intensidade a todos os colectivos, mesmo a aqueles que viñan participando de forma menos activa no Plan Comunitario.

Para captar a participación das entidades celebráronse pequenas reunións previas en moitas delas, nas que se explicaba o proxecto e se recollían suxestións para enfocalo.

CAPTACIÓN DA PARTICIPACIÓN DE ENTIDADES PRESENTACIÓN DO PROXECTO

1. Explicar os **obxectivos** que perseguimos coa diagnose comunitaria:
 - Coñecer a realidade
 - Dinamizar o tecido asociativo
 - Rexenerar as potencialidades comunitarias
 - Abrir e descubrir novos recursos presentes nela
2. Explicar a **metodoloxía** en trazos xerais:
 - Analizar datos sobre a poboación
 - Facer entrevistas
 - Posibilidade de facer unha enquisa
 - Diferentes grupos de análise: GAP e grupos focais, para analizar colectivamente as necesidades existentes.

- Dinamización de colectivos non integrados no Plan.

3. Explicar en que consistiría a colaboración que estamos a solicitarlle:

- Participación no GAP (previstas 4 reunións de aquí a final de ano)
 - Para ir marcando por onde nos interesa dirixir o estudo
 - Para debater e contrastar algunhas das cuestións que xurdan
- Facilitar contactos de persoas que sexa interesante entrevistar ou convidar
- Colaboración nalgunha das accións que se van emprender, na medida das súas posibilidades

Valoración do proxecto

- Que lle parece a proposta
- Que cuestións quereda que estiveran recollidas nela
- Que dificultades principais pensa que imos confrontar

Primeira valoración das problemáticas do barrio

- Cales pensa que son os tres problemas principais no barrio
- Que papel pensa que xogan as asociacións e demais entidades agrupadas no Plan para abordar estes problemas.
- Cales son as principais dificultades para que as asociacións desenvolvan os seus obxectivos de mellora.
- Que colectivos do barrio cre que están máis lonxanos ao tecido asociativo (os que menos participan)
- Como pensa que podería promoverse a súa participación activa?

3.2 Primeira reunión do GAP

Como xa se explicou na metodoloxía e fases, o carácter reflexivo deste proceso esixía situar como punto de partida unha reunión das diferentes asociacións que queríamos que se integraran no GAP, na que facer unha posta en común das problemáticas, elaborar un mapa

de relacións entre as diferentes entidades e colectivos do barrio e contrastar o plan de traballo para a diagnose.

A esta primeira reunión asistiron persoas das seguintes organizacións: Voces do litoral, Asociación San Pablo, Asociación As Nosas Rúas, Garatuxe, as parroquias de San Xosé da Guía, San Salvador, As Neves, San Ignacio de Loiola, San Francisco Xabier, persoal do Plan Comunitario e de Cidadanía.

A cuestión das problemáticas foi abordada en dous pasos: nun primeiro tratábase de proxectar como nos gustaría que fora Teis nun futuro próximo; nun segundo paso identificábanse os obstáculos que podían imposibilitar chegar a ese Teis desexado.

Ademais das problemáticas que se recollen no cadro, indicouse como fortaleza do barrio a súa riqueza social.

Para a elaboración do mapa de relacións seguíronse os seguintes pasos: Identificamos os colectivos sociais, as organizacións e as institucións presentes no barrio. Colocáronse nun panel seguindo a pauta de poñer máis arriba os que teñen máis poder e máis á esquerda quen son máis antagonistas aos 'nosos' obxectivos.

As conclusións respecto do mapa foron que existe proximidade alta do conxunto de entidades en torno ao Plan Comunitario de Teis. Existe un conflito entre a asociación de veciños de Teis e o plan comunitario.


A respecto dos grupos sociais, a relación é máis estreita e fluída con infancia e maiores e algo menos con homes e mulleres. Destaca a lonxanía aos colectivos de xóvenes, inmigrantes e etnias.

Os grupos de poder máis distantes dos obxectivos perseguidos son o Ministerio de Fomento, a Autoridade Portuaria e a Zona Franca, que

teñen intereses antagonistas. Pola súa banda, o Concello e a Xunta (Medio Ambiente, Facenda...) non colaboran na práctica cos obxectivos perseguidos, aínda que poidan defendelos como discurso.

| Primeira xuntanza GAP: IDENTIFICACIÓN PROBLEMÁTICAS | |
|--|--|
| O TEIS QUE NOS GUSTARÍA NO FUTURO | OS OBSTÁCULOS PARA ACADAR ESE TEIS DESEXADO |
| <ul style="list-style-type: none"> • Sen tráfico • Con moitos espazos libres • Co que nos corresponde (costa, monte, urbanismo) • Limpo • Boa asistencia sanitaria • Beirarrúas enteiras • Atención ao día en servizos sociais • Tratados e tratadas como cidadáns e cidadás de primeira • Con dotacións: colexios, institutos, infraestruturas, centros de maiores, bibliotecas... • Unido nos seus representantes • Con boa imaxe pública • Cun patrimonio cultural e natural recoñecido e recuperado • Seguridade • Coa súa identidade de barrio • Con alternativas de actividades para adolescentes e para a xente en xeral | <ul style="list-style-type: none"> • Políticos (todos) a súa xestión • A política das subvencións • Falta de unión. falta de solidariedade entre colectivos • Ego asociativo • Falta de priorización de necesidades • Baixa autoestima como barrio • Perda de identidade • Descoñecemento do barrio • Perda de interese polos espazos naturais • Habitantes non censados na cidade • Pouca esixencia cidadá • Falta de cultura cívica • Persoas con baixo nivel educativo (nivel de estudos) • Ubicación golosa do barrio • Ser entrada e saída da cidade • Falta dunha vía con capacidade • Barreiras arquitectónicas • Malos saneamentos |

Primeira xuntanza GAP: MAPA DE COLECTIVOS E ENTIDADES



- poder
+ lonxanía
(antagónicos)

+proximidade

3.3 Reunión coa asociación veciñal de Teis

Ademais desta reunión do GAP, celebráronse outras con esta mesma función de arranque do proceso. Unha delas foi na asociación veciñal de Teis, que non asistira ao GAP e coa que se quería contar no proceso.

Nela se estableceron as canles de comunicación sobre o proceso, comprometéndose a manter ás persoas da asociación ao día das reunións, informacións e resultados que se foran acadando. Tamén se viu positiva a posibilidade de utilizar o Centro Cívico, xestionado pola asociación, para convocatorias e actividades.

3.4 Xuntanza do comité técnico do Plan Comunitario

O comité técnico do Plan Comunitario é un grupo de traballo formado por persoas que desenvolven funcións técnicas en diferentes asociacións e servizos presentes en Teis. A esta primeira reunión asistiron persoas de Centro Alborada, da U.B.A.S., Cáritas, Hermanos misioneros de los enfermos pobres, Centro de saúde e do propio Plan comunitario de Teis.

O debate centrouse no proceso de diagnose e a metodoloxía a seguir, achegando cuestións que foron incorporadas e están descritas no primeiro capítulo. Sobre a identificación de problemáticas no barrio decidiuse trasladar as visións de cada entidade por correo electrónico.

3.5 GAP dos centros escolares

No mesmo mes de maio de 2007 celebrouse unha xuntanza de orientadoras e orientadores dos centros de ensino de Teis, estando representados o IB A Guía, o IES Teis, o Vicente Risco e o Rosais II. Ademais das cuestións metodolóxicas e da posta ao día sobre os pasos dados, realizouse unha reflexión sobre a problemáticas específica do barrio no ámbito escolar.

| | |
|------------------------------------|--|
| OBSTÁCULOS 'EDUCATIVOS' | <p>Non existe conciliación familiar e laboral.</p> <p>Os espazos escolares están desaproveitados.</p> <p>Mala planificación do mapa educativo, ccó conseguinte problema do transporte.</p> |
| DEMANDAS / NECESIDADES | <p>Conciliación vida familiar e laboral.</p> <p>Ocupación dos nenos/as polas tardes, fóra do horario escolar.</p> <p>Apertura á comunidade dos espazos escolares, fóra do horario escolar.</p> <p>Calquera pretensión educativa (formal e/ou non formal) debe començar en primaria (6-12anos).</p> <p>Mellora da planificación do mapa educativo.</p> <p>Necesidade de Traballadores e/ou Educadores Sociais nos centros educativos.</p> |

Como apéndice das valoracións achegadas, tratouse o tema da poboación inmigrante e xitana e as súas características especiais.

| | |
|-----------------------------|--|
| POBOACIÓN INMIGRANTE | <p>Escasa ou nula integración dos nenos/as inmigrantes de orixe africana, fronte á poboación procedente de países sudamericanos (a excepción de Brasil).</p> <p>Necesidade de apoio, sobre todo aos que chegan na adolescencia (dificultades de idioma- desarraigo)</p> |
| POBOACIÓN XITANA | <p>Necesidade dun planning de poboación xitana no barrio.</p> <p>Os/as alumnos/as de etnia xitana moitas veces actúan como elementos desestabilizadores, polo que se fai preciso buscar estratexias para implicalos integrándoos no sistema educativo (actividades musicais...).</p> |

Para finalizar fanse algunhas suxestións sobre persoas a quen entrevistar para profundizar nestas realidades, indicándose a conveniencia de falar co CEFORE, o Secretariado xitano e coa Igrexa evanxélica.

4 Saúde

Os servizos de saúde son en xeral ben valorados pola poboación, obtendo na enquisa unha valoración de 3,78 puntos sobre 5, salvo as listas de espera en xinecoloxía, mencionadas na reunión con mulleres inmigrantes, a necesidade de descentralizar a asistencia ou as carencias en educación en hábitos saudables, mencionadas nunha audición.

(Respecto da asistencia sanitaria) *'Necesidade de descentralizar ésta asistencia, por exemplo, ter no Centro de Saúde traumatólogo para non ter que ir ó centro da Doblada.(...) Hai unha eiva importante na educación de hábitos saudables, habería que facer mais prevención; de alimentación sá, exercicio, hábitos de vida saudable, etc.'* (Audición Varón 35 Anos)

'En el tema concreto de la sanidad, pues desde que yo lo recuerdo con el antiguo centro de salud, ha mejorado mucho, ahora tenemos un centro de salud bastante moderno, desde el punto de vista, no tanto los médicos que la mayor parte son interinos, sino desde el punto de vista de otros profesionales que se integran bastante bien con el Barrio, y que colaboran como es el caso de Pilar la trabajadora social o algún enfermero y poco a poco en ese centro de salud se van haciendo más cosas durante el día, lo que no son estrictamente consultas, sin embargo creo que Teis tiene una población suficiente para contar con un centro de especialidades , aunque no fuera de todas ellas, para no tener que desplazarse sistemáticamente sobre todo al Centro de Coia , aunque bien es cierto que para determinadas cosas habría que desplazarse al Xeral pero lo que son consultas de ciertos especialistas a los que se recurre muy a menudo creo que debería haberlos en el Barrio de Teis puesto que la población es lo suficientemente grande para ello' (Audición Muller 40 anos).

'Na sanidade, o Centro de Saúde e os seús profesionais poden aportar iniciativas a comunidade como hábitos saudables, anque é preciso darlle

forma a esa colaboración'. (Audición Varón 67 Anos)

'Sanidad , que está ahí, hay un Centro de Salud que está bien, funciona bien, yo particularmente siempre que tuve que ir allí, la doctora que tengo yo es buena, es la de toda la vida, llevo muchísimos años con ella, me trato a mí, a mis padres, a mi hermano, y muy bien, a nivel de urgencias no sé nada, pero creo que sí, yo desde mi casa lo veo y veo que llegan ambulancias allí, estuvo bien instalarlo allí,' (Audición. Varón 29 anos. Zona Paradela)

Respecto aos problemas de saúde da poboación de Teis e ás situacións de dependencia, a enquisa móstranos os seguintes datos:

O 13,9% da poboación de Teis ten algún problema de enfermidade crónica (7%), minusvalía física (3,4%), mobilidade reducida (3%), minusvalía psíquica (0,4%) ou toxicomanía (0,2%). Destaca o feito de que estes problemas de saúde afectan en maior grao ás mulleres que aos homes. En efecto, o 18% das mulleres teñen algunha destas problemáticas, mentres que nos homes a porcentaxe é do 9,6%.

A poboación dependente alcanza o 4,3% e distribúese da seguinte maneira: o 2,5% son dependentes de 1º grao, o 0,6% son dependentes de 2º grao e o 1,2% dependentes de 3º grao. Sen embargo os graos de dependencia non sempre están recoñecidos legalmente: só ten recoñecida a condición de dependente o 27,5%: 16,6% de Iº grao, 3,6% de IIº grao e 7,25% de IIIº grao.

Como no caso anterior, afecta máis ás mulleres (o 68,2% das persoas dependentes son mulleres) e aos grupos de maior idade (o 76,8% ten 56 e máis anos, alcanzando as maiores porcentaxes entre as persoas de 75 e máis anos).

O problema da dependencia afecta, como dixemos, ao 4,3% da

poboación, pero é de destacar que no 15,3% dos fogares reside algunha persoa dependente. A atención a estas persoas dependentes recae en maior grao nas mulleres: do grupo de persoas que asume en exclusiva labores de atención, o 52,9% son mulleres e o 47,1% son homes; do grupo que asume gran parte coa axuda doutros membros, o 30% son homes e o 70% son mulleres.

Só o 10,8% dos fogares dispón de servizos contratados de limpeza ou asistencia a domicilio, fronte ao 89,2% que non fai uso del. Sen embargo, nos fogares onde residen persoas con algún grao de dependencia, a contratación destes servizos é maior: o 50% das persoas con dependencia de grao II contan con este servizo; e son o 33% no caso do nivel de dependencia de grao III, e o 28,8% cando o nivel de dependencia é de grao I.

5 Vivenda

Se temos como referencia que a poboación de Teis representa o 10% da poboación do concello de Vigo, podemos valorar algunhas cifras en relación á vivenda.

O total de vivendas no barrio é de 11.816, o 9,64% das vivendas do concello. O número de vivendas vacías é de 1.732, o 9,7% das do concello. O número de locais é de 864, o que significa só o 5,6% dos do conxunto de Vigo.

As vivendas de Teis teñen un grao de antigüidade maior que as do conxunto de Vigo. O 17,23 das vivendas de Teis son anteriores a 1950, mentres que esta porcentaxe en Vigo é do 13,12%. As décadas do 50, 60 e 70 concentran o maior número de vivendas do barrio, acadando unha porcentaxe conxunta do 65,89%, mentres que en Vigo estas décadas representan o 58,46%. Sen embargo, as décadas dos 80 e 90, como referencia de antigüidade das vivendas, representan en Teis porcentaxes máis baixas que no conxunto de Vigo: 16,69% fronte ao 27,00%do municipio.

As vivendas de Teis son en xeral máis pequenas que as do conxunto do municipio. En Teis, a porcentaxe de vivendas entre 30 y 90m² supón o 72,64% do total, fronte ao 61,48% de Vigo.

En vivenda nova, Teis oferta os prezos máis económicos de todo Vigo, cun valor aproximado de 2.000 euros por metro cadrado.

O 85,2% das vivendas nas que se realizou a enquisa están formadas por entre 1 e 4 persoas. As familias de 5 a 11 membros (tendo en conta que non hai ningún fogar de 10 membros) representan un total

do 14,8%.

A vivenda de 3 residentes é a categoría máis frecuente (27,8%), seguida das vivendas con 2 e 4 membros, que representan o 24,4% e o 21,3% respectivamente. Debemos destacar que existe un 11,7% de vivendas unipersoais.

Respecto do número de habitacións, a categoría maioritaria é a de 4 habitacións/salas na que se integran algo máis dunha terceira parte das vivendas (37,7%), seguida das vivendas con 3 habitacións/salas (24,5%) e das vivendas con 5 habitacións/salas (18,2). Polo tanto, case dous tercios (62,2%) das vivendas de Teis teñen 3 ou 4 habitacións/salas e no intervalo de 3-5 habitacións/salas agrúpanse o 80,45 das vivendas.

Polo xeral, practicamente todas as vivendas de Teis dispoñen das instalacións e equipamentos seguintes: auga corrente, auga quente, cuarto de baño, cociña e teléfono. Debemos destacar como aspecto negativo o feito de que un 0,9% dos fogares carece de auga corrente, o 2,5% de auga quente, o 1,8% de baño, o 1,2% de cociña e o 4,9% de teléfono.

Nos casos da calefacción (da que carece o 44,2%), internet (da que carece o 52,8%) e o cuarto de aseo (do que carecen o 66,9% das vivendas), as porcentaxes negativas son máis significativas.

O 54,7% das vivendas está en réxime de propiedade e xa pagada e o 19,3% está en réxime de propiedade pero aínda a está pagando. Polo tanto, case tres cuartos (74%) das vivendas teñen como inquilinos aos/ás seus/súas propietarios/as. Un 19,3% das vivendas son de aluguer e un 6% cedidas.

Son poucas as mencións que se fan á problemática da vivenda en

Teis de forma concreta nas audicións e reunións. Si se sinala o impacto do plan de urbanismo no que significa a substitución de vivenda unifamiliar por pisos, pero as situacións deficitarias no tema vivenda que se mencionan son:

'Temos aí un matrimonio que está vivindo na miseria, que un día cáelle o tellado da casa enriba deles' (Audición Home e muller maiores. Zona Paradela)

E as dificultades de acceso á poboación inmigrante, marcadas pola discriminación á hora de alugar e tamén á hora de acceder a unha hipoteca, que foron mencionadas na reunión con mulleres inmigrantes.

6 Situación laboral e ingresos da poboación de Teis

A información sobre a situación do mercado laboral procede de tres fontes principais: as estatísticas dispoñibles, a enquisa realizada á poboación de Teis e unha entrevista realizada á responsable técnica da oficina de emprego do barrio.

6.1 Información cualitativa sobre o acceso ao emprego

A información facilitada nesta última entrevista dános conta dos perfís de demandantes de emprego, así como das principais dificultades no que atinxe á inserción laboral, entre outros temas que pasamos a expoñer.

Un dos perfís de desempregados son os menores de 18 anos con fracaso escolar: acuden direccionados dos institutos o dos propios pais para realizar cursiños de formación ocupacional. Non teñen rematados os estudos de ESO e algúns proceden de Garantía Social. O seu principal obstáculo para a inserción é a falta de titulación mínima que se está a esixir en case todas as ofertas laborais (graduado esolar ou ESO, FP..), e a falta de experiencia laboral.

Outro perfil significativo é o das mulleres de 35-45 anos con cargas familiares: os seus principais obtáculos son a falta de cualificación (neste momento estánse a incluír no programa SIPIS- Itinerario persoalzado de inserción social- para que poidan obter algunha cualificación laboral) e as dificultades para conciliar o traballo coas responsabilidades familiares.

Destacarían tamén polas súas dificultades para atopar traballo un grupo significativo de homes condicionados por diversas circunstancias

sociais: perceptores de prestacións sociais, con problemas de dependencia a substancias e outras adicións, inmigrantes...

Respecto dos empregos que se ofertan destacan os do sector da industria (soldadura, mecánica, electricidade), no que se solicitan persoas cualificadas e/ou con experiencia, e o sector servizos (hostelería)

Entre os obstáculos para o acceso ao emprego destaca a escasa cualificación. As persoas que demandan emprego adoitan formarse a través dos cursos FIP para salvar esta eiva, pero créase un novo problema: as súas expectativas de conseguir un traballo de xeito instantáneo.

Por outra parte, constitúe un obstáculo a práctica dos empresarios na selección e na contratación: esixen nas súas ofertas unha cualificación que logo non se corresponde co posto para o que realmente realizan a oferta, é dicir que hai unha desconexión total entre os coñecementos requiridos e a categoría profesional baixo a cal contratan.

Outras dificultades específicas son as seguintes:

- Especialización vs cualidades persoais: premian as cualidades persoais.
- Idade: dificultades para maiores de 35 anos
- Sexo: dificultades de inserción para amuller
- Non querer traballar: existe unha bolsa importantísima de persoas nesta situación. Moitas delas fanse demandantes de emprego para conseguir algún curso que lles permite unha alta asimilada á S.S ou

algunha prestación económica. O descrédito do servizo público ven dado, en ocasións cada vez mais frecuentes, pola falta de corresponsabilidade por parte dos desempregados. Por poñer un exemplo, para un programa experimental de 700 convocados non hai nin 150 que acudiran, porque para formar parte do programa era preciso asinar un compromiso de asistencia.

- Para colectivos específicos derívanse persoas ás asociacións ou fundacións máis especializadas e que contan con orientadores/as laborais que poden realizarlles un seguemento máis indicado á súa condición específica. Para isto efectúase un traslado de datos dende a propia oficina de emprego.
- Persoas con Discapacidade: FAFES, COGAMI, FADEMG, A. XORDOS...segúns o tipo de discapacidade.
- Poboación Xitana: Fundación Secretariado Xitano

Á poboación inmigrante préstaselle un servizo fundamentalmente de información. Con respecto aos inmigrantes retornados, que son os que máis acoden ao servizo, os principais obstáculos son: a idade, a capacitación laboral e a falta de motivación. Á poboación de orixe sudamericana, principalmente colombiana, de xénero feminino non ten dificultades para atopar traballo no sector servizos ou como empregadas do fogar. A poboación de orixe africana, acode pouco a este servizo, e os que acuden son moi novos, sen cualificación, sen experiencia... A maior parte adícanse fundamentalmente á venda ambulante e non requiren do servizo.

As posibilidades de inserción son limitadas. Sempre se solicitan resultados e % de ocupabilidade media nos cursos ofertados, pero a

verdade é que moitas veces a ocupabilidade é nula (por exemplo, nun curso de formación de panadeiro, os usuarios pensan que é para despachar o pan, pero o posto é para traballar facendo pan, cunhas condicións laborais que finalmente a ninguén lle interesan - de noite, con unha retribución escasa...-).

Os cursos ocupacionais garanten só máis oportunidades para atopar un traballo, é dicir, facilitan moito a entrada no mercado laboral, pero non existe unha relación directa causa-efecto entre a realización dun curso e a consecución dun traballo.

Os servizos do departamento de Orientación laboral do servizo de Emprego atenden demandas concretas e complementariamente prestan información sobre emprego, traballo, contrato, tentando que os/as demandantes de emprego se empeñen na busca e/ou formación ocupacional máis adaptada aos seus intereses, realizando, segundo se poida, un seguemento da busca activa de emprego.

Ofértanse tamén cursos de formación ocupacional e programas específicos de inserción:

- Cursos FIP
- Programa EURES: programa transfronterizo norte Galiza e Portugal. Formación retribuída. Nivel de ocupabilidade moi limitada.
- Programa SIPIS, dirixido a mulleres: o traballo neste programa dende Orientación laboral, tradúcese nunhas fichas de seguemento trala sinatura do compromiso para realizar a acción formativa. Ofrécese a posibilidade de compatibilizar con busca activa de emprego. Realízase unha titorización e seguemento das actividades de busca activa de emprego tentando conseguir a responsabilidade

da demandate de emprego no itinerario (moitas veces atópase co obstáculo da falta de habilidades laborais e/ou sociais das persoas inscritas no programa)

- Programa Muller porque si

O servizo de emprego tramita tamén as axudas por desemprego.

Respecto do papel que puidera xogar o Plan Comunitario na inserción laboral, incide na importancia da busca de conexión e establecemento de nexos para traballar conxuntamente.

Primeiramente faría falta realizar unha tarefa de coñecemento mutuo dos recursos.

Coñece o funcionamento do Comité técnico ao que foi convidada en ocasión e afirma que é complicado ás veces poder asistir ás xuntanzas, aínda que valora positivamente esta maneira coordinada de facer as cousas.

6.2 As cifras do mercado laboral en Teis

Imos ver agora que nos din as cifras a respecto do mercado laboral en Teis. Segundo as fontes secundarias, se ben o número de poboación activa en Vigo corresponde a 171.399 personas, un 57.7% da poboación, en Teis a poboación ocupada segundo a Tesoureiría da Seguridade Social ascende a 8.391, que sumada aos rexistros do INEM de 2.200 personas desempregadas supón unha poboación activa de 10.591, o que representa una taxa de actividade dun 35,97%.

| Incidencia do desemprego, outubro 2007 | Teis | Vigo |
|--|--------|--------|
| Total persoas desempregadas | 2.200 | 17.919 |
| Mulleres desempregadas | 1.365 | 11.429 |
| Homes desempregados | 835 | 6.490 |
| % Mulleres desempregadas | 62,05% | 63,78% |
| % Homes desempregados | 37,94% | 36,21% |
| Persoas desempregadas menores de 25 anos | 13,94% | 9,14% |
| Persoas desempregadas de entre 26 e 45 anos | 38,1% | 90,86% |
| Persoas desempregadas maiores de 45 anos | 47,94% | |

Datos de persoas desempregadas da *Consellería de Traballo* (outubro 2007) e datos de persoas afiliadas por rexímenes á *Tesoureiría xeral da Seguridade Social* (novembro 2007).

A taxa de paro en Vigo sitúase nun 10,45%, mentres que para Teis o cálculo ascende ao 20,77%. Teis presenta unha taxa de actividade económica 20 puntos inferior á media municipal e unha taxa de paro que duplica ao resto do conxunto de Vigo.

| Desemprego por sectores de actividade | Teis | | Vigo | |
|---------------------------------------|-------|--------|--------|--------|
| Sector primario | 41 | 1.86% | 341 | 1.9% |
| Servizos | 1.354 | 61.54% | 10.786 | 60.19% |
| Industria | 352 | 6,00% | 3.072 | 6.39% |
| Construción | 132 | 16,00% | 1.146 | 17.14% |
| Sen emprego anterior | 321 | 14.59% | 2.574 | 14.36% |
| Total | 2.200 | 100% | 17.919 | 100% |

En termos comparativos, destaca a baixa porcentaxe de paro no sector industrial, inferior á media municipal. Estes datos reforzan o marcado carácter industrial do barrio ao mesmo tempo que descubren o déficit de oferta laboral no sector servizos.

En termos de evolución destaca o aumento do paro, con respecto a períodos anteriores, dentro do sector da construción.

Pola súa banda, os datos recabados a partir a enquisa realizada a unha mostra representativa da poboación, son os que expoñemos a continuación. A taxa de actividade mide a porcentaxe de poboación activa (persoas ocupadas e persoas que buscan un emprego) a respecto da poboación total. No caso de Teis a taxa de actividade é do 53,42%. Se calculamos esta taxa para cada xénero, obtemos que o resultado é moito menor no caso das mulleres que no dos homes. Para as primeiras a taxa de actividade é do 48,5%, mentres que para os segundos acada un valor de 58,81%.

Respecto do desemprego, a taxa total (número de desempregados en relación á poboación activa) é do 14,84%. A taxa de desemprego das mulleres é do 16,99%. A dos homes ascende ao 12,89%.

Se nos aproximamos ás diferentes relacións coa actividade, as porcentaxes son: o 45,8% das persoas atópase ocupada e un 8% en situación de desemprego, incluíndo nesta categoría os/as que buscan o primeiro emprego (1,6%) e os/as que xa traballaron antes (6,4%). Os grupos de persoas xubiladas e pensionistas representan respectivamente o 11,6% e o 9,1% o que en conxunto suma o 20,5% do total. O grupo do estudiantado representa o 17,6% e o de amas/os de casa só o 6%.

Se enfocamos diferenciadamente cada xénero destacan tres datos: 1) No grupo de homes os ocupados son o 51,2% fronte o 40,3% de ocupadas no grupo de mulleres. 2) No grupo de homes os estudantes son o 19,9% fronte ao 15,5% de estudantes no grupo de mulleres. 3) No grupo de homes os amos de casa son só un insignificante 0,2% fronte ao 11,2% de mulleres amas de casa.

Partindo do grupo de ocupados/as e persoas paradas que xa traballaran antes, temos unha estrutura de ocupacións, profesións ou oficios na que predominan as categorías de construción, industria, minería e transportes (27,8 %), Hostalería, servizos persoais, de protección e seguridade (18,8%) e de Profesionais, técnicos/as e similares (18,3%). As categorías de Servizos administrativos (empresa e Admón. Pública) e Comercio representan respectivamente o 10,9 % e o 10,3%. Directivos e xerentes da Admón. Pública e de empresas representan o 4,2% e o grupo de Peóns e traballadores/as non especializados o 5,4%.

Os homes son maioritarios nas seguintes ocupacións: construción, industria, minería e transportes (82,1%), agricultura, gandería, silvicultura, pesca e caza (63,2%). As mulleres son maioritarias en Hostalería, servizos persoais, de protección e seguridade (73,7%), Comercio (63%) e Servizos administrativos (empresa e admón. pública) (60%). Noutras ocupacións as porcentaxes están máis igualadas; así, os homes son lixeiramente maioritarios nas categorías de Profesionais, técnicos/as e similares (53,3%) e Directivos/as e xerentes da Admón. Pública e de empresas (52,4%). Na categoría de Peóns e traballadores/as non especializados/as existe igualdade nas porcentaxes entre homes e mulleres.

Na análise da situación profesional das persoas que na pregunta relativa á actividade responderon Ocupado/a e Outra situación, observase un claro predominio da categoría Asalariado/a con contrato indefinido (54,2%). Os/as asalariados/as con contrato temporal ou homólogo representan o 27,3%. Conxuntamente, as persoas asalariadas constitúen o 81,5% do total de persoas Ocupadas/outra situación. A categoría de Empresario/a, profesional ou autónomo/a que non emprega persoal supón un 7,2% mentres a categoría de

Empresario/a, profesional ou autónomo/a que emprega persoal representa un 3,3% do total.

A porcentaxe de persoas que desenvolven algún tipo de traballo sen contrato para un particular ou empresa é do 1,7%. Finalmente, as persoas que declaran estar noutra situación diferente ás anteriores ascende ao 5,9%.

As mulleres son maioritarias nas categorías de maior precariedade: o 54,8% na situación profesional de Asalariado/a con contrato temporal ou homólogos e o 75% na de Traballo sen contrato para outra persoa ou empresa. No grupo de homes o 58,6% son asalariados con contrato indefinido e o 23,4% asalariados con contrato temporal ou homólogo. No grupo de mulleres as asalariadas con contrato indefinido son o 49,3% e con contrato temporal ou homólogo o 31,8%.

No 63,6% dos fogares hai máis dunha persoa que achega ingresos. A categoría maioritaria é de 2 contribuíntes por fogar co 41,5%, seguida da categoría de 1 contribuínte (36,4%), de 3 contribuíntes (16,5%) e de 4 contribuíntes (5,1%).

Se tomamos como referencia os ingresos familiares mensuais medios en Galicia, segundo o IGE ascendían en 2006 a 1.793 euros. Considérase que están por debaixo do limiar da pobreza aquelas familias que non chegan á metade destes ingresos medios. Seguindo os datos que nos ofrece a enquisa, e incluíndo os intervalos de ingresos de ata 900 euros ao mes (a metade do ingreso medio galego é de 896,5), obtemos que o 29,3% da poboación de Teis atópase baixo o limiar da pobreza.

Nos intervalos de ingresos de 901-1200 e 1201-1800 están representados o 42,9% dos fogares (22,7% no primeiro e 20,2% no

segundo). Os fogares que teñen ingresos de entre 1801 e 2400 son o 14,6% e os que superan os 2400 representan o 13,1%.

7 Habitabilidade

As cuestións relativas á calidade urbana e ao medio ambiente son un tema de preocupación central para as diferentes asociacións que conforman o Plan Comunitario e tamén para os veciños e veciñas con quen se traballou nas audicións e grupo nominal.

Son moitos os datos que temos recollido neste ámbito: nas reunións de participación, nas audicións e na propia enquisa realizada. O contexto de elaboración dun novo plan de urbanismo para Vigo e da proposta de dito plan de modificar unha parte importante da ordenación de Teis inflúe tamén na centralidade do debate público sobre esta dimensión da calidade de vida.

Teis sitúase na cara leste da cidade de Vigo, extendéndose, dende a ladeira do monte da Madroa ata Redondela e as parroquias de San Xoán de Monte e Candeán. Os seus límites abranguen a zona costeira comprendida entre Arealonga (Redondela) e a zona de Guixar (próximo ao centro da cidade). Teis converteuse nunha área suburbana onde se mantén un sistema de asentamento rururbano con actividades urbanas intercaladas, pero totalmente integrado na cidade.

A proximidade de Teis á ría manifestou a súa importancia como foco industrial onde naceron as primeiras fábricas conserveiras na zona da Guía. Esta integración na cidade ten a súa orixe no desenvolvemento industrial ao longo do século XX. A configuración do espazo urbano xurdiu coa creación da rede de tranvías que circularon desde 1914 para unir os lugares de maior crecemento co centro da cidade. Neste sentido trazouse unha liña que enlazaba o centro de Vigo con Teis e Chapela.

Teis deixou de ser unha unidade territorial uniforme; a parroquia San Salvador de Teis sofre, pola súa situación estratéxica na cidade, unha desestructuración contínua, fragmentándose e dividíndose nas 6 parroquias que actualmente ten.

Teis é un barrio 'de aluvión'. Recibiu moitísima poboación foránea. Viu incrementado o seu número de habitantes nun corto período de tempo. Xenerouse un desenvolvemento urbanístico acelerado e desordeado para dar cabida a toda esa poboación foránea que chegaba polo momento de medre económico que se estaba a vivir na comarca de Vigo.

Medrou, polo tanto, sen planificación, con carencias de servizos e equipamentos que se vén acrecentadas polo medre de poboación. Créanse núcleos de asentamento para os novos veciños e veciñas, en vivendas levantadas ás espaldas dos asentamentos tradicionais do barrio, que eran vivendas unifamiliares, desintegradas e diferenciadas do resto.

Ao mesmo tempo, o desenvolvemento do conxunto da cidade e a posición de Teis na súa entrada leva consigo unha sobreesaturación de infraestruturas nun espazo físico moi reducido: rede viaria da cidade, dúas liñas férreas, dúas autoestradas, liñas de alta tensión, nun espazo de 5,8 Km²). O trazado destas infraestruturas realiza unha partición horizontal do barrio, marcando artificialmente as zonas: zona de asentamentos tradicionais e zona urbana sen transversalidade algunha.

As características máis problemáticas da trama urbana son:

- Ubicación do equipo dotacional de servizos da cidade

- Vías deficientes
- Mala accesibilidade
- Concentración de vivendas sociais
- Grandes bolsas de solo sen urbanizar
- Desequilibrio construtivo, con calificacións urbanísticas incompatibles
- Coa reconversión, abandono de fábricas e deterioro do contorno

Pola súa banda, a trama tradicional presenta os seguintes problemas:

- Falta de transversalidade
- Dificultade de comunicación
- Inaccesibilidade aos servizos e dotacións
- Zonas insalvables urbanisticamente: falta de desenvolvemento urbanístico, moitas construcións ilegais, moitos túneles, barreiras e pasos soterrados e grandes espazos descoidados ou abandonados

7.1 O plan de urbanismo como contexto activador da reflexión

“... O urbanismo hoxe en Teis é o problema mais grave que existe, porque o novo Plan de Urbanismo o que prevé é unha transformación radical do barrio, é dicir que o que sería o Teis do rural, o Teis levado máis ala do extrarradio, deixará de ser rural se o plan vai adiante (...) e as propiedades da xente serán afectadas directamente polo planeamento, en zonas onde hai unha dispersión xeográfica e hai moita vivenda unifamiliar pasarán a ser concentracións de vivendas de 6 alturas...” (Audición. Varón 34 anos. Zona Rios).

'Se nos levan as casas, que nos dean dúas casiñas para alá para Cacharela. Pero eles para alá non queren, como teñen os pantaláns alí, para os gordos, para os que teñen cartos, para os chupóns...' (Audición. Muller 76 anos. Zona Chumba)

En concreto, a respecto do impacto negativo que o plan ten sobre o barrio, sinálanse as seguintes cuestións:

- Perda de calidade de vida: é peor vivir nun piso que nunha casa. *'Nos queren levar as casas e meternos en jaulitas. (...) Aquí a xente non está en contra do plan xeral, aquí a xente o que quere é unha casa como a que ten coa súa finca, non quere cartos, porque teñen a súa vida aí e se as metes nun piso morren, e eu tamén, eh.'* (Audición. Muller 50 anos. Zona Chumba)
- Desarraigo, mudanza nas relacións de veciñanza e nos hábitos sociais.
- Perda da relación co mar e coa terra. *'Se quero collo un cacho de tortilla e pñoome a comelo aí fóra, na banquetta, e se te levan*

para un piso, ¿que miras? Bueno home! Ademais aquí o que temos é o mar. Non hai cartos que paguen o que teño. Hai xente que traballa o campo, pranta cousas... este é un sitio moi bonito, aquí teñen que edificar. Algo teñen que facer porque hai moita casa vacía, as cousas como son, pero nesta zona casas de máis de dous ou tres pisos non, porque é unha zona moi bonita mirando cara o mar.' (Audición. Muller 50 anos. Zona Chumba)

- Exisencias de mantemento que teñen os pisos, fronte ás casas, que para a poboación maior pode constituír un problema económico *'Haberá xente, moitos anciáns, que viven na súa casa de toda a vida (...) pois resulta que os quitas desa casa, lle das un piso, que teñen que pagar unha comunidade, que ao mellor os seus ingresos non son os mais adecuados'*. (Audición. Varón 34 anos. Zona Rios).
- Mala previsión e planificación: sobrecarga poboacional en relación ás infraestruturas existentes. *'Ao facer Sanjurxo Badía peatonal, fan un vial de 18 metros pero é que Teis vai duplicar a poboación, porque van facer moitas vivendas, e ao facer tanta vivenda te vas atopar con que a xente de tanta vivenda necesita unha mobilidade'*. (Audición. Varón 34 anos. Zona Rios)

7.2 Problemas de habitabilidade en Teis: ¿que nos contan os veciños e veciñas?

Ademais dos detalles concretos sobre o impacto do plan, sinálanse nas audicións e espazos deliberativos outros problemas de habitabilidade.

Un deles é que Teis está partillado polas grandes infraestruturas de acceso á cidade de Vigo.

'Aquí estamos sacrificados polas 2 autovías: pola autoestrada, pola vía do tren e pola estrada a Pontevedra. A traída de augas, todo. Todo en Teis está como se fora ...esta coma nunha sepultura e aínda queren traer máis'. (Audición. Varón 72 anos. Zona Paradela).

Outro tamén contrastado por varias fontes é o abandono en cuestións de asfaltado, alcantarillado, etc.

'Xa barrio a barrio, subdividese en varios barrios, digamos, eu creo que están bastante abandonados, particularmente o noso, toda a zona da Madroa, a Paradela, por riba de bomberos, levamos particularmente, eu teño 29 anos, e non me acordo xa a última vez que pasaron a asfaltar o camiño, eu sei que truxeron o alcantarillado, a auga e abriron unha zanja no medio, a zanja segue no medio, mal asfaltada, fatal, está moi abandonado.' (Audición. Varón 29 anos. Zona Paradela)

Chama a atención dos veciños e veciñas a desorde urbanística: de forma individual existe indisciplina e prácticas non legais, e da parte do concello, que ten a competencia na planificación, déixase facer e despois intervénse de forma non respectuosa co medio.

'Existe unha dobre moral; a nivel individual o 'cambio de tella' é como a excusa para levantar catro pisos e cada un fai o que lle dá a gana. No rural non hai presenza nin control legal algún por parte das institucións públicas, mesmo cando se fai unha denuncia administrativa, iso non vai adiante se antes non se ten un avogado con cartos por diante. Isto repítese ao longo do litoral. Por outra banda a nivel xeral están os plans xerais de urbanismo para restaurar ou rehabilitar zonas que previamente, durante 10-15 anos, deixaron deprimir os organismos públicos; isto tamén acontece no monte, primeiro o deixan deprimir e logo o converten en urbanizable. Isto é o que hai que evitar que pase nos montes periféricos de Vigo xa que é unha parte do pastel moi apetecible. Esta dobre moral ten repercusión negativa para o medio ambiente.' (Audición. Varón 35 anos. Zona Traída de augas)

'En la prensa venía que la construcción era ilegal, lo decía Chema

Figueroa, y decía que la tirarían, que no se que...bueno, pues eso lo decían en el 2006 en febrero, pues adosaron 500 mtrs. más de lo que había... por si se lo tiraban (...) Y entonces , ahí no solo están las edificaciones mal construídas, sino que edifican más con grúas... y nada, esto lo arreglan los políticos.'(Audición. Muller 74 anos. Zona Chumba)

Outro dos problemas sentidos é a destrución do patrimonio natural, sobre todo do patrimonio litoral.

'...Por iso imos facer centros comerciais para que a xente se entreteña, pero é que en Teis non deixaron unha sola praia, en Teis en todas as zonas de praia están facendo portos deportivos (...) e chega o veraán e a xente busca mobilidade, a xente vai buscar ir á praia e, ¿a onde vai á praia? Se a praia da Punta da o que ten e xa a están cercando"' (Audición. Varón 34 anos. Zona Rios).

'Se houbera praia para que o mar traballara na praia., pero aquí agora non hai. Aquel paseo que se fixo ata a base, por onde foi a manifestación, aí non se pode facer un paseo , aí era praia, e a praia agora cando sube o mar, nas mareas vivas, non queda paraia e entonces o mar traballa no espigón, e entonces todo o leva, porque aí era onde traballaba o mar. (...) En Guixar chegaba o mar a Guixar á carretera mesmo. No ano 40 eu anduben ao mar alí, e, onde está a CAMPSA, ata alí chegaba o mar, onde está o ferrocarril, na vía de abaixo, alí chegaba o mar. Mira a onde chegaron, que aínda non lle chega...e queren máis. E o paseo para os pobres, para os obreiros... ¿Ti cres que hai dereito a que o Areal non teña un paseo, que desde a Punta a Samil non haxa unha zona verde, para o pueblo, polo que lle comeron?'. (Audición. Varón 80 anos. Zona Chumba)

Ademais das audicións, tamén no grupo nominal realizado en marzo de 2007 con participación de persoas das asociacións Voces polo Litoral e Grupo San Pablo, se insistiu na problemática urbanística e ambiental sinalando problemas coa conservación do litoral, falta de

parques e zonas verdes, alto volume de tráfico, escaso alumado nalgunhas zonas, malas condicións dos camiños. Neste grupo propuxéronse as seguintes medidas para atallar esta problemática:

- Cumprimento da legalidade,
- Esixencia da cidadanía do cumprimento da legalidade. Debera haber espazos publicitarios públicos onde acoller denuncias dos cidadáns.
- Coñecemento cidadan do medio: é importante facer actividades para coñecer o medio para conseguir que a xente se implique na súa defensa
- Concienciación dos cidadans coa participación. Neste punto faise a distinción entre “informar /manipular” insistindo na importancia da información non manipulada. Sinálase a importancia da comunicación persoa a persoa, de contar con canles de comunicación e da propia educación desde cativos.
- Establecer canles de participación colectiva. Relación recíproca administración /cidadans.
- Preferencia do interese xeral por riba de implicacións políticas.
- Participación activa da poboación nos proxectos de desenvolvemento municipal dende o principio (contar coa opinión dos veciños dende o deseño)
- Contar con partidas presupostarias para a recuperación tanto do litoral como dos montes.

Tal como recollimos no inicio deste informe, o primeiro GAP tamén trazou os problemas de habitabilidade, subliñando a ubicación golosa

do barrio, o feito de ser entrada e saída da cidade e a perda de interese polos espazos naturais.

Outro capítulo referente á habitabilidade o constitúen as reflexións e demandas de infraestruturas e servizos. Moitas das audicións céntranse neste tipo de problemáticas, que teñen que ver coa auga, a recollida de lixo, a limpeza dos camiños, a seguridade vial, o transporte público ou as dotacións de parques.

'A autopista fíxonos moito dano. As voladuras, viñánche e diciánche que tiñas que sair, había que marchar e deixar todo, e ao mellor había varias explosións nun día. O barrio quedou moi mal. Quedamos sen auga. Baixa a auga da madroa, pero lebáronna dous señores para esas casas de arriba.. canalizaronna para aí, a que está no pilón, esa sra é a que leva o de afectados da asociación, e nos non cobramos. Aquí arriba quedouse de facer un embalse para os veciños, e ese embalse nunca chegou. Téñennos completamente incomunicados. Se se nos cae un boton temos que ir ou ao carrefour ou aos caños, porque aquí non hai nada. Non te podes olvidar dunha agulla, nin dun dente de allo se queres facer comida.(...) O autobús que podía vir por aquí, non nolo admiten porque din que alí arriba na curva que non pasa, pasar pasa o que pasa e que os propietarios non deixan. Pois que obliquen para ter un servizo, porque nós temos que ir alí abaixo e pasanos un autobús cada hora para vigo. O 3 e o 10 se queres ir á casa do mar pásache de hora en hora , pasache ás e 10, quitáronnos o 13 e agora ..., para o centro e todo iso temos o 10. E o outro, tes que facer un percorrido, tes que ir á Encarnación, e dar a volta...estamos moi mal.(...).O bús do Poulo, podía pasar por aquí, que pase un autobús por aquí, que somos todos vellos'. (Audición. Muller 76 anos. Zona Camiño Vello).

'Os accesos estan como no seculo XVI. Eu non nacín aquí. Estou aquí desde o ano 59, pero xa se pode dicir que son aquí, pero eu nacín en Vigo.'(Audición. muller 74 anos. Zona Chumba)

'Estamos moi cerca de Chapela, ou sexa de Redondela, e casi nos era

mellor a nós ser cidadanos de Redondela, (o digo por mín) que pagaría menos impostos e en cambio servizos tería os mesmos ou mellores. Por exemplo, a recollida da basura (do lixo que lle chaman) houbo unha época que non nola cobraban, porque por aquí non podía vir o camión, pero despois viñeron outros listos ao concello, e dixeron: “sí, imos cobrarlles o 50%” e cobraron o 50 . A nós cóbrannos pola recollida do lixo, un servizo que a nós non nos prestan, eu para levar as bolsas do lixo teño que andar 200 e pico de metros, eu con 74 anos e unha bolsa, no creo que el politico mandara a su madre ni a su padre llevar una bolsa a 200 y pico de metros. (...) Por aquí pasa un camión do butano; Pois que traian un camión mais pequeno e se non que veñan cunha carretilla, pero xa que cobran o servizo que o presten’. (Audición. muller 74 anos. Zona Chumba)

‘(...) O alumeado e o lixo ben, antes non o tiñamos e debe haber 5-6 anos que nolo puxeron’ (Audición. Muller 76 anos. Zona Camiño Vello).

“O alumeado, aquí esta bastante ben. Pero os barrendeiros, nada, a merda dos cans vas por aí...” (Audición. muller 74 anos. Zona Chumba)

‘La finca de la Riouxa no le sacan todo el lucro que podrían sacarle. Una finca espléndida como hay ahí. Hay un horreo que está ahí hace años y cuando pasó a ser del ayuntamiento, le cayeron ahí unas piedras... pues... crees que se las repararon... un horreo precioso... no, están sin reparar... las piedras hasta las debieron de robar... pues nada, es mobiliario del ayuntamiento pero el ayuntamiento se afeita para arriba... lo que debieran es de ver y repararlo... y eso lo ve todo el mundo. Hubo una época en que yo dirigía eso de la Riouxa y me da pena, un horreo que tiene mucho valor... bueno no vamos a hablar de cosas... una playa que hicieron aquí que era una preciosidad, que hasta se bebía porque había unos manantiales de agua dulce... creo que cuando estaba Manuel Pérez de alcalde hicieron la depuradora, y claro para hacer la depuradora hicieron un relleno grande que dijo Cuiñas... “aquí vamos a hacer un parque infantil para Teis”; hicieron una mierda, total para aparcar coches y el parque quedó sin hacer... Invitaran a la gente de aquí a sardinas... le taparon las narices para

que no oliesen la depuradora, y la gente de aquí picó y ahí está la depuradora... y la playa, hicieron una playa artificial... una mierda de playa... que la gente ya va a Chapela a la playa... Las playas que hay son más o menos las que había antes. Quizás la de Rios cojieron un poco, pero por lo demás estaban como están ahora, solo que aquí hicieron relleno, rellenaron al mar que fue donde hicieron ahora estas edificaciones... Astinor, o algo así'. (Audición. muller 74 anos. Zona Chumba)

'Aquí uns columpios para os chabales, un parque viría de marabilla. Os gamberros tamén romperon os bancos que había pola Traida de Augas, onde se sentaba a xente que anda a andar. Porque hai que ir á R/ Buenos Aires se queres levar aos netos ao parque' (Audición. Muller 76 anos. Zona Camiño Vello).

'Alá arriba non temos para os nenos pequenos un parque para que disfruten os chavales, non temos nada, ou sexa é un barrio que hai chavales que non se ven, porque non hai un lugar onde xuntarse a xente. Y bueno, también faría falta algo así deportivo para os chavales, porque tienen el colegio Paraixal allí, yo cuando era pequeño cerraban el colegio por las tardes, y tenías que saltar dentro jugar y tal y luego venía el conserje y nos echaba la bronca y nos echaba fuera, ahora y hace bastante tiempo que no bajo al colegio y no se si lo abren por las tardes, yo creo que si porque hay actividades extraescolares, pero después llega el fin de semana y es cuando lo cierran y los chavales aquí ¿sabes? No tienen cancha de fútbol ni nada' (Audición. Varón 29 anos. Zona Paradela · 14/2/07)

'O autobús mal. Non hai, porque aquí sabes o que pasa, antes cando estaba Portané viñan os autobuses ás Catro Pontes, iba á Garrida, iba a Candeán iban ao Meixoeiro... Que poñan polo menos un autobús pola mañán para as criaturas que teñen que ir ao Meixoeiro; que teñen que ir aos Caños a coller un autobús e despois coller outro. Que veñan por aquí e van pola Encarnación, como fan os vitrasas e recollenos por aquí... é triste que eu tardo menos para ir a Pontevedra que para ir ao Meixoeiro (a Pontevedra media hora e ao Meixoeiro dúas horas), que era máis fácil que pasaran por

aquí, polo menos de 2 en 2 horas, as horas do colexio, collían a Travesía de Vigo, subían por Cabral e non tiña a xente que dar toda a volta' (Audición. Muller 76 anos. Zona Chumba)

Tamén se mencionan este tipo de problemáticas nas diferentes reunións:

- Falta dunha vía con capacidade
- Barreiras arquitectónicas
- Malos saneamentos
- Falta de parques e zonas verdes
- Escaseza de alumado público
- Pobre mantemento dos camiños.
- Escasos servizos recreativo-educativos para os mais cativos
- Alto volume de tráfico
- Infrecuentes e insuficientes medios de transporte público
- Falta de centros sociais, culturais, cívicos

Entre as propostas que se fan nestes espazos de participación están as seguintes:

- Mais frecuencia de transporte urban que sexa asequible e adaptado
- Evitar o tránsito de camiós polo Barrio.
- Esixir a conversión da autoestrada Rande-Puxeiros en vial urbano

con saídas e entradas ao Barrio (transversalidade)

- Creación do tren de cercanías en lugar do AVE. Apeadeiros do tren no Barrio
- Transporte público e transporte público adaptado

7.3 Problemas de habitabilidade en Teis: ¿que datos nos achega a enquisa?

Pasamos agora a analizar a información que nos ofrece a enquisa respecto da habitabilidade. Para analizar a calidade do espazo e das relacións que nel se dan, tomamos as problemáticas de mobilidade en primeiro lugar, chegando á conclusión clara de que existen grandes deficiencias neste eido.

Efectivamente, arredor de 2 de cada 3 persoas declara ter problemas de mobilidade en beirarrúas (69%), tráfico perigoso (68,1%) e pavimento en mal estado (66%). Cerca da metade di ter dificultades en costas ou pendentes (41,7%) e pasos estreitos (46%). Un 16% sinala como problemáticas para a súa mobilidade algún tipo de escaleiras.

As persoas que padecen algún tipo de minusvalía física, psíquica ou que teñen mobilidade reducida padecen especialmente os problemas de mala pavimentación, ausencia de beirarrúas, tráfico pesado e as costas.

O conxunto das persoas enquisadas tamén sinalan outras problemáticas relacionadas co alumeado, os accesos, a salubridade, o tráfico, os aparcadoiros, barreiras arquitectónicas, e falla de equipamentos.

Por zonas, é a zona 3 a que presenta peores valores, salvo nas referencias ao tráfico, que son similares en todo Teis.

Aínda que todos os aspectos anteriores fan referencia á mobilidade a pe polo barrio, é de destacar como resultado da enquisa o maioritario uso do coche como medio de transporte: é o medio máis utilizado para o 47,6% das persoas enquisadas. Unha de cada catro (26,4%) sinala o autobús como medio máis utilizado, e case un quinto dos/as enquisados/as declara non utilizar ningún medio de transporte.

Un 83,7% das vivendas teñen cando menos un automóbil ou furgoneta, mentres que só o 16,3% das vivendas non conta con vehículo a motor.

Este uso maioritario do coche privado contrasta coa cercanía das tres principais actividades:

- O lugar de traballo: o 13,7% das persoas que traballan o fan no propio barrio de Teis, e o 59,7% noutros lugares de Vigo.
- O centro de ensino: o 48,5% das persoas que estudan van andando ao seu centro de ensino.
- A compra diaria e semanal: o 63,8% das unidades domésticas realizan a compra diaria no barrio, e o 45,5% realizan a compra semanal en Teis.

Medíronse outros factores para dar conta da habitabilidade e calidade de vida no barrio. Ordenámoslos aquí en función do grao en que afectan negativamente ás persoas. Así, os problemas sinalados con maior gravidade son a sucidade nos espazos públicos, o tráfico, os aparcadoiros e a carencia de servizos. En todos eles, as porcentaxes

de persoas que declaran que lles afecta negativamente algo ou moito oscilan entre o 61 e o 78%.

En torno á metade das persoas vense afectadas negativamente polo tráfico, os aparcadoiros e a suciedade nos espazos públicos. Con valores de entre o 40% e o 49% aproximadamente atópanse problemas como a drogadicción, a contaminación, os ruídos, estragos de rúas e edificios e, en último lugar, a delincuencia e inseguridade.

No fenómeno da conflitividade con xente do barrio, só o 15,1% declara que lle afecta *algo* ou *moito* mentres o 84,9% declara que non lle afecta *nada*.

Os fenómenos presentan algunhas diferencias por zonas, pero en xeral os valores son bastante xerais ao conxunto do barrio. Recollemos a continuación algúns outros problemas específicos sinalados en cada zona:

- Zona1: abandono de fincas, acumulación de rastroxos e chatarra, a falta de espazos de encontro (prazas e parques), limpeza de contedores, etc.
- Zona 2: contaminación da ría e praia, falta de parques e zonas de paseo, pouca seguridade cidadá e problemas de limpeza das rúas, entre outras.
- Zona 3: inundacións e roturas de tuberías, poucos espazos verdes, ausencia de alumado e falta de contedores.
- Zona 4: en xeral a limpeza das rúas, contaminación, ruídos procedentes do Porto, escasa dinamización do comercio local, malas comunicacións, etc.

8 Avaliación dos servizos públicos

Na avaliación da dotación de equipamentos e servizos contamos con datos da enquisa e os achegados polas técnicas cualitativas e participativas.

Nos espazos de participación facíase mención aos seguintes aspectos:

- Carencias de centros de día e residencias para maiores
- Precísase potenciar a interrelación entre xeracións, por exemplo entre cativos e maiores
- Faltan puntos de encontro que favorezan as redes sociais, espazos agradables onde estar e compartir. Falta de centros sociais, culturais, cívicos.
- As mulleres inmigrantes indican que nalgúns servizos existe discriminación no trato, en función da orixe nacional
- No ámbito da saúde sinálanse listas de espera excesivas en xinecoloxía así como indeficiencias no trato e a atención.
- Escasos servizos recreativo-educativos para a infancia
- Desaproveitamento dos colexios fóra do horario lectivo

Na enquisa recollimos aspectos sobre os equipamentos. O máis utilizado pola veciñanza de Teis é o Centro de Saúde (80%). Outros equipamentos tamén abertos ao conxunto da poboación, como a Piscina e o Centro Cívico son utilizados respectivamente polo 29,8% e

polo 30,4%. A oficina de emprego é utilizada polo 38,7%. As escolas infantís (7,1%), a UBAS- Unidade Básica de Atención Social- (18,1%) e os centros educativos (24,5%), son utilizadas por unhas porcentaxes menores, algo lóxico na medida na que se dirixen a un perfil máis acoutado de poboación.

Respecto da valoración destes servizos, os mellor valorados son os equipamentos educativos, tanto á escola infantil (media do 4,52 sobre 5) como os centros de ensino (media de 4,09 sobre 5). A boa valoración dos centros educativos tamén se reflectiu nalgunha audición.

'A nivel educacional yo creo que si que estamos dotados de buenos colegios y buenos institutos, en los Rosales II, yo estudie ahí, para mi a nivel público es el mejor instituto de Vigo , vamos a decir, cuando yo estaba estudiando, el nivel de profesorado es muy bueno, pero buenísimo, yo salí con un nivel buenísimo , digamos yo estudié económicas y a nivel de matemáticas yo salí con un nivel alto y no era, digamos, un buen estudiante' (Audición. Varón 29 anos. Zona Paradela)

A UBAS, o Centro Cívico, a piscina e o centro de saúde presentan puntuacións tamén positivas, de entre un 3,99 e un 3,78. A máis baixa valoración é para a oficina de emprego, onde as persoa usuarias outorgan unha media de 2,99 nunha escala do 1 ao 5.

Temos, polo tanto, bos valores en xeral para os equipamentos e malos valores para a calidade do espazo urbano sobre todo no que atinxe á mobilidade, deterioro do espazo, ruído ou contaminación e nunha menor medida a problemáticas sociais de drogadicción ou delincuencia.

Finalmente, tamén nas audicións se recollen algunhas reflexións sobre os equipamentos e servizos públicos, así como a súa influencia

na calidade de vida comunitaria:

' Ahora en mi barrio es difícilísimo ver a la gente (...) antes era la única tienda del barrio y bajaban y te relacionabas con ellos y hablabas mas, pero ahora cada uno va haciendo su vida (...) mi madre me dice muchas veces “este barrio está muerto”, la verdad pasas un domingo o un sábado por ahí y sólo hay casas, no hay gente paseando por ahí, porque yo salgo con el perro a pasear por el monte y no te encuentras a nadie, cada uno en su casa, cada uno tiene su vida (...) local social no hay, nada, nada, está sólo la comunidad de montes' (Audición. Varón 29 anos. Zona Paradela)

'Volvemos al principio, los barrios muy abandonados, por la administración, todo promesas, yo se que antes la luz, no es por echarle flores a mi madre, pero la luz que tenemos ahora es gracias a mi madre, y a una señora Mucha, no sé si la conocéis, pues gracias a ellas porque se movieron muchísimo y luz pura, de la buena , de la naranja, y desde esas no recuerdo que hayan venido, hace un mes y pico vinieron ahí del ayuntamiento deben ser que están cerca las elecciones , prometiando “el oro y el moro”, limpiaron el barrio, quitaron las hiervas y tal, y dijeron que mañana asphaltamos, y estaba todo el mundo pendiente con el coche en los garajes y hasta hoy'.(Audición. Varón 29 anos. Zona Paradela)

9 Participación social

En xeral, existe un recoñecemento da activa vida asociativa do barrio ao mesmo tempo que se bota en falta unha maior participación e implicación da cidadanía. Outro dos elementos identificados como problemático é a falta de entendemento entre colectivos asociativos presentes no barrio. Nalgún caso vincúlase esta falta de entendemento coa lóxica de relación coa Administración e en particular coa lóxica das subvencións.

'A poboación só ten reaccións puntuais e viscerais en temas concretos, como por exemplo nas asembleas informativas sobre urbanismo, só teñen respostas individualistas, van a que lles resolvan os seus propios problemas. De todos os xeitos percívense pequenos avances como foi o caso da Guía onde a xente se xuntou por colectivos para argumentar unha defensa conxunta e máis comunitaria' (Audición. Varón 67 anos. Zona barrio das Flores)

As cuestións da participación social vense afectadas pola configuración do espazo público. Algunhas das opinións recollidas no estudo fan mención á carencia de espazos de encontro e espazos públicos de calidade, que favorezan a participación.

Tamén son importantes as experiencias históricas e os seus resultados.

'A nosotros el monte nos lo reventaron con autopistas, desde un principio se les pidió un falso túnel (...) o sea que nos reventaron el monte y está en el juzgado y no sé cuando saldrá el pleito. Hay un montón de casas agrietadas por los barrenos que metieron y nada, que no hacen las cosas bien. Para el tema ese la gente se unió, se reunieron mil veces hasta que un día llegaron los antidisturbios y la policía... La gente ya se achantó

bastante, empezaron a pedir el carné de identidad no sé que, lo típico' (Audición. Varón 29 anos. Zona Paradela)

Outras apreciacións fan referencia á falta de participación e implicación social sobre as cuestións públicas:

'En colegio San Salvador de Teis, la participación por parte de los padres es prácticamente nula quitando un grupo de padres que participa parece que no hay incentivos hacia el alumnado, así que los niños estudian porque hay que estudiar, no porque haya una conciencia de que haya que sacar unos beneficios, es decir hoy en día parece que si pagas vas a tener algo mejor (...) yo considero que tanto la educación como la sanidad son dos puntos primordiales en el barrio y están bastante descuidados, en cuanto a que no hay una involucración social por parte de la gente con el colegio y con la sanidad es más fácil pagar un médico de pago cuando lo que teníamos que hacer era protestar de alguna manera' (Audición. Varón 34 anos. Zona Rios).

A enquisa tamén nos ofrece algúns datos de interese sobre o nivel de participación asociativa. O 23% das unidades familiares ou convivenciais pertencen a unha asociación. As persoas residentes na zona 3, acadan unhas maiores porcentaxes (37,5%), mentres que na zona 2 o nivel de participación descende ata o 20%.

Por tipoloxías asociativas, a maior porcentaxe concéntrase nos colectivos veciñais (35%), sindicais (15%), culturais (15%) ou deportivas (12%).

O 64,7% non coñece o Plan Comunitario de Teis. O 35,3% si o coñece.

10 A xente nova no barrio de Teis

Desde o inicio da diagnose comunitaria formulouse a necesidade e o obxectivo de incorporar a participación da xente nova. No Plan comunitario non existía desde había tempo unha participación activa de ningún colectivo de persoas novas e poder activar a participación social da mocidade de Teis considerábase, por unha parte, unha oportunidade para enriquecer o proceso e, ao tempo, un obxectivo do mesmo.

10.1 Busca da implicación activa a través da linguaxe audiovisual

Inicialmente as canles que se formularon para despertar o interese da xente nova polo propio proceso de diagnose foron as linguaxes audiovisuais. O vídeo, a fotografía e a radio parecían boas ferramentas de expresión, que puideran permitir incorporar ao proceso a visión que a xente nova tiña do seu barrio.

Tendo en conta ademais que era positivo lanzar información á poboación sobre o propio feito de estar realizando a diagnose, artellouse a posibilidade de sacar un cartaz no que os mozos e mozas se prestaran a saír fotografiados. Organizouse, polo tanto, un casting.

CASTING FOTOGRÁFICO DIAGNOSE COMUNITARIA DE TEIS

Entre as moitas actividades que se están a levar a cabo para promover a participación cidadá neste proxecto, xurdiu a idea da realización dun casting para a futura selección dunha imaxe, a cal, podería converterse nunha representación abstracta da Diagnose Comunitaria. Para a foto elixiuse un rulo como protagonista imprescindible. O rulo representa o darlle voltas a un asunto,

tamén pode identificarse con él a perspectiva de xénero truncada, ou a finalidade última de rizar o rizo e insistir nunha cousa ata lograr comprendela.

Neste sentido, a proposta inicial é que os adolescentes participen activamente na Diagnose a través da elaboración do cartel, co que se consiga captar a atención do resto dos mozos e mozas do barrio.

Semella ser convinte a realización dunha actividade lúdica deste tipo, xa que a participación como imaxe no cartel, permitiríalles divertirse ao tempo que contribuirían de forma activa na diagnose e contemplarían os resultados a curto prazo na exposición deste polo barrio.

Ademais debese aclarar que esta actividade forma parte dunha serie de obradoiros cos que se pretende que adquiran os coñecementos básicos de fotografía e realización dun curto, nos que deixen reflectidas as súas opinións e sentimentos con respecto ao barrio implicándose deste xeito como parte activa do proceso da Diagnose.

Porque en ningún momento debe perderse a perspectiva de que todas as actividades que se están a realizar forman parte da Diagnose comunitaria, tendo como obxectivo a análise e o coñecemento dunha realidade sobre a que sen dúbida a poboación adolescente ten moito que dicir.

24 de xullo de 2007. Barrio de Teis, Vigo, local do Plan Comunitario

Obxectivo xeral: Fomentar a participación e implicación da poboación entre 14-18 anos na diagnose comunitaria.

Obxectivos específicos: Tentar que a poboación adolescente se sinta parte integrante do barrio empregando a súa imaxe no cartel. Coñecer a súa visión e opinión sobre o barrio, tendo en conta as súas suxestións. Acadar que participen indirectamente na diagnose, coñecer directamente cal é o motivo desta, que obxetivos ten, e por qué eles tamén forman parte. Fomentar cohesión grupal entre os mozos e mozas do barrio, conseguindo que se coñezan entre eles relacionándose amizosamente. Conseguir que administren de xeito útil o seu tempo de lecer nos obradoiros. Que coñezan o Plan Comunitario e a súa ubicación.

Transcurso do casting: Tras 15 minutos de espera decidimos comezar co casting. Este foi gravado para lograr un soporte de documentación gráfica. Primeiro, explicóuselles o por qué e para qué se estaba a facer o casting, qué iba a suceder coa foto escollida, entregándolles unha autorización que terían que traer asinada polos seus pais/nais na próxima xuntanza. Despois propúsouselles participar nos obradoiros programados para o mes de agosto. Despois levaronse a cabo un par de dinámicas de presentación para romper o xeo. Participaron, finalmente, 4 mozos e 1 rapáza. Unha vez que os/as adolescentes se coñeceron un pouco máis e coñecendo xa os nomes de todos, decidimos saír o exterior a realizar a sesión fotográfica. Esta sesión tivo lugar no barrio das Flores, na zona da arboreda. Fixéronse as fotos por parellas e co elemento representativo da actividade: os rulos. Os/as adolescentes mostráronse moi receptivos e participaron na actividade extrovertidamente.

Ademais da propia actividade de dinamización, o resultado do casting foi o cartaz da diagnose.

Outro dos resultados desta actividade foi comprobar as dificultades para a dinamización deste colectivo. Só asistiron catro persoas ao primeiro día da actividade, e só dúas á segunda sesión, na que se escollería a imaxe e se prepararía o obradoiro de fotografía, que finalmente non chegou a realizarse precisamente pola falta de acollida.

OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA PARA XENTE NOVA

Nun inicio tíñase previsto comezar o curso no mes de agosto, pois na realización do casting das fotografías dos carteis para adolescencia houbo rapaces/as que amosaran interese en participar; considerouse que non se debía distanciar moito no tempo a realización de dito casting e o inicio do curso para que estes/as rapaces/as non perderan interese; pero reformuláronse as datas

posto que no verán a disponibilidad dos/as rapaces/as para facer cursos non é boa.

Aplazouse o inicio do curso para o mes de setembro, para o cal chamouse os/as rapaces/as (19) que deran o seu teléfono para participar no casting para que se achegasen a facer o obradoiro de fotografía.

Nas chamadas ós/ás rapaces/as se lles comunicaba cando se iniciaba o curso e que sería necesaria unha autorización asinada polos pais/titores legais. Deuselles a facilidade de que recollesen dita autorización o primeiro día do curso e a entregasen despois.

A maiores contactouse con outros/as rapaces/as do barrio cos que as monitoras tiveran contacto por mor das enquisas da Diagnose Comunitaria.

Chegado o mes de setembro tiñase confirmada a asistencia de 5 rapaces/as, dos/as que só 1 tiña entregada a autorización.

Na primeira sesión levada a cabo o martes 11 de setembro, só asistiu o rapaz que entregara a autorización. A este explicóuselle o funcionamento do curso e fixéronse as actividades previstas.

Dada a escasa participación tomouse a decisión de paralizar o curso e analizar e corrixir a situación.

O mércores de esa mesma semana, día 12 de setembro, a nai doutro rapaz apuntouno no curso

Á segunda sesión levada a cabo o día 13 de Setembro, non se achegou o rapaz que asistira a primeira nin ningún outro/a rapaz/a. Polo que as monitoras aproveitaron para promocionar o curso nas inmediacións do Centro Cívico, a través do reparto de folletos informativos. Nese momento apareceu o rapaz que se tiña inscrito nesa semana (unha hora máis tarde do horario previsto como inicio da sesión). Con este rapaz repetiuse a mesma sesión levada a cabo o día de inicio do curso(11 de setembro).

Mentres se traballaba nun novo replantexamento da actividade, achegouse un

novo rapaz para inscribirse.

Ante a pouca asistencia tomouse a decisión de pospoñer as datas, reformular metodoloxía e contidos e avisar ós/ás rapaces/as que xa entregaran a autorización e ós/ás que amosaran interese por asistir (un número total de 7) de que o curso se pospuña.

Tomouse a decisión de pospoñer o obradoiro para comezar o día 2 de Outubro. Acordouse entrementes abrir un prazo de inscrición fixando como data final o 28 de Setembro, e o mesmo tempo traballar máis a motivación dos/as rapaces/as. Mediante a pegada do cartel gañador na fase do casting polo barrio e o reparto de folletos informativos que incluían a ficha de inscrición no curso, tentando así publicitar e implicar máis os/ as rapazas/ es.

O reparto de folletos e pegada de carteis levouse a cabo en: parque da rúa Robleda, institutos Rosais I e II e o I.E.S. de Teis (deixando á marxe o I.E.S. da Guía porque correspondíase co grupo de rapaces do Centro Cívico, dito grupo xa fora abordado en varias ocasións pois pertencían a él os rapaces gañadores do casting; así é que se estimou que non sería oportuno abordalos novamente para non resultar demasiado insistentes); polas rúas Robleda, Coutadas, Sanxurxo, Doutor Corval, pola zona de Vichita, no parque do Grupo San Pablo, Purificación Saavedra...

Estímase que os folletos achegáronse a un total aproximado de 250 adolescentes. Debe indicarse que sómentes se lles deu folletos a aqueles rapaces que amosaron interese, explicándolles brevemente en que consistía o curso ofertado.

Entre as diferentes cuestións que se puideron advertir e que foron directamente expresadas polos adolescentes son salientables:

- Amosaron interese por: a breve duración do curso, a súa temática, a dispoñibilidade de cámaras e a gratuidade.
- Dificultades de horarios e pola gran saturación de actividades extraescolares; indicóuselles a posibilidade de adaptación, é dicir, modificar os días e as horas en función da dispoñibilidade dos participantes.

- Do cal dedúcense os problemas para adquirir compromiso.

Indicar que só chamaron para informarse dous rapaces, dos cales ningún chegou a inscribirse.

En consecuencia, dado o escaso número de rapaces, determinouse non realizar o curso ofertado polo que houbo que comunicarllo ós rapaces que formalizaran a súa inscrición.

10.2 Realización dunha enquisa á xente nova

Finalmente e buscando cumprir o obxectivo da Diagnose da Xuventude de Teis, resolveuse facer uns cuestionarios para os adolescentes que incluíron, entre outros, cuestións relativas a súa vida diaria e a opinión que teñen sobre o seu barrio.

Estes cuestionarios fixéronse en diferentes lugares do barrio e a diferentes horas do día: así pola mañán, preto dos Institutos, aproveitando os recreos ou pola tarde é frecuente que os rapaces se reúnan nas inmediacións do Centro Cívico, no parque de Coutadas, na entrada ao Centro Comercial de Travesía...

Tamaño da mostra: 79 xóvenes con idade comprendida entre os 12 e 22 anos.

Tipo de enquisa: enquisa presencial, realizada de maneira aleatoria a xóvenes, dentro do ámbito do barrio de Teis.

POR FAVOR sería de gran axuda se nos respondédeses a todas as preguntas o mellor que poidéades, inda que non estedes completamente segur@s da resposta, inda que algunha pregunta pareza algo rara. Gracias!

Sexo: Home Muller

Data de nacemento..... Lugar

Centro escolar.....

1. Nun día calqueira da semana...

- | | |
|--|--|
| <input type="checkbox"/> Vou ó colexio. | <input type="checkbox"/> Actividades extraescolares. |
| <input type="checkbox"/> Fago tarefas da casa. | <input type="checkbox"/> Estou cos amigos/as. |
| <input type="checkbox"/> Vexo a televisión. | <input type="checkbox"/> Estou con familiares. |
| <input type="checkbox"/> Xogo. | <input type="checkbox"/> escoito música. |
| <input type="checkbox"/> Practico algún deporte. | <input type="checkbox"/> Leo. |
| <input type="checkbox"/> Outros (indicar)..... | |

2. E na fin de semana fago algo diferente?

3. O meu lugar de ocio habitual é:

- Na miña casa.
- O parque, a rúa
- Outros.....

4. Practicas algunha actividade de ocio ou de tempo libre?

- Sí Inscibíronme os meus pais. Foi decisión miña.
Cales?
- Non.
Se quixese practicar algunha sería

5. Sempre me “movo” polo barrio de Teis ou frecuento algún outro barrio de Vigo?

- Sí
- Non. Frecuento outros

6. @s meus/miñas amig@s son tod@s de Teis?

- Sí
- Non. De que barrio son?

7. Notas algunha diferenza entre o barrio de Teis e os outros barrios de Vigo que coñeces?

- Sí. Cales?.....
- Non.

8. O barrio de Teis está no concello de.....:

- Chapela
- Redondela
- Paraixal
- Coruxo
- Ningunha das anteriores é correcta.

9. Qué instalacións do barrio cres que podeses usar @s moz@s da túa idade?

10. Se te deran a elixir, que cres que falta no barrio para que @s chaval@s o pasen mellor?

11. Os meus sitios preferidos do barrio son

12. Qué asociacións/ institucións coñeces que traballen polo barrio de Teis?

13. Cáles son as zonas do barrio peor coidadas ou que necesitan mellorar?

14. Pon nota as seguintes zonas ou actividades que oferta o barrio de Teis:

- **Praias** Necesitan mellorar Suficiente Ben Moi ben
A túa recomendación para melloralas sería.....

- **Parques e xardíns** Necesitan mellorar Suficiente Ben Moi ben
A túa recomendación para melloralos sería.....

- **Instalacións deportivas** Necesitan mellorar Suficiente Ben Moi ben
A túa recomendación para melloralas sería.....

- **Lugares de ocio** Necesitan mellorar Suficiente Ben Moi ben
A túa recomendación para melloralos sería.....

- **Actividades de ocio** Necesitan mellorar Suficiente Ben Moi ben
A túa recomendación para melloralas sería.....

- **Actividades de ocio Outros recursos: Piscina / C. Cívico / Biblioteca**
 Necesitan mellorar Suficiente Ben Moi ben
A túa recomendación para melloralas sería.....

GRACIAS POLA TÚA COLABORACIÓN!!!! 

En canto ao perfil dos enquisados e enquisadas, hai que sinalar que as dúas terceiras partes das persoas son mulleres, agrupando exactamente 53 casos sobre o total da mostra. Atendendo á data de nacemento, predominan os xóvenes con idade inferior aos 17 anos, que supoñen o 81,1% -5 das persoas entevistadas non indican a data de nacemento-. Cómpre aclarar, a este respecto, que o 46,9% teñen entre 13 e 15 anos.

Tres cuartas partes dos enquisados, son oriundos do concello de Vigo. A parte restante divídese entre aqueles que naceron noutras zonas de España, ou do estranxeiro, tendo máis da metade dos mesmos, procedencia de países do ámbito sudamericano.

Por outra banda cómpre sinalar que agás nun caso, onde se sinala a opción de que traballa, no resto están escolarizados, realizando actividades ou cursos no centro do INEM dúas persoas. Por centros, predomina o conxunto de xóvenes do Instituto de Educación Secundaria de Teis, que agrupa ao 26,6% dos escolarizados, estando nun segundo lugar, o IES San Tomé de Freixeiro, co 13,9% dos alumnos; ambos centros son de titularidade pública. Séguelle por orde o Centro Privado de Monterrey, con tan só seis alumnos. O resto da mostra distribúense cun limitado número de alumnos. En total recóllense 20 centros de ensinanza.

A modo de aclaración, hai que sinalar que a maioría de porcentaxes reflectidos no comentario, fan referencia aos valores de contestacións emitidas.

Actividades cotiás

O 77,2% dos enquisados afirma asistir ao colexio de maneira cotiá. Nunha proporción lixeiramente inferior a actividade que máis realizan é a de estar cos amigos, cunha porcentaxe do 75,9%. As seguintes actividades máis realizadas, son as relacionadas coa escoita de música (64,6%) e ver a tele (59,5%).

O 43% indican que soen estar cos familiares, mentras que só un tercio do total de enquisados afirman realizar as tarefas da casa e practicar deporte nunha mesma porcentaxe.

Pola contra as actividades estraescolares e a lectura son actividades menos realizadas, de maneira habitual polos xóvenes -8,9% e 16,5% respectivamente-.

Actividades da fin de semana

Un cuarto da mostra non responde a esta pregunta. Das persoas que responden, aproximadamente a metade saen cos amigos. É de sinalar que, en proporcións máis ou menos similares, case un tercio soen realizar actividades relacionadas co consumo de alcol e tabaco e saída a discotecas entre amigos. Outras actividades, se ben de maneira testimonial, son as de facer deporte (6,8%), estar coa familia (3,8%), ir á aldea (2,5%).

Lugares de lecer

Neste ámbito, predominan os lugares de lecer ao aire libre, a rúa, os parques, que son sinalados como prioritarios polo 68,4% dos enquisados. Do total da mostra, a metade tamén sinalan que o lugar de ocio preferido son os centros comerciais.

Só o 19% contestan ter como lugar de lecer a casa, tendo o resto de opcións valores absolutos ínfimos (ir a casa e amigos, ao Centro

Cívico, ou outros lugares pechados.

Práctica de actividades de lecer ou tempo libre

Case a metade dos enquisados practican algún deporte ou realizan algunha actividade de lecer. Na meirande parte dos casos realizan as actividades por propia decisión, sendo a mesma dos país ou compartida nunha reducida parte.

En termos absolutos o número de casos é bastante reducido, pero a actividade máis practicada é o fútbol -8 casos-. O resto de actividades relacionadas coa práctica de deporte son moi variadas: voleibol, loita libre, aerobio, ximnasio, natación, hockey,....

Outras actividades como ir ao botellón, discoteca, ou centros comerciais, tamén son sinaladas por algún dos enquisados.

Mobilidade

Un tercio dos enquisados soe moverse sempre polo barrio de Teis. Case os dous terzos restantes móvense polo barrio sinalado e outros lugares. As zonas que máis soen frecuentar son as do Centro de Vigo, Príncipe, Gran vía ou a Rúa Arenal. Nunha mesma proporción que as zonas anteriores, indican moverse pola zona da Travesía de Vigo. A seguinte zona máis frecuentada é Chapela e Redondela.

Procedencia das amizades

Máis da metade das amizades dos enquisados proceden do barrio de Teis, se ben tamén se recolle unha porcentaxe bastante elevada de casos nos que se comparte amizade con rapaces e rapazas doutros barrios, máis dun terzo. Neste último caso, case tres cuartos do total proceden dos barrios de Chapela e Redondela: séguenlle con tan só tres casos os que teñen amizades procedentes do barrio de Bouzas.

Por outra banda, dez persoas sinalan non ter case ningún amigo de

Teis.

Diferenzas entre o barrio de Teis e outros

O 45,6% dos enquisados opina que o barrio de Teis é diferente doutros barrios de Vigo que coñece. Neste senso, as condicións polas cales considera isto son varias. É de subraiar que a meirande parte dos enquisados reflexan as seguintes consignas: “Teis Mola”, “Teis Manda”, “Teis é mellor” -43,8% sobre o total do 40,5% da mostra que contestan a cales son as diferenzas-. Nun segundo lugar, os argumentos polos cales consideran que Teis é un barrio diferente, están relacionados coas condicións que eles aprecian de como está o barrio: estropeado, pobre,.... Outra das causas apuntadas ten que ver co ambiente de vida, e as relacións veciñais fundamentalmente.

Ubicación do barrio

Tres dos enquisados non respostan a esta pregunta. Dos restantes é de sinalar que o 14,5% descoñecen que o barrio de Teis sexa do concello de Vigo. Destes últimos sinalan maioritariamente que é un barrio de Chapela (9,2%, sete casos en termos absolutos). Na mesma proporción, outros catro sinalan que é de Redondela e do Paraixal.

Instalacións do barrio

Un dato significativo é que o 40% dos enquisados e enquisadas que respostan a esta cuestión (75 casos), sinalan que a instalación que máis poden usar son os centros comerciais, sinalando de maneira directa moitas persoas ao centro Carrefour. Nun segundo lugar, con porcentaxes que rondan o 17%, sinalan que as instalacións máis habituais son o Centro Cívico e os parques e a as súas instalacións. Outro tipo de instalacións como discotecas, pavillóns deportivos, piscinas, son sinaladas de maneira residual. Pola contra, o 13,3% afirma non coñecer ou saber de ningunha.

Necesidade de instalacións

Dezasesi persoas das enquisadas non respostan a esta pregunta. Do conxunto de persoas que respostan -o 79,7% do total da mostra-, consideran que non fai falla nada ou non saben nada, máis do 17%. Case a metade dos que respostan, consideran que se precisarían para pasa-lo mellor no barrio, instalacións de lecer e tempo libre (dicotecas, zonas de ambiente, megaocios, parques de atraccións, de skate, etc). O 17,5%, opina que se precisan parques e fontes. É de sinalar, que tan só un 7,9% coidan que se precisarían instalacións para a práctica de deporte.

Lugares preferidos do barrio

Do total da mostra respostan a esta cuestión o 93,7%, porcentaxe que imos tomar coma referencia. Cunha distribución máis ou menos equitativa o 44,6% dos enquisados e enquisadas sinalan coma sitios preferidos do barrio aos Centros Comerciais e ao Centro Cívico. Do mesmo xeito, con porcentaxes que rondan o 13%, fan alusión a determinadas zonas do barrio, parques e outras instalacións ou casas de amigos. O 13,6% descoñecen ou non teñen ningún lugar preferido.

Coñecemento de entidades asociativas e institucionais

O descoñecemento de entidades asociativas e institucionais é bastante elevado se temos en conta varios factores. Por unha banda , o 20,3% do total da mostra non resposta a esta pregunta. Por outra banda, dos que respostan, case as tres cuartas partes indican descoñecer ás mesmas. Cinco persoas afirman coñecer o Plan Comunitario, catro coñecer asociacións veciñais e oito fan referencia a diferentes tipos de entidades.

Zonas máis deterioradas do barrio

O 88,6% do total da mostra respostan a esta pregunta. Na mesma, cómpre diferenzar dous tipos de respostas. Por un lado están aquelas persoas que fan referencia a elementos físicos do barrio, e por outro aqueles que fan referencia a zonas xeográficas concretas do barrio. Dos primeiros, o 24,3%, opina que as zonas peor coidadas son os parques; do mesmo xeito, opinan que as instalacións e equipamentos son deficitarios, o 7,1%.

O 30% fan referencia a determinadas zonas do barrio ou colindantes como poden ser Wichita (4 persoas), Parque de Coutadas, Fenosa e Madroa (3 persoas c/u), Guixar (2 persoas) e Barrio das Flores, Paradela, García Barbón, A Guía, A Punta,.. (1 persoa c/u).

O 8,6% opina que case todas as zonas están mal coidadas, mentras que o 11,4% considera que ningunha. Fronte a esta postura están os que descoñecen esta situación, que son o 18,6%.

Actividades e zonas do barrio

En relación ás cuestións plantexadas en torno ás zonas ou actividades do barrio soen respotar en todos os casos, a meirande parte das persoas enquisadas agás unha media de cinco persoas. Se ben califican as zonas ou actividades, non soen efectuar

recomendacións, ou o número de estas é moi limitado.

En todos os casos, os xóvenes consideran que as instalacións, zonas ou actividades do barrio necesitan mellorar. A este respecto só se recolle unha excepción, a relacionada coas actividades de ocio noutros lugares como poden ser a piscina, Centro Cívico ou biblioteca. Neste caso califican o seu estado como bo ou moi bo (31,5% e 30,1% respectivamente das respostas válidas emitidas).

No referente ás zonas de praia máis da metade do xóvenes consideran que deben mellorarse. O número de persoas que coidan que o seu estado é bo ou suficiente é similar -sobre 18%-, mentras que os que pensan que é moi bo só supoñen o 10,7%. O 30,4% do total da mostra, só efectúan recomendacións para subsanar estas deficiencias. Con porcentaxes similares, os xóvenes pensan que é prioritario ampliar esa zona, aportando áridos e fornecéndoas de instalacións e máis zonas de paseo (45,8%); por outra banda tamén sinalan que é moi importante a limpeza destas zonas (41,7%).

En canto aos parques o 44% das persoas que respostan pensan que deben mellorarse. O 29,3%, pensan que é suficiente tal e como están, mentras que só o 17,3% opinan que o seu estado é bo. Máis do 40% dos que efectúan algunha recomendación consideran que deberían esta máis limpos. Sobre un cuarto dos mesmos, tamén coidan que non precisan facer nada neste sentido.

Máis dun terzo consideran que necesita mellorarse o estado das instalacións deportivas. Doutro xeito, hai unha porcentaxe considerable de xóvenes que pensan que o estado das mesmas é suficiente ou bo, o 45,6%. Só o 16,5% do total realizan algún tipo de recomendación, sendo a maioritaria a de mellorar o estado da propia instalación ou ampliala.

No referente aos lugares de ocio a análise é moi similar á efectuada para o caso anterior. Este mesmo comentario é válido para as recomendacións que efectúan, se ben o número de respostas aínda é inferior ao anterior -só 11 casos-.

Da mesma maneira que nos casos anteriores, a meirande parte dos xóvenes pensan que precisan mellorarse a oferta de actividades de ocio, o 39,2% das respostas emitidas. Por outro lado, case o 30% pensan que están ben. Das seis persoas que aportan solucións a este respecto as opinións diferencian entre os que pensan que deben ampliarse, aumenta-las ou outras cousas.

Para rematar, cómpre dicir que só no tocante a outros recursos como o Centro Cívico, Biblioteca ou Piscina, se efectúa unha valoración positiva, como se apuntaba ao principio.

10.3 A asociación xuvenil O Guindastre

Despois dos intentos pouco fructíferos de vincular á xente nova ao propio proceso de diagnose, despois de ter realizado varias convocatorias sen éxito... en marzo de 2009 se contacta cunha asociación e centro social que nacera no barrio: O Guindastre.

Será a partir da boa acollida da metodoloxía de diagnose comunitaria e da coordinación asociativa en torno ao Plan Comunitario por parte da xente desta asociación, que quede aberta por fin unha liña de colaboración activa coa xente nova de Teis.

11 As persoas maiores en Teis

A poboación maior ten as súas canles de participación no Plan Comunitario de Teis. Así quedou reflectido no mapa elaborado na primeira reunión do GAP e tamén no propio proceso de diagnose, no cal puidose contar coa súa participación activa.

Ao contrario do que sucedeu nun primeiro momento coa xente nova, a diagnose a respecto da poboación maior foi protagonizada por ela mesma, a partir das súas reunións de análise e proposta. Recollemos tamén aquí a información das audicións e as conclusións tiradas da enquisa.

11.1 Espazos de participación, análise e propostas de acción da xente maior

O 22 de maio de 2006 xa se tiña celebrado, no local do Plan Comunitario de Teis, unha Asamblea aberta para mobilizar a participación das persoas maiores nun proxecto de colaboración para á elaboración e edición dun Libro Verde de PYMAS de Maiores (Pequeñas e Medianas Asociacións de persoas mayores). Asistiron á mesma 52 persoas, das que 45 eran mulleres e 7 homes, de idades comprendidas entre os 56 e os 83 anos.

Nesta asemblea de traballo participaron coa súa voz 6 agrupacións do barrio, e foi dinamizada polo equipo técnico do Plan Comunitario de Teis.

Con anterioridade, pasáraselles unha ficha de traballo sobre debilidades e fortalezas das asociacións de maiores e unha batería de

preguntas; coa contestación a estas preguntas e outras cuestións e achegas que xurdiron na assemblea realizouse un documento a modo de conclusión.

Das achegas recibidas e as intervencións realizadas en asemblea aberta para maiores, poderíamos concluir que o principal obstáculo co que se atopan as asociacións/agrupacións de persoas maiores é a falta de apoio real e adaptado das administracións, ben en forma de financiamento, ben en forma de recursos de todo tipo.

A oferta de actividades das asociacións en xeral é ampla, pero, se a referimos ás persoas maiores, redúcese considerablemente e, máis aínda, non sempre son as que eles demandan, nin están debidamente presupostadas. Isto tradúcese en que, sendo o sector poboacional que dispón de máis tempo libre, poucas veces poden realizar aquelas actividades que quixeran por razóns tan absurdas como que non existan aquelas que realmente lles gusten ou sexan de acceso limitado por oferta de prazas ou por non adaptarse ao seu poder adquisitivo.

Un mal presente nunha gran parte deste sector de idade, é que se ven utilizados e convertidos en meras pezas de consumo, en calquera das súas versións oficiais e/ou extraoficiais, mentres se senten inútiles porque ninguén lles confía xa ningunha responsabilidade, nin sequera a de decidir sobre o que lles compete e lles interesa directamente.

De aquí a importancia de cederlles a palabra e escoitar activamente as súas opinións acerca de que e como queren organizar o seu tempo, incluído o tempo libre, para que non se lles apareza como excesivo. Isto presupón un novo enfoque cara ao asociacionismo na terceira e cuarta idade, tanto no que concerne a quen o integran como no referente ás súas relacións coas administracións e outros protagonistas e axentes sociais.

Neste novo enfoque, habería que decidir, en primeira instancia, quen deben dirixir as asociacións de persoas maiores, e se estas deben ser “para” e/ou tamén “de” persoas maiores exclusivamente ou pola contra, deberan compartir dirección e espazo organizativo con outros sectores xeracionais. Ámbalas dúas alternativas levaríannos a estruturas e programacións ben diferenciadas e que non son en absoluto nimias.

Por outra banda, co termo “persoas maiores”, actualmente nomeamos idades que cada vez forman una franxa máis ampla que comprende dende 55 anos en diante (polo novo sistema de xubilacións, prexubilacións...) e que dende logo non teñen as mesmas características nin necesidades. Si, igual dereito. Este, en todo caso, é un dato a ter en conta.

As persoas maiores necesitan actividades que as motiven e lles devolvan o lugar que lles corresponde, como gran potencial que son, na sociedade. Pero, incomprensiblemente non existe coherencia entre necesidade social e resposta administrativa que elude a súa responsabilidade e evita considerar a estes membros aínda útiles para o desenvolvemento da sociedade transformando a súa realidade e convertíndoos en meros observadores pasivos.

O asociacionismo é unha boa solución para a maioría dos problemas que aparecen reflectidos neste Documento porque lles ofrece a posibilidade de facer cousas por eles mesmos, de realizar actividades que mellora a súa saúde física e mental, de relacionarse, de ilusionarse... de facerse visibles á vida.

Todo o exposto supón que debe existir unha comunicación fluída e unha coordinación efectiva entre as diferentes asociacións, entidades e institucións que permitan unha análise das demandas e necesidades

para evitar o activismo ao que está relegado este sector da poboación sen máis obxectivo que o de consumilo. Esta forma de tratar ás persoas maiores sen trazar obxectivos que potencien as súas capacidades características, senon obviándoas e facendo fincapé nas súas dificultades, condena a este sector á exclusión da participación activa non só nos acontecementos sociais, senon tamén na toma de decisións sobre a súa vida.

Unha síntese das ideas principais da reunión é a seguinte:

| | |
|-----------------------|--|
| ADMINISTRACIÓN | Falta de apoio da Administración |
| REALIDADES | Oferta reducida de actividades e sen contar cós maiores Personas Maiores: igual dereito cós demais cidadáns Necesidade de actividades que lles motiven Exclusión dos maiores da participación |
| INSTRUMENTOS | O asociacionismo é unha boa solución As asociacións deben comunicarse A responsabilidade das asociacións é grande |
| VALORACIÓNS | As Persoas Maiores son pezas de consumo e sintense inútiles. É imprescindible cederlles a palabra Deberían dirixir as asociacións (só as de maiores ou con outras asociacións) Non hai coherencia entre necesidade e resposta da administración As Persoas Maiores son observadores pasivos. |

Na propia reunión xurdiron tamén propostas de acción. Respecto da Administración Pública:

- Facer escoitar a súa voz (radio, prensa...)
- Coordinación entre asociacións de maiores.
- As asociacións de maiores deben ser esixentes
- As asociacións de maiores non deben ser somentes reivindicativas senon que teñen que propoñer e vivir con ledicia
- Os maiores deben esixir o poder de xestión
- Aos maiores non lles gusta o «para» senon o «con»
- Os maiores deben esixir cadeira nas mesas de planificación urbanística para mellorar e respectar a calidade de vida.
- Debense crear infraestructuras e normas para facer posible e potenciar o «dar» e o «recibir»
- Sensibilizar e pelexar na convicción de que os Concellos teñen os nosos cartos e, polo tanto, debemos e podemos participar na súa xestión.
- As asociacións de Persoas deben compartir dirección e espazo organizativo entre elas (isto non exclúe ás propias Asociacións de Persoas Maiores)

E propostas de acción respecto das propias asociacións:

- Aumentar a implicación das persoas maiores tendo en conta as diferenciacións que as caracterizan :
PM Sector 1.- netos e pais (Están ocupados)
PM Sector 2.- dependentes (Centros de día/residencias)
PM Sector 3.- 50/55-----70 (Libres de carga)
PM Sector 4.- maiores de 70 anos
- Fomentar a intervención do voluntariado.
- Charlar / escoitar ao grupo 4.
- Analizar e ir aos sitios con capacidade de convocatoria.
- Lograr diagnósticos co apoio de profesionais, pero traballando por e coas propias Persoas Maiores.

O 21 de marzo de 2007, xa dentro do proceso planificado de diagnose comunitaria, convocouse un grupo nominal, formado por oito persoas maiores de 65 anos pertencentes aos colectivos Voces polo Litoral de Teis e Grupo San Pablo.

Debatíronse os principais problemas do barrio, que quedaron establecidos, por orde de prioridade, como segue (aquelas cuestións que repiten a orde é porque quedaron empatadas na prioridade para os participantes):

- 1º. Deficiente atención aos anciáns.
- 2º. Problemas coa conservación do litoral.
- 3º. Falta de parques e zonas verdes.

- 4º. Escasos servizos recreativo-educativos para os máis cativos.
- 4º. Falta de participación/ División asociativa.
- 4º. Alto volume de tráfico.
- 5º. Infrecuentes e insuficientes medios de transporte público.
- 6º. Paro/ Escasos servizos de educación de adultos, reciclaxe profesional.
- 6º. Falta de centros sociais, culturais, cívicos.
- 7º. Poucas actividades recreativas e deportivas.
- 7º. Drogadicción e xuventude.
- 7º. Escaso alumado nalgunhas zonas. Malas condicións dos camiños.
- 7º. Malas condicións das vivendas, escaseza.

Sobre as cuestións que lles gustaría ver solucionadas axiña, indicaron as seguintes:

- Problema de conservación do litoral e os montes
- A atención de nenos e anciáns

Ambas as dúas problemáticas adquiren o mesmo carácter prioritario sen que de momento quede especificado que tipo de atención sería necesario para os sectores de poboación priorizados.

As solucións, con referencia á poboación maior, propostas polo grupo de discusión foron as seguintes:

- Favorecer a atención dos anciáns perto do seu lugar de residencia.
- Manter as relacións veciñais como redes de apoio
- Inversións en políticas sociais.
- Centros de día cunha ubicación na que os anciáns podan gozar da natureza.
- Dotación de xeriatras no centro de saúde do barrio, o mesmo que hai pediatra.
- Potenciar a atención domiciliaria naqueles anciáns que sexan non válidos en certa medida.
- Axilización das tramitacións administrativas para solicitar axudas.

O día 12 de abril de 2007 deuse continuidade á reunión anterior. Traballáronse as propostas de participación para solucionar as demandas xurdidas, indicando, en relación ás persoas maiores, as seguintes:

- Favorecer a participación dos anciáns na comunidade
- Esixir a Administración Centros de día/residencias no barrio
- Potenciar a interrelación xeneracional, e decir aproveitar a experiencia do ancián e a alegría do neno, elaborando programas en base a este principio.

Para canalizar estas propostas cóntase con recursos humanos, coa posibilidade de que o Plan Comunitario de Teis funcione como

estrutura coordinadora e coa posibilidade de captar fondos públicos presentando programas conxuntos.

Respecto dos prazos, considerouse que a interrelación xeneracional é posible e viable a curto prazo, mentres que a creación de redes de autoaxuda é viable a medio prazo.

11.2 Principais problemáticas sinaladas nas audicións

Un dos temas reflectidos desde diferentes metodoloxías é a carencia de centros de atención ás persoas maiores.

'En cuanto al tema de los ancianos, que me toca muy de cerca por desgracia, que los tengo en mi casa tengo a mi suegra con demencia senil, que no la cojeen en ningún centro, los centros de día son muy caros no hay residencias preparadas para ellos, y si hoy en día pretendes hacer uso de una residencia ya puedes trabajar exclusivamente para ella y aun así tienes que tener un buen nivel adquisitivo y creo que realmente es una apuesta que tenemos que buscar , por ejemplo, mi madre no trabajaba fuera de casa y podía atender a una persona mayor, para mi mujer trabaja igual que yo, muchas horas al día y no tienes tiempo para cuidar a los mayores, sinceramente hace falta algo donde se puedan quedar, pasar el día , un sitio donde estén atendidos en condiciones, si yo no tuviera a mis suegros conmigo, tendrían que estar en una residencias pero de pobres por que ellos no tienen recursos para poderse permitir una residencia, en el fondo nosotros estamos haciendo un favor al estado recogéndolos y cuidándolos, evidentemente es por cuestiones familiares, pero desde el punto de vista de decir que yo no estoy dispuesto a hacer el esfuerzo que estoy haciendo económicamente, tendrían que buscarse la vida, el estado tendría que hacerse cargo de ellos, es un tema sangrante, en cuanto a temas sociales estamos muy mal' (Audición. Varón 34 anos. Zona Rios)

Polo que respecta ás audicións realizadas a persoas maiores, centran a sá preocupación en aspectos de habitabilidade e servizos: impacto do plan de urbanismo nas súas vivendas, tráfico, limpeza de camiños, recollida de lixo, alumado, fontes, parques, transporte urbano, etc.

11.3 Datos estadísticos sobre a poboación maior

Das 1039 persoas das que se teñen datos a través da enquisa, 173 son maiores de 65 anos, o que representa o 16,65% da poboación. Destas 173 persoas maiores de 65 anos, 69 son homes e 104 son mulleres.

Iso significa que os homes maiores de 65 anos representan un 37,57% das persoas desta idade, un 13,82% dos homes de Teis, e un 6,64% da poboación total de Teis.

Pola súa banda, as mulleres maiores de 65 anos representan un 62,43% das persoas desta idade, un 19,26% do conxunto das mulleres de Teis, e un 10,01% da poboación total do barrio.

En canto aos items utilizados que inciden directamente na poboación maior atopamos:

- Incidencia de enfermidades crónicas e minusvalías:
 - 18% son mulleres
 - 9,6% son homes

- Persoas con dependencia:

- 15,3% dos fogares teñen persoas con algunha dependencia
 - o que supón o 4,3% da poboación total do barrio
 - O 13% das persoas asumen en exclusiva o coidado das persoas dependentes
- Problemas de mobilidade
 - o 66% da poboación indica que existen graves problemas de mobilidade no barrio(accesos pouco adaptados, falta de espazos de esparcemento e encontro para maiores...)
 - O 41,6% das persoas maiores vense afectadas pola carencia de servizos publicos e/ou sociais.
 - A maioría dos enquisados coinciden en sinalar a carencia de redes sociais de apoio.

12 As novas veciñas e veciños: poboación migrante

Ao igual que a xuventude, a poboación inmigrante foi identificada como un colectivo 'lonzano' á rede de entidades que conformaban en ese momento de forma activa o Plan Comunitario. Era preciso coñecer en maior medida as necesidades que podía formular esta poboación e, ao mesmo tempo, trazar as estratexias para incorporala aos procesos de participación no barrio de forma que esta canle de comunicación puidese sosterse no tempo e non quedar só na puntualidade do momento de diagnose.

A primeira aproximación á realidade da inmigración en Teis a realizamos a través dunha entrevista ao equipo do programa de Cáritas Diocesana que atende a este colectivo.

Situación da muller

Neste senso, diferencian ao igual que nas cuestións anteriores, sobre todo con respecto das mulleres, entre os inmigrantes de orixe sudamericana e os de orixe africana, incidindo na pouca marxe de decisión que teñen estas últimas, especialmente as de orixe senegalés. Aínda que algunhas están a tentar gañar o seu sitio, resulta moi difícil, salvo no concernente aos seus fillos, que poidan tomar decisións importantes sobre a súa vida.

Integración social

A este respecto, opinan que a falta de integración pode considerarse un fenómeno bilateral, xa que non só é que a poboación autóctona os discrimine, senon que eles/as pola súa banda consideran que se cumpren co traballo, escola...xa están suficientemente integrados. A socialización, polo tanto, dos adultos resulta moi difícil.

Son os nenos/as os que poden conseguir integrarse realmente, se lles aportamos apoios e axuda.

Consideran importante subliñar dous problemas fundamentais, como demanda do propio colectivo:

- O acceso e utilización do sistema sanitario (cartilla sanitaria, planificación familiar..)
- A comprensión do noso sistema educativo (non entenden a súa integralidade)

Redes sociais e participación

Inciden no feito de que existe unha rede social importante entre eles, sobre todo entre os de orixe senegalés. Pero este feito actúa en dúas direccións: Por unha banda establecen unha rede de axuda mútua que lles permite a supervivencia; por outra, as relacións sociais con outras persoas vese moi limitada, sendo case endogámica.

Os vínculos comunitarios establécense coa xente da súa nacionalidade, pero non sempre é así xa que mesmo entre eles existen moitas diferenzas según “tribus”, “poboados”...

Problemáticas centrais para abordar nunha estratexia comunitaria

- Información xeral
- Saúde
- Educación
- Infancia-muller

Decídese realizar, a modo de primeiro contacto unha actividade comunitaria, un foro aberto para os temas sanitario e educativo.

En canto ao colectivo africano, vese a necesidade de que a convocatoria se faga para as mulleres, xa que se se convoca aos homes éstas quedarán excluídas. Deberá incluírse a presenza dunha “canguro” para que poidan traer aos fillos.

12.1 A visión desde os centros de ensino

Tal como se reflectiu na introdución, na xuntanza entre orientadores e orientadoras dos centros educativos menciónanse tamén algúns elementos sobre os rapaces e rapazas inmigrantes:

- A escasa ou nula integración dos que teñen orixe africana, fronte á poboación procedente de Sudamérica (salvo Brasil).
- A necesidade de apoio específico, sobre todo a aqueles que chegan adolescentes e teñen dificultades coa lingua e desarraigo.

12.2 Xuntanza de mulleres inmigrantes

Conforme á estratexia de implicación da poboación inmigrante que foi definíndose nos diferentes espazos e na entrevista co equipo de Caritas, en setembro de 2009 celebrouse unha xuntanza á que asistiron un total de 10 mulleres, de diferentes países de orixe (México 1, Uruguai 4, Brasil 1, Ghana 1, Filipinas 1, Ucraína 1, Nicaragua 1). Oito delas pertencentes aos seguintes colectivos:

Asociación De Madres Latinas, Asociación de Uruguayos por el Mundo y Centro Multicultural de Mujeres.

Tamén asistiron 9 mulleres galegas, pertencentes a diferentes organizacións (Cáritas, UBAS do Concello, Plan Comunitario de Teis).

Para a convocatoria contactouse telefonicamente con asociacións de inmigrantes e realizouse unha pegada de carteis no barrio e nos autobuses urbanos.

Identificáronse colectivamente problemáticas que afectaban persoalmente ás asistentes. As problemáticas sinaladas foron:

Vivenda

- Difícil acceso por causa dos prezos
- Ás persoas inmigrantes pónenselle máis trabas: 6 meses de fianza, avais...
- Para o acceso á vivenda en propiedade, as mulleres inmigrantes teñen moitas dificultades para obter préstamos hipotecarios.

Traballo-emprego

- Precariedade: emprego inestable, con salarios moi baixos, con máis horas das que figuran no contrato...
- Contratos con trampa
- Excesiva carga horaria que non pode conciliarse co coidado dos nenos e nenas
- Para as mulleres inmigrantes é difícil atopar emprego fóra do servizo doméstico e a hostalería

- Tamén é difícil que as mulleres estranxeiras vexan que se recoñecen as súas titulacións e a súa valía profesional
- En certas idades fáise máis difícil aínda conseguir traballo
- En Galicia as mulleres aceptan en xeral condicións moi malas; consideran o seu salario só como unha pequena axuda aos ingresos familiares; isto fai que as condicións xerais para a muller sexan moi malas. A muller aquí está moi discriminada e é moi submisa. Pode contribuír a isto que se primen as custións materiais sobre outras dimensións vitais.
- Os sindicatos non defenden maiores dereitos para as empregadas de fogar, permanecendo na actualidade nunhas condicións moi inferiores a calquera outro traballo
- Para poder acadar os ingresos necesarios é frecuente ter que pluriempregarse
- Existe discriminación á muller, e discriminación á muller inmigrante, aínda que moitas das problemáticas son comúns a todas as mulleres

Conciliación

- Non existen servizos de gardería suficientes
- Tampouco apoios cando os nenos están enfermos ou cando teñen problemas especiais

Educación

- Na escolarización non se prestan apoios de adaptación ao idioma para os nenos e nenas que veñen de fóra
- En ocasións os sitúan en niveis inferiores aos que lle correspondería nos seus países de orixe
- No ámbito educativo e de socialización que nel se dá van vivindo discriminacións (insultos, etc.) que van conformando un resentimento nada positivo para a integración. Non só se dá cara aos nenos e nenas inmigrantes, senón cara os que teñen menor éxito ou outros.
- Existe unha barreira para a participación nas ANPAS, tanto por parte das asociacións como das propias nais e pais de nenos e nenas inmigrantes, que non se animan a participar activamente nelas

Violencia de xénero

- En situacións de separacións somete a moita presión e vén a sumarse ás dificultades laborais, de conciliación, etc.

Saúde

- A atención e o trato é pouco eficiente. Nalgúns servizos, como xinecoloxía, as listas de espera son de moitos meses

Espazos de encontro

- É difícil facer amigos ou amigas coas que falar. Faltan puntos de encontro

- Faltan tamén espazos abertos, espazo público agradable onde estar

Atención da administración

- As veces a atención das funcionarias/os é discriminatoria cara ás persoas inmigrantes

Propostas

De forma aberta e como inicio dun traballo, sinaláronse algunhas propostas na liña de superar as problemáticas:

- Potenciar que as mulleres inmigrantes participen activamente nas ANPAS e noutras organizacións
- Traballar conxuntamente mulleres estranxeiras e galegas
- Continuar estas reunións para ir abordando os diferentes temas

12.3 Liña de traballo con mulleres africanas

Con posterioridade a esta reunión fíxose un esforzo por achegar ao Plan Comunitario a aquelas mulleres de orixe africana que tiñan máis problemas de integración e de socialización, por estar maiormente recluídas no ámbito doméstico.

Para iso realizáronse actividades con elas, e en paralelo, actividades para os seus fillos e fillas conxuntas con persoas maiores.

12.4 Algúns datos da enquisa

O peso da poboación estranxeira é do 4%: 2,7% son persoas estranxeiras non comunitarias e 1,3% comunitarias.

Do total de persoas estranxeiras, o 53,5% son homes fronte ao 46,5% que son mulleres. No grupo das non comunitarias os homes representan o 57,1% e as mulleres o 42,9%.

A maioría das 41 persoas das que temos datos, e que teñen nacionalidade estranxeira, é xente nova. De feito o 67% ten menos de 35 anos, resultando máis numeroso o colectivo de entre 26 e 35 anos (36,5%).

13 A etnia xitana en Teis

O colectivo xitano foi identificado no mapeo do barrio como un dos que precisaban dun esforzo de achegamento por parte do Plan Comunitario. Nesta liña, o primeiro paso foi concertat unha entrevista coa asociación Secretariado Xitano, que mantivemos a primeiros de xullo de 2007.

Condicións socioeconómicas e de inserción laboral

Neste sentido, entende que estése a abandoar o traballo na chatarra en favor do da venda ambulante, e os datos confirman que son poucos os que se incorporan ao mercado laboral a través de contratos por conta allea. Polo tanto as expectativas de inserción laboral non son moi favorables, aínda que considera melloraron bastante as condición de vida de moitos deles.

A poboación xitana non foi quen de asumir as responsabilidades que lle competen na estrutura socioeconómica e polo tanto o seu nivel de ocupación e moi baixo.

Condicións de vivenda

Existe unha diferenza fundamental entre a poboación xitana de Teis e a do resto de Vigo (Cabral, Salgueira, Beade): non se dan as condición de chabolismo con respecto a elas. Isto débese fundamentalmente a dous feitos moi relevantes:

- Adquisición de vivendas sociais (Aragón, As Neves, Barrio das Frores)
- Abandono da venda de chatarra pola venda ambulante e/ou a incorporación progresiva no ámbito laboral por conta allea.

- Estes dous feitos facilitan a convivencia dentro da comunidade, se exceptuamos algúns grupos resistentes que se negaron a bandoar a venda de drogas e que están a causar conflito no seu entorno. (As Neves: xitanos galegos)

Acceso a servizos públicos: sanidade, educación, etc.

É certo que son frecuentadores dos servizos sociais, pero non así dos servizos educativos ou sanitarios. No caso do último, débese fundamentalmente no desenfoque existente entre o sistema sanitario e a maneira de entender as enfermidades por parte da poboación xitana (Modo Tradicional). Os xitanos/as non entenden o concepto de saúde preventiva e/ou saúde comunitaria. O seu concepto é puramente asistencial: váise ao médico cando se está enfermo, e non antes.

Por outra banda, é moi difícil para eles respetar o sistema de citas (por pura comodidade), polo tanto é máis fácil que ocudan ao hospital por urxencias, entendendo que así non teñen que esperar a que os atendan.

Existencia ou non de discriminación

Considera que a poboación xitana é a moi vulnerable, as veces máis cá poboación inmigrante, xa que dadas as características anteriormente subliñadas, instaláronse progresivamente na pasividade, carecendo de estratexias de adaptación.

Podense considerar dous niveis indicativos desta vulnerabilidade extrema:

- O nivel de ocupación é moi baixo, incluso máis que o da poboación inmigrante.

- O seu nivel de inclusión no sistema educativo é moi inferior ao dos inmigrantes.

Estes dous datos, dan conta da desventaxe social real dos xitanos.

Estratexias do colectivo e grao de organización

Aborda o tema da represión que sofre o asociacionismo a partires do ano 2000. Incidencia que está a obstaculizar todo intento dinamizador con respecto á poboación xitana e dificultando a xeración de espazos de participación.

Anteriormente estaba a funcionar con éxito a Asociación de Mulleres, pero agora está paralizada. Por parte do Secretariado Xitano, tense intención de retomar a súa potenciación a partires de setembro de 2007.

Establécense polo tanto dúas posibles liñas de vinculación desta poboación coas dinámicas comunitarias.

- Os Cultos: da Igrexa Evanxélica de Filadelfia (Aleluyas). Os pertencentes ao Barrio de Teis, é moi posible que acudan ao Culto de García Barbón.
- A Asociación de Mulleres Xitanas. Sobre todo cando se comece a potenciar dende a Fundación.

Vínculos comunitarios: existe identificación con Teis?

Comenta que sería moi importante crear eses vínculos, e propón que se faga a través dos cultos e a Asociación de Mulleres.

Apunta que sería interesante para tratar o tema da saúde comunitaria facelo con respecto á saúde infantil e así poder tratar tamen a saúde reproductora.

Para rematar solicítaselle axuda para facilitarnos algúns contactos tanto cós profesionais da súa fundación como coa xente de etnia xitana que él considere.

Nas audicións non se menciona moitas veces o tema da poboación xitana. Cando se fai é en sentido positivo:

'La gente con los gitanos siguen teniendo miedo o "repelus", hay que entenderlos, yo trato con gitanos y es gente estupenda, no hay porque tenerle miedo no te van a sacar una navaja' (Audición.Varón 29 anos. Zona Paradela)

Outra das vías de coñecemento que nos pareceu interesante foron as historias de vida con mulleres xitanas. Realizamos varias entrevistas nos seus domicilios das cales extraemos a seguinte información:

Mellora das condicións de vida

'...Yo la verdad viviamos en chabolas, hombre yo macuerdo que viviamos en chabolas y la verdá viviamos mal. (...) Viviámos como podíamos, no teniamos colegio, no teniamos ducha, no teniamos nada y oyes ahora vivimos bien. Gracias a Dios, tenemos ahora casa y la verdad duermen mis hijos ahora muy bien, tienen ducha, tienen agua, tienen lavadora, tienen de todo, no le falta de nada y tienen todos los gustos que ellos quieren. Entiendes como otras personas y otros niños. Pero ya se le digo, mis hijos van a la escuela, mi otra niña va en el instituto, nosotros vamos a trabajar. Trabajamos como todo el mundo (...). Nos llevamos muy bien yo y mi marido hace 20 años que estamos viviendo, yo me casé a los 14 años, la verdá tengo 27 años y nunca tuve problemas con mi marido siempre nos hemos llevado muy bien, nunca de riñas nunca de separarnos, no nunca, nunca. (...) Yo vivía con mi madre, porque mi madre se separaron y vamos nos criábamos con mi madre. (...) En la Hispanidad. Allí vivíamos de pequeños. Allí. Y vivíamos en chabolas pequeñas, todos gitanos... (...) con más familiares y oyes, dormíamos mal la verdad , oyes no vivíamos como ahora, me entiendes, mucho frio, mucho..., a lo mejor nos calaba el agua y

oyes pasábamos mucho, antes los gitanos pasábamos mucho, pero ahora no, ahora hay mucho adelanto, ahora nos ayudan más la asistente social y todo eso y oyes la asistente social pues nos ayuda cuando vamos a arreglar un papel o algo y estamos contentas con la asistente social que están, nos apoya ella a lo que hagamos y lo que no hacemos y a mandar los niños al colegio y a mandar a todo para eso están ellas, para ayudarnos.... bueno estamos contentos con ellos. (...) Vivimos yo con mi madre y tres hermanos más, de mujer erámos solo yo, pero vivíamos allí, no teníamos nada y vivíamos muy mal la verdad. Gracias a Dios mis hijos viven ahora en una casa y no les falta de nada '.(Muller xitana de 27 anos)

Incidencia das drogas na historia familiar

'Bueno fue mi madre que se murió, fue un hermano tambien que se ahorcó con 28 años, que fue por todo lo de la droga y oyes y es una tristeza muy grande, me entiendes, un hombre con 28 años que se mató a la droga que lo ahorcaron, pero ya te digo ahora...' (...) Claro, gracias a Dios mi marido no es drogadicto, no es alcohólico, bueno de momento tenía tambien un hermano que estaba enganchado a la droga, lo quitamos de la droga y ahora le apoyé mucho yo que se quitara con la metadona y ahora gracias a Dios está muy bien mi hermano (Muller xitana de 27 anos)

Mundo laboral e aspiracións para os seus fillos

(Sobre lo que le gustaría hacer en el futuro) Hombre! yo que sé!, trabajar a limpiar mi casa, a cuidar a mis hijos, mandarlos al colegio y oyes apoyarles a lo que le diga yo a mis hijos, lo que tienen que hacer, lo que no tienen que hacer pues oyes. Para que el día de mañana que faltemos yo y mi marido para que sepan ellos donde tienen la mano derecha ellos, que no pasen lo que han pasado sus padres que antes oye vivíamos mal o que busquen un trabajo o que busquen algo que ellos puedan vivir. Que no trabajen a lo que estamos trabajando a la chatarra, que la chatarra es muy fuerte, que la chatarra no es fija que hay que encontrarla, hay que comprarla y oyes y vamos así para delante. (Muller xitana de 27 anos)

Cambios nos ritos

'En una boda, pue oyes... cuando se casa una mujer, una niña pue oyes que le hay que sacar la honradez, casarse ella por como ley del gitano y estar 3 días de una boda, pero está bien en una boda ahora la hacemos en un restaurante y ahora pue sí está muy bien, antes no, que antes la hacíamos en un campo y oyes y venía la gente y a comer allí pero ahora no, ahora lo hacemos en un restaurante y oye se casan bien, se llevan el matrimonio, cuando un matrimonio se separan pue lo arreglan los gitanos viejos para que vuelvan otra vez porque dejar a una chavala sin virginidad y separarse no puede ser así no'. (Muller xitana de 27 anos)

Integración e ruptura de antigos vínculos

'Bueno... yo mira yo estoy orgullosa gitana yo quiero, a mi me da igual tanto gitana como palla, somos personas como todo el mundo, y mis hijos igual; y yo me llevo bien, yo ser gitana estoy muy orgullosa, pero ya te digo, aquí nos llevamos con los vecinos, yo no tengo ningún problema con los vecinos, a mi me apoyaron mucho también los vecinos para que me alquilaran la casa, oyes y no tenemos problemas con ellos y yo estoy muy contenta con ellos; ahora que los gitanos ahora ya no somos como antes, que antes éramos más unidos; pero ahora no, la vida cambió mucho'. (Muller xitana de 27 anos)

Realizáronse tamén outras dúas conversas con mulleres xitanas, pero nas que se deu pouca apertura. Nun caso tratábase dunha muller cunha vida moi normalizada e que rexeitaba falar das cuestións que tiñan que ver coa súa etnia. Noutro caso as condicións da conversación, 'vixiada' polo seu marido, non se prestaron a profundizar, aínda que se obtiveron datos sobre necesidades relativas á saúde e ás condicións de vivenda.

14 Enquisa á poboación de Teis

A enquisa é unha técnica de investigación cuantitativa adecuada para a obtención de datos obxectivos e medibles a respecto da poboación. A matemática das probabilidades ofrécenos a posibilidade de extrapolar con fiabilidade información sobre o conxunto das persoas que viven en Teis a partir da información que nos dan unha mostra representativa destas persoas.

O tipo de información que se traballa na enquisa é obxectiva e medible: idade, situación laboral, condicións da vivenda, etc. evitando o uso desta técnica para cuestións de opinión ou valoración, xa que para estas cuestións son máis rigorosas outras perspectivas metodolóxicas e outras técnicas que tamén aplicamos nesta diagnose comunitaria: audicións, entrevistas en profundidade, historias de vida...

Dado que as variables a tratar na enquisa afectan a temas de carácter social cunha dimensión persoal, considerouse pertinente a súa realización de xeito presencial.

Contemplouse a posibilidade de incorporar á enquisa preguntas mobilizadoras, como mecanismo de activación do compromiso da cidadanía co seu barrio. Entregouse a cada persoa enquisada unha breve información sobre o proceso.

DIAGNOSE COMUNITARIA TEIS

Estamos dándolle voltas

Esta enquisa que estamos a realizar é só un paso dentro dun estudo máis amplo que pretende:

- Coñecer as condicións de vida e as problemáticas no barrio de Teis
- Fortalecer a rede de asociacións que están traballando no barrio
- Conseguir a participación da poboación de Teis nas iniciativas pola mellora do barrio

DÁNDOLLE VOLTAS en fases

Primavera-Verán de 2007

- **Que entidades traballan en favor de Teis? Como se relacionan entre elas? Como se relacionan coa comunidade?** Mapa de actores
- **Cales son as necesidades do barrio?** Facemos esta enquisa, realizamos entrevistas, grupos de traballo, organizamos un obradoiro de video sobre Teis con xente nova.

Outono-Inverno de 2007

- **Como imos facer para que maior parte da xente coñeza o que averiguamos?** Faremos un documento, realizaremos grupos de traballo para facer propostas que resolvan os problemas, faremos unha presentación publica dos vídeos, e actividades na rúa.
- **E despois?** Despois ven o mais difícil... levar adiante todas as medidas propostas, coordinarse entre as asociacións, os colexios, etc. E seguir traballando polo noso barrio.

Se queres informarte mellor ou colaborar nestes traballos, podes contactar co Plan Comunitario de Teis ou con calquera das asociacións que forman parte del:

PLAN COMUNITARIO DE TEIS

Rúa Coutadas, 59 / Teléfono 986 281 670

Enderezo electrónico: planteis@yahoo.es

Entre os obxectivos de estudo da enquisa, subliñamos os seguintes:

- Establecer a distribución das diversas problemáticas segundo variables de tipo social -situación económica, laboral, hábitat...-
- Delimitar os factores que configuran as diferentes problemáticas que afectan á poboación de Teis.
- Sinalar as valoracións e avaliacións sobre os recursos existentes, e valoración dos recursos potenciais que poderían ser mobilizados para unha mellor prestación de servizos.
- Dar a coñecer o traballo do Plan Comunitario e animar á participación.

15 Ficha técnica da enquisa

Ámbito: Barrio de Teis

Universo: Poboación total de Teis.

Entrevistas realizadas: 326 persoas enquisadas. Datos de 1039 persoas.

Tipo de entrevista: Persoal, domiciliaria.

Traballo de campo: O traballo de campo foi realizado entre os meses de agosto e setembro.

Control de calidade: Foron revisados o 100% dos cuestionarios cumprimentados, empregándose tras ser verificada a cobertura e coherencia interna.

División do barrio en zonas:

Zona 1: É a zona que vai desde a autopista ata o mar e desde a rúa Bos Aires cara o Oeste. Realizáronse enquisas nas rúas de Enrique Lorenzo, Maceiras, Purificación Saavedra, Espiñeiro, Foxos, Guixar, Sanxurxo Badía, Toural de Dentro, Xulián Estévez, Reboreda, Santa Tegra e Devesa de Santa Tegra.

Zona 2: Da autopista cara o mar e da rúa Bos Aires cara o Leste. Realizáronse enquisas nas rúas Real, Cacharela, Oliveira, a Igrexa, As Neves, Avda. Galicia, Laranxo, Chumba, Dr. Corbal e Caxide.

Zona 3: Zona edificada en altura desde a autopista en dirección ao

Sur, cara ao monte. realizáronse enquisas nas rúas Bos Aires e Travesía de Vigo.

Zona 4: Zona edificada de modo disperso e con vivenda unifamiliar desde a autopista en dirección ao Sur, cara ao monte. Realizáronse enquisas nas rúas Traída de Augas, Mouta, A Madroa, Trapa, Paradela, Camiño Luqueiro, Pugariños, Paraixal, Paraixal de Arriba, Roris e Coutadas.

16 Perfil sociodemográfico

16.1 Sexo e idade

As 326 entrevistas permitíronnos extraer datos de 1039 persoas. Destas, 499 (48%) son homes e 540 (52%) mulleres.

Os datos desagregados para as catro zonas nas que se dividiu o barrio, recóllense na táboa 1. En todas, a presenza de mulleres é maioritaria, se ben as zonas 2 e 3 concentran maior porcentaxe de mulleres.

Táboa 1. Distribución da mostra segundo xénero e zonas.

Datos en porcentaxes.

| Intervalo de idade | % Homes | % Mulleres | % Total |
|--------------------|-----------|------------|------------|
| Zona 1 | 48,5 | 51,5 | 100 |
| Zona 2 | 46,2 | 53,8 | 100 |
| Zona 3 | 46,6 | 53,4 | 100 |
| Zona 4 | 49,2 | 50,8 | 100 |
| Media total | 48 | 52 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

As porcentaxes xerais e as porcentaxes por xénero dos intervalos de idade obsérvanse nas táboas 2 e 3.

Táboa 2. Distribución da mostra por idades, en intervalos.
Datos en porcentaxes.

| Intervalo de idade | % | % acumulada |
|--------------------|-------------|-------------|
| 0-15 | 14,3 | 14,3 |
| 16-25 | 13,3 | 27,6 |
| 26-35 | 16,6 | 44,2 |
| 36-45 | 16 | 60,2 |
| 46-55 | 13,5 | 73,7 |
| 56-65 | 9,53 | 83,3 |
| 66-75 | 9,72 | 93 |
| 76-85 | 5,97 | 99 |
| 86-94 | 1 | 100 |
| Total | 100% | 100% |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

No que atinxe á distribución de xénero en cada intervalo os homes son maioritarios no primeiro grupo de idade (0-25) no que representan o 55,7%. O predominio do grupo de mulleres acrecéntase a medida que aumenta a idade.

Táboa 3. Distribución de xénero por intervalo de idade. Datos en porcentaxes.

| Intervalo de idade | % Homes | % Mulleres | % Total |
|--------------------|-----------|------------|------------|
| 0-25 | 55,7 | 44,3 | 100 |
| 26-35 | 47,7 | 52,3 | 100 |
| 36-45 | 47,3 | 52,7 | 100 |
| 46-55 | 42,9 | 57,1 | 100 |
| 56 e máis | 43,2 | 56,8 | 100 |
| Total | 48 | 52 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Segundo a distribución das persoas das que obtivemos datos por grupos de idade e xénero e as zonas de residencia, entre o colectivo de 25 anos e menos hai unha maior porcentaxe de mulleres que a media para a mostra en todas as zonas a excepción da zona 4 onde a porcentaxe de homes menores de 25 anos case dobra ao de mulleres.

Entre o grupo de 26 a 35 anos, a excepción da zona 3, hai tamén unha maior representación de homes que a media e a porcentaxe de mulleres desta idade non chega ao 43%.

As mulleres acadan maior porcentaxe no grupo de 36-45 anos en todas as zonas salvo na zona 1.

No grupo de 46 a 55 anos atopamos maior porcentaxe de mulleres na zona 3 (64,3%), dez puntos porcentuais por riba que na zona 1 (54,2%).

Xa no grupo de 56 e máis anos, na zonas 1 e 4 as porcentaxes de mulleres alcanzan o 60%, mentres nas outras dúas zonas sitúase no 52%.

Táboa 4. Intervalo de idade por xénero. Datos en porcentaxes.

| Intervalo de idade | Zonas | Homes | Mulleres |
|--------------------|--------|-------|----------|
| 0-25 | zona 1 | 56,9 | 43,1 |
| | zona 2 | 47 | 53 |
| | zona 3 | 47,6 | 52,4 |
| | zona 4 | 63,8 | 36,2 |
| 26-35 | zona 1 | 47,2 | 52,8 |
| | zona 2 | 48,3 | 51,7 |
| | zona 3 | 57,1 | 42,9 |
| | zona 4 | 44,6 | 55,4 |
| 36-45 | zona 1 | 55,2 | 44,8 |
| | zona 2 | 45,3 | 54,7 |
| | zona 3 | 42,8 | 57,2 |
| | zona 4 | 47,2 | 52,8 |
| 46-55 | zona 1 | 45,8 | 54,2 |
| | zona 2 | 41,2 | 58,8 |
| | zona 3 | 35,7 | 64,3 |
| | zona 4 | 44,4 | 55,6 |
| 56 e máis | zona 1 | 39 | 61 |
| | zona 2 | 47,4 | 52,6 |
| | zona 3 | 48 | 52 |
| | zona 4 | 39,8 | 60,2 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Os datos desagregados para as catro zonas nas que se dividiu o barrio, recóllense na táboa 5.

Táboa 5. Intervalo de idade por xénero segundo as zonas de residencia.
Datos en porcentaxes.

| Intervalo de idade | % Homes | % Mulleres | % Total |
|--------------------|-----------|------------|------------|
| Zona 1 | 48,5 | 51,5 | 100 |
| Zona 2 | 46,2 | 53,8 | 100 |
| Zona 3 | 46,6 | 53,4 | 100 |
| Zona 4 | 49,2 | 50,8 | 100 |
| Media total | 48 | 52 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

16.2 Nivel de estudos

No relativo ao nivel de estudos, a categoría maioritaria son os estudos primarios: algo máis do 40% das persoas que responderon á pregunta declara ter estudos primarios. As persoas sen estudos representan o 15,4 % e a categoría de analfabetos o 1,6%. As persoas con estudos secundarios e superiores representan respectivamente o 25,1% e o 15,1%.

Táboa 8. Nivel de estudos. Datos en porcentaxes.

| Estudios | % | % acumulada |
|--------------|------|-------------|
| Analfabeto/a | 1,6 | 1,6 |
| Sen estudos | 15,4 | 17 |
| Primarios | 42,8 | 59,8 |
| Secundarios | 25,1 | 84,9 |
| Superiores | 15,1 | 100 |
| Total | 100% | 100% |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Atendendo ao xénero, hai maior porcentaxe de mulleres analfabetas (2,2% fronte) que de homes (0,9%). O mesmo acontece no caso das persoas sen estudos (18% de mulleres e 12,4% de homes). Pola contra, o colectivo feminino recolle máis casos de mulleres que teñen estudos superiores (16,6%) que o colectivo de homes (13,3%).

Os homes superan en porcentaxe ás mulleres entre as persoas con estudos primarios e secundarios.

Táboa 9. Nivel de estudos segundo xénero. Datos en porcentaxes.

| Nivel de estudos | % homes | % mulleres | %total |
|------------------|------------|------------|------------|
| Analfabeto/a | 0,9 | 2,2 | 1,6 |
| Sen estudos | 12,4 | 18 | 15,4 |
| Primarios | 47,4 | 38,9 | 42,8 |
| Secundarios | 26 | 24,3 | 25,1 |
| Superiores | 13,3 | 16,6 | 15,1 |
| TOTAL | 100 | 100 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

16.3 Nacionalidade

O 96% das persoas das que se obtiveron datos teñen a nacionalidade española. Do 4% restante, o 2,7% son estranxeiros/as non comunitarios/as e o 1,3% estranxeiros/as comunitarios/as.

Do total de persoas estranxeiras, o 53,5% son homes fronte ao 46,5% que son mulleres. No grupo dos non comunitario/as os homes representan o 57,1% e as mulleres o 42,9%.

A maioría das 41 persoas das que temos datos, e que teñen

nacionalidade estranxeira, é xente nova. De feito o 67% ten menos de 35 anos, resultando máis numeroso o colectivo de entre 26 e 35 anos (36,5%).

Segundo a súa procedencia, o colectivo de estranxeiros comunitarios acada maior porcentaxe no grupo de menores de 25 anos, se ben o maior peso da xente nova menor de 20 anos atópase entre o grupo das persoas non comunitarias.

Táboa 10. Distribución das persoas estranxeiras segundo idade e procedencia.

Datos en porcentaxes

| Intervalo de idade | Persoas estranxeiras comunitarias | Persoas estranxeiras non comunitarias | % Total Estranxeira |
|--------------------|-----------------------------------|---------------------------------------|---------------------|
| 0-25 | 35,7 | 29,6 | 31,7 |
| 26-35 | 35,7 | 37 | 36,5 |
| 36-45 | 7,2 | 14,8 | 12,2 |
| 46-55 | 0 | 7,4 | 4,9 |
| 56 e máis | 21,4 | 11,2 | 14,7 |
| Total | 100 | 100 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

A categoría maioritaria de nivel de estudos é a de primarios en ambos grupos: 54,5% no grupo de comunitarios/as e 52% no grupo de non comunitario/as. O nivel de estudos é superior no grupo de estranxeiros comunitarios/as nos que non hai casos de analfabetismo ou sen estudos. No grupo de estranxeiros/as non comunitarios/as estas categorías suman o 12%. Así mesmo, nos/as estranxeiros/as comunitarios/as hai un 36,4% de persoas con estudio superiores fronte ao 8% do grupo de estranxeiros/as non comunitarios/as.

Táboa 11. Nivel de estudos das persoas das que se obtiveron datos nas enquisas.
Datos en porcentaxes.

| Estudos | Estranxeiro/a comunitario/a | Estranxeiro/a non comunitario/a |
|--------------|-----------------------------|---------------------------------|
| Analfabeto/a | - | 4 |
| Sen estudos | - | 8 |
| Primarios | 54,5 | 52 |
| Secundarios | 9,1 | 28 |
| Superiores | 36,4 | 8 |
| Total | 100 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

A metade das persoas estranxeiras comunitarias están ocupadas fronte ao 30,8% de persoas estranxeiras non comunitarias ocupadas. O 45,9% das persoas con nacionalidade española está ocupada.

Un 15,4% das persoas estranxeiras non comunitarias atópase en situación de parada que xa traballou mentres que só o 6,2% das persoas con nacionalidade española está en situación de parado que xa traballou.

Un 30,8% das persoas estranxeiras non comunitarias son escolares/estudantes.

Táboa 12. Nivel de estudos das persoas das que se obtiveron datos nas enquisas. Datos en porcentaxes.

| Actividade | Estranxeiro/a comunitario/a | Estranxeiro/a non comunitario/a | Nacionalidade española |
|-------------------------------|-----------------------------|---------------------------------|------------------------|
| Ocupado/a | 50 | 30,8 | 45,9 |
| Parado/a busca 1º emprego | - | - | 1,6 |
| Parado/a xa traballou | - | 15,4 | 6,2 |
| Xubilado/a | 7,1 | 11,5 | 11,7 |
| Pensionista | 7,1 | - | 9,4 |
| Incapacitado/a para traballar | - | - | 0,4 |
| Escolar/estudante | 21,4 | 30,8 | 17,1 |
| Amo/a de casa | 7,1 | 7,7 | 5,9 |
| Outra situación | 7,1 | 3,8 | 1,7 |
| Total | 100 | 100 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

No grupo de estranxeiros/as non comunitarios/as a ocupación maioritaria é construción, industria, minería e transportes (33,3%) e Peóns e traballadores/as non especializado/as (33,3%). No grupo de estranxeiros/as comunitarios/as a ocupación maioritaria é Construción, industria, minería e transportes (42,9%).

Táboa 13. Ocupación, profesión ou oficio das persoas que se obtiveron datos, segundo a nacionalidade. Datos en porcentaxes.

| Ocupación, profesión ou oficio | Estranxeiro/a comunitario/a | Estranxeiro/a non comunitario/a | Nacionalidade española |
|---|-----------------------------|---------------------------------|------------------------|
| Profesionais, técnicos/as e similares | 14,3 | 16,7 | 18,4 |
| Directivos/as e xerentes da Admón. Pública e de empresas | - | - | 4,3 |
| Servizos administrativos (empresa e Admón. Pública) | 14,3 | - | 11,1 |
| Comercio | 14,3 | - | 10,5 |
| Hostalería, servizos persoais, de protección e seguridade | 14,3 | 16,7 | 19 |
| Agricultura, gandería, silvicultura, pesca e caza | - | - | 3,9 |
| Construción, industria, minería e transportes | 42,9 | 33,3 | 27,4 |
| Peóns e traballadores/as non especializados | - | 33,3 | 4,9 |
| Profesionais das forzas armadas | - | - | 0,4 |
| TOTAL | 100 | 100 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

O 42,9% dos/as persoas estranxeiras comunitarias e o 44,4% das persoas estranxeiras non comunitarias son asalariadas con contrato indefinido fronte a unha porcentaxe de 54,6% nas persoas con nacionalidade española.

Os/as asalariados/as con contrato temporal son o 57,1% nos/as estranxeiros/as comunitarios/as, o 44,4% nos/as estranxeiros/as non comunitarios/as e o 26,5 % do grupo de nacionalidade española. Ás persoas estranxeiras aféctalles en maior medida que ás persoas con nacionalidade española a temporalidade no emprego.

Táboa 14. Situación profesional das persoas que se obtiveron datos, segundo a nacionalidade. Datos en porcentaxes.

| Situación profesional | Estranxeiro/a comunitario/a | Estranxeiro/a non comunitario/a | Nacionalidad e española |
|---|-----------------------------|---------------------------------|-------------------------|
| Empresario/a, profesional ou autónomo/a que emprega persoal | - | - | 3,4 |
| Empresario/a, profesional ou autónomo/a que non emprega persoal | - | - | 7,4 |
| Axuda no negocio familiar | - | - | 0,4 |
| Asalariado/a con contrato indefinido | 42,9 | 44,4 | 54,6 |
| Asalariado/a con contrato temporal ou homólogos | 57,1 | 44,4 | 26,5 |
| Traballa sen contrato para outra persoa ou empresa | - | - | 1,8 |
| Outra situación | - | 11,2 | 5,8 |
| TOTAL | 100 | 100 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

17 Problemas de mobilidade persoais e dependencia

17.1 Persoas con problemas específicos

O 86,1% das persoas das que se obtiveron datos declaran non ter ningún tipo de minusvalía, enfermidade crónica, toxicomanía ou problemas de mobilidade. O 13,9% declara ter algún destes problemas. Por xénero, este tipo de problemáticas afectan case o dobre máis ás mulleres (18%) que aos homes (9,6%). Esta maior afectación maniféstase especialmente no que atinxe a minusvalía física, mobilidade reducida e enfermidade crónica.

Do 13,9% que declara ter algún destes problemas destacan o 7% de persoas con enfermidade crónica, o 3,4% con minusvalía física e o 3% que declara ter mobilidade reducida.

Táboa 15. Persoas con problemas específicos. Datos en porcentaxes.

| Problemática | % xeral | % homes | % mulleres |
|---------------------|------------|------------|------------|
| Ningunha | 86,1 | 90,4 | 80,2 |
| Minusvalía física | 3,4 | 1,8 | 4,8 |
| Minusvalía psíquica | 0,4 | 0,6 | 0,2 |
| Toxicomanía | 0,2 | 0,2 | 0,2 |
| Mobilidade reducida | 3 | 1,6 | 4,2 |
| Enfermidade crónica | 7 | 5,3 | 8,6 |
| Total | 100 | 100 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

O 95,7% das persoas das que se obtiveron datos non teñen ningún tipo de dependencia. O 4,3% restante distribúese da seguinte maneira: o 2,5% son dependentes de 1º grao, o 0,6% son dependentes de 2º grao e o 1,2% dependentes de 3º grao.

Táboa 16. Persoas dependentes e grao de dependencia. Datos en porcentaxes.

| Tipo de dependencia | % |
|----------------------|------------|
| Ningunha | 95,7 |
| Dependencia grao I | 2,7 |
| Dependencia grao II | 0,6 |
| Dependencia grao III | 1,2 |
| Total | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Do conxunto de persoas dependentes o 31,7% son homes e o 68,2% son mulleres. Das persoas dependentes de Iº grao o 25% son homes e o 75% mulleres; das persoas dependentes de IIº grao o 50% son homes e o 50% mulleres; das persoas dependentes de IIIº grao o 25% son homes e o 75% son mulleres.

O colectivo de persoas dependentes concéntrase nos grupos de maior idade. O 76,8% ten 56 e máis anos, alcanzando as maiores porcentaxes entre as persoas de 75 e máis anos.

Tendencia que sen repite se temos en conta o nivel de dependencia; o 72% das persoas cun nivel de Grao I son maiores de 56 anos, porcentaxe moi similar (75,1%) ao das persoas de nivel de dependencia de Grao III. O 100% das persoas cun nivel de dependencia de Grao II teñen 56 ou máis anos.

Táboa 17. Persoas dependentes e grao de dependencia segundo tramos de idade.
Datos en porcentaxes.

| Idade | Grao I | Grao II | Grao III | Total |
|--------------|------------|------------|------------|------------|
| 0-25 | 4 | 0 | 8,3 | 4,6 |
| 26-35 | 4 | 0 | 0 | 2,3 |
| 36-45 | 4 | 0 | 16,6 | 7 |
| 46-55 | 16 | 0 | 0 | 9,3 |
| 56 e máis | 72 | 100 | 75,1 | 76,8 |
| Total | 100 | 100 | 100 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

O 100% das persoas dependentes está desocupada. O grupo maioritario é o de pensionistas (46,5%) seguido do colectivo de persoas xubiladas (34,9%).

Segundo o nivel de dependencia, o 44% das persoas de Grao I son pensionistas, ascendendo a porcentaxe ata o 66,7% no caso das persoas con nivel de dependencia de Grao III. As persoas xubiladas son maioría (66,7%) entre o colectivo de dependencia de Grao II.

Táboa 18. Persoas dependentes e grao de dependencia segundo actividade.
Datos en porcentaxes.

| Actividade | Grao I | Grao II | Grao III | Total |
|----------------------|------------|------------|------------|------------|
| Xubilado/a | 36 | 66,7 | 16,7 | 34,9 |
| Pensionista | 44 | 16,7 | 66,7 | 46,5 |
| Escolar ou estudante | 4 | 0 | 0 | 2,3 |
| Amo/a de casa | 8 | 0 | 8,3 | 7 |
| Outra situación | 8 | 16,6 | 8,3 | 9,3 |
| Total | 100 | 100 | 100 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

A porcentaxe de persoas que non utilizan ningún medio de transporte aumenta a medida que aumenta o grao de dependencia: do 18,3% das persoas sen dependencia ata o 72,7% das persoas con IIIº grao de dependencia.

As persoas dependentes de Iº grao utilizan nun 40% o autobús e nun 16% o coche mentres as persoas dependentes de IIº grao utilizan o coche e o autobús nun 16,7% en ambos casos. As persoas dependentes de IIIº grao utilizan o coche nun 18,2% e o autobús nun 9,1% dos casos.

Táboa 19. Persoas dependentes, grao de dependencia e medio de transporte máis utilizado. Datos en porcentaxes.

| Medio de Transporte | Non dependente | Grao I | Grao II | Grao III |
|---------------------|----------------|------------|------------|------------|
| Ningún | 18,3 | 36 | 50 | 72,7 |
| Autobús | 26,3 | 40 | 16,7 | 9,1 |
| Taxi | 1 | 4 | - | - |
| Moto/Ciclomotor | 3,7 | - | - | - |
| Coche | 48,8 | 16 | 16,7 | 18,2 |
| Furgoneta | 1,1 | - | - | - |
| Outro | 0,8 | 4 | 16,7 | - |
| Total | 100 | 100 | 100 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Do total de persoas que declaran ter algunha problemática específica, só ten recoñecida a condición de dependente o 27,5%: 16,6% de Iº grao, 3,6% de IIº grao e 7,25% de IIIº grao.

Por problemáticas maioritarias as porcentaxes son as seguintes:

- Minusvalía física: non teñen recoñecida a condición de persoas dependentes o 64,7%, mentres que son dependentes de Iº grao o 17,6%, de IIº grao o 2,9% e de IIIº grao o 14,7%.
- Mobilidade reducida: non teñen recoñecida a condición de dependentes o 46,7%, mentres que son dependentes de Iº grao o 33%, de IIº grao o 10% e de IIIº grao o 10%.
- Enfermidade crónica: non teñen recoñecida a condición de dependentes o 89,7%, mentres que son dependentes de Iº grao o 8,8% e de IIIº grao o 1,5%.

Táboa 20. Persoas con problemas específicos e grao de dependencia.
Datos en porcentaxes.

| Problemática | Non Dependente | Dependente Iº grao | Dependente IIº grao | Dependente IIIº grao | Total |
|---------------------|----------------|--------------------|---------------------|----------------------|-------|
| Minusvalía física | 64,7 | 17,6 | 2,9 | 14,7 | 100 |
| Minusvalía psíquica | 25 | 25 | 25 | 25 | 100 |
| Toxicomanía | 100 | - | - | - | 100 |
| Mobilidade reducida | 46,7 | 33,3 | 10 | 10 | 100 |
| Enfermidade crónica | 89,7 | 8,8 | - | 1,5 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

En todas as problemáticas a actividade da persoa ocupado é inexistente, con excepción das persoas con minusvalía física e con enfermidade crónica, nas que o índice de ocupadas ascende ao 11,8% e ao 26,8% respectivamente. En todas as problemáticas a suma das actividades de xubilado/a e pensionista oscila entre o 47,9% e o 80%.

Táboa 21. Persoas con problemas específicos e actividade. Datos en porcentaxe.

| Actividade | Minusvalía física | Minusvalía psíquica | Toxicomanía | Mobilidade reducida | Enfermidade crónica |
|---------------------------|-------------------|---------------------|-------------|---------------------|---------------------|
| Ocupado/a | 11,8 | - | - | - | 26,8 |
| Parado/a busca 1º emprego | - | - | - | - | 1,4 |
| Parado/a que traballou | 2,9 | - | 50 | - | 5,6 |
| Xubilado/a | 20,6 | - | 50 | 46,7 | 26,8 |
| Pensionista | 50 | 75 | - | 33,3 | 21,1 |
| Incapacitado/a | 2,9 | 0 | - | 3,3 | 1,4 |
| Escolar | 2,9 | 25 | - | 3,3 | 4,2 |
| Amo/a de casa | 8,8 | 0 | - | 10 | 5,6 |
| Outro | - | 0 | - | 3,3 | 7 |
| Total | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Só temos datos significantes sobre ocupación para as persoas con minusvalía física e con enfermidade crónica. No primeiro caso as porcentaxes de ocupacións son as seguintes: profesionais, técnicos/as e similares (40%), servizos administrativos (empresa e admón. pública) (20%), comercio (20%) e construción, industria, minería e transportes (20%).

No segundo caso as porcentaxes ocupacións son as seguintes: profesionais, técnicos/as e similares (20%), directivos/as e xerentes de administración pública e empresas (5%), comercio (15%), hostalería, servizos persoais, de protección e seguridade (25%), construción, industria, minería e transportes (20%), peóns e

traballadores/as non especializados (15%).

Para as persoas con minusvalía física as porcentaxes de situacións profesionais son as seguintes: asalariado/a con contrato indefinido (75%) e asalariado/a con contrato temporal ou homólogo (25%).

Para as persoas con enfermidade crónica as porcentaxes de situacións profesionais son as seguintes: empresario/a, profesional ou autónomo/a que non emprega persoal (15%), asalariado/a con contrato indefinido (40%), asalariado/a con contrato temporal ou homólogo (35%) e outra situación (10%).

Para as principais problemáticas as porcentaxes de medio de transporte máis utilizado son as seguintes:

- Minusvalía física: coche (35,9%), autobús (32,4%), ningún (26,5%) e taxi (5,9%).
- Minusvalía psíquica: ningún (75%) e autobús (25%).
- Mobilidade reducida: ningún (33,3%), autobús (33,3%), coche (16,7%), taxi (13,3%) e outros (3,3%).
- Enfermidade crónica: autobús (38,6%), ningún (30%), coche (25,7%) moto/ciclomotor (2,9%) e outros (2,9%).

As persoas que padecen algún tipo de minusvalía física vense afectadas, de xeito destacado, pola mala pavimentación (85,3%), a ausencia de beirarrúas e o tráfico pesado (76,5% respectivamente) así como as costas.

En canto ás persoas con minusvalías psíquicas, os problemas que máis lles afectan son o tráfico pesado (100%), as costas e a mala pavimentación (75% respectivamente).

Para as persoas de mobilidade reducida o problema máis mencionado é a ausencia de beirarrúas (90%); o seguinte problema en importancia é a mala pavimentación (76,7%)

Xa por último, no referido ás persoas con enfermidade crónica, estas afirman que a ausencia de beirarrúas é o problema que lles afecta en maior medida (83,1%); séguelle a mala pavimentación e o tráfico pesado, ambas co 67,6%.

Táboa 22. Persoas con problemas específicos e incidencia dos problemas do barrio na súa saúde. Datos en porcentaxe.

| | Escaleiras | Costas | Pasos estreitos | Mala pavimentación | Sen beirarrúas | Tráfico pesado |
|---------------------|------------|--------|-----------------|--------------------|----------------|----------------|
| Minusvalía física | 26,5 | 61,8 | 58,8 | 85,3 | 76,5 | 76,5 |
| Minusvalía psíquica | 25 | 75 | 25 | 75 | 50 | 100 |
| Toxicomanía | - | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |
| Mobilidade reducida | 6,7 | 50 | 73,3 | 76,7 | 90 | 70 |
| Enfermidade crónica | 28,2 | 50,7 | 45,1 | 67,6 | 83,1 | 67,6 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

17.2 Asunción de labores de atención ás persoas dependentes.

O 15,3% das persoas das que se obtiveron datos residen nun fogar no que viven persoas con algún tipo de dependencia. Desta porcentaxe destaca o feito de que ata un 40,6% non asume ningunha responsabilidade na atención a persoas dependentes residentes no fogar e un 6% presta un pequeno apoio. Un 12,8% asume estas funcións en exclusiva e un 33,1% asúmeo de maneira equitativa con outros membros da familia.

Do grupo de persoas que asume en exclusiva labores de atención, o 52,9% son mulleres e o 47,1% son homes. Do grupo que asume gran parte coa axuda doutros membros, o 30% son homes e o 70% son mulleres. Do grupo que asume estas labores equitativamente o 43,2% son homes e o 56,8% son mulleres. Do grupo que presta un pequeno apoio o 75% son homes e o 25% son mulleres. Finalmente, do grupo que non asume esa responsabilidade o 44,4% son homes e o 55,6% son mulleres.

Táboa 23. Atención ás persoas dependentes. Datos en porcentaxe.

| Asunción de labores de atención | % |
|--------------------------------------|------------|
| En exclusiva | 12,8 |
| Gran parte con axuda doutros membros | 7,5 |
| Equitativamente con outros membros | 33,1 |
| Presta un pequeno apoio | 6 |
| Non asume responsabilidade | 40,6 |
| Total | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

O colectivo feminino é o que desenvolve, na gran maioría dos casos, as labores de atención e coidado das persoas dependentes. Se ben os datos indican que homes (47,1%) e mulleres (52,9%) participan en exclusiva nestes coidados, o 70% das mulleres sinala que sobre ela recae gran parte deste traballo, fronte ao 30% dos homes. Pola contra, os homes dedícanse a prestar só un pequeno apoio (75%).

Táboa 24. Atención ás persoas dependentes e xénero. Datos en porcentaxe.

| Asunción de labores de atención | Homes | Mulleres | Total |
|--------------------------------------|-------|----------|-------|
| En exclusiva | 47,1 | 52,9 | 100 |
| Gran parte con axuda doutros membros | 30 | 70 | 100 |
| Equitativamente con outros membros | 43,2 | 56,8 | 100 |
| Presta un pequeno apoio | 75 | 25 | 100 |
| Non asume responsabilidade | 44 | 55,6 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

No grupo de persoas que asume as labores de atención en exclusiva, predomina o grupo de estudos primarios (52,8%) e sen estudos (23,5%).

No grupo de persoas que asume as labores de atención en gran parte e con axuda doutros membros predomina o grupo de estudos superiores (40%) e o de estudos primarios (30%).

No grupo de persoas que asume as labores de atención equitativamente predomina o grupo de estudos secundarios (34,9%) e primarios (27,9%).

No grupo de persoas que asume as labores de atención prestando só

un pequeno apoio predomina os grupo de estudos primarios (57,1%) e secundarios (28,6%).

No grupo de persoas que non asume as labores de atención predomina o grupo de estudos secundarios (31,3%) e primarios (29,3%).

Táboa 25. Atención ás persoas dependentes e nivel de estudos.

Datos en porcentaxe.

| Asunción de labores de atención | Analfabeto/a | Sen estudos | Estudios primarios | Estudios secundarios | Estudios Superiores | TOTAL |
|--------------------------------------|--------------|-------------|--------------------|----------------------|---------------------|-------|
| En exclusiva | - | 23,5 | 52,9 | 11,8 | 11,8 | 100 |
| Gran parte con axuda doutros membros | - | 20 | 30 | 10 | 40 | 100 |
| Equitativamente con outros membros | - | 23,3 | 27,9 | 34,9 | 14 | 100 |
| Presta un pequeno apoio | - | - | 57,1 | 28,6 | 14,3 | 100 |
| Non asume responsabilidade | 6,3 | 25 | 29,3 | 31,3 | 8,3 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

En todas as categorías de asunción de labores de atención, as persoas ocupadas representan as porcentaxes maioritarias:

- Das persoas que asumen en exclusiva as labores de atención os/as ocupados/as e xubilados/as son o 29,4% respectivamente e o grupo de amo/a de casa o 17,6%.
- Das persoas que asumen en gran parte estas labores con axuda doutros os/as ocupados/as e os/as pensionistas son o 30%.

- Das persoas que asumen equitativamente estas labores os/as ocupado son o 61,4%.
- Das persoas que prestan un pequeno apoio o 50% son ocupados/as e o 25% estudantes/escolares.
- Das persoas que non asumen ningunha responsabilidade o 25,9% son ocupados e o 22,2% son pensionistas.

Táboa 26. Atención ás persoas dependentes e actividade. Datos en porcentaxe.

| Actividade | En exclusiva | Gran parte, con axuda doutros | Equitativa-mente con outros membros | Presta un pequeno apoio | Non asume responsabilidade |
|---------------------------|--------------|-------------------------------|-------------------------------------|-------------------------|----------------------------|
| Ocupado/a | 29,9 | 30 | 61,4 | 50 | 25,9 |
| Parado/a busca 1º emprego | - | - | - | - | 1,9 |
| Parado/a que xa traballou | 5,9 | 10 | - | 12,5 | 7,4 |
| Xubilado/a | 29,4 | 30 | 22,7 | 12,5 | 13 |
| Pensionista | 11,8 | 20 | 13,6 | - | 22,2 |
| Escolar/estudante | - | - | 2,3 | 25 | 18,5 |
| Amo/a de casa | 17,6 | 10 | - | - | 5,6 |
| Outra situación | 5,9 | - | - | - | 5,6 |
| Total | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Atendendo á profesión ou oficio desenvolto a asunción de labores de dependencia varían:

- Os profesionais técnicos e profesionais do comercio son os colectivos que desenvolve estas funcións en exclusiva.
- Aquelas persoas que asumen a gran parte das labores, pero con axuda de outros, son no 75% directivos, e xerentes de administración pública ou empresas.
- Máis repartidos son os casos das persoas que din asumir estas labores de forma equitativo con outros membros da familia.
- Entre as persoas que prestan un pequeno apoio atópanse os profesionais técnicos e os da construción, industria, minería e transportes.
- Por último, o grupo de persoas que recoñece non asumir responsabilidade algunha concéntranse basicamente no sector da construción e da hostalería.

Táboa 27. Atención ás persoas dependentes e ocupación. Datos en porcentaxe.

| Ocupación | En exclusiva | Gran parte, con axuda doutros | Equitativa-mente con outros membros | Presta un pequeno apoio | Non asume responsabi-lidade |
|---|--------------|-------------------------------|-------------------------------------|-------------------------|-----------------------------|
| Profesionais técnicos e similares | 33,3 | 25 | 23,1 | 60 | 11,1 |
| Directivos, Xerentes de Admón P. e empresas | - | 75 | - | - | 5,6 |
| Servizos Administrativos | - | - | 7,7 | - | 11,1 |
| Comercio | 33,3 | - | 15,4 | - | - |
| Hostalería, servizos persoais, etc | 16,7 | - | 19,2 | - | 22,2 |
| Agricultura, gandería, silvicultura, pesca e caza | - | - | - | - | 5,6 |
| Construción, industria, minería e transportes | 16,7 | - | 30,8 | 40 | 38,9 |
| Peóns e traballadores non especializados | - | - | 3,8 | - | 5,6 |
| Total | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

17.3 Dispoñibilidade de servizos contratados de limpeza ou de asistencia a domicilio para a infancia e persoas maiores

Só o 10,8% dos fogares dispón deste servizo, fronte ao 89,2% que non fai uso del.

Se observamos os fogares nos que reside algunha persoa con algún tipo de dependencia, estes recorren, en maior porcentaxe, aos servizos de limpeza ou asistencia a domicilio. O 50% das persoas con dependencia de grao II contan con este servizo. Porcentaxe que descende ata o 33% no caso do nivel de dependencia de grao III, sendo do 28,8% cando o nivel de dependencia é de grao I.

Naquelas vivendas nas que non hai persoas dependentes a porcentaxe é do 9,8%.

Táboa 30. Dispoñibilidade do servizo de asistencia e coidado e dependencia.

Datos en porcentaxes.

| Dispoñibilidade do servizo de asistencia e coidado | Non Dependente | Dependente Iº grao | Dependente IIº grao | Dependente IIIº grao |
|--|----------------|--------------------|---------------------|----------------------|
| SI | 9,8 | 28,8 | 50 | 33,3 |
| NON | 90,2 | 72 | 50 | 66,7 |
| Total | 100 | 100 | 100 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

18 Problemas de mobilidade

No que se refire ao estado das beirarrúas, o tráfico perigoso e o pavimento en mal estado, a porcentaxe de persoas que declara ter problemas de mobilidade a pé supera amplamente á porcentaxe de persoas que declara non telos. Nos tres casos arredor de 2 de cada 3 persoas declara ter problemas de mobilidade: beirarrúas (69%), tráfico perigoso (68,1%), pavimento en mal estado (66%).

No que se refire a costas ou pendentes e a pasos estreitos, a porcentaxe de persoas que declara ter problemas de mobilidade a pé é inferior á porcentaxe de persoas que declara non telos. Porén, a porcentaxe de persoas con problemas de mobilidade nestes ámbitos continua a ser alto: costas ou pendentes (41,7%) e pasos estreitos (46%).

Só no que se refire a escaleiras, a porcentaxe de persoas que declara ter problemas de mobilidade a pé é moi inferior (16,3%) respecto á porcentaxe de persoas que declara non telos (83,7%).

Táboa 28. Dificultades de mobilidade a pé. Datos en porcentaxes.

| Dificultade | % SI | % NON |
|------------------|------|-------|
| Escaleiras | 16,3 | 83,7 |
| Costas | 41,7 | 58,3 |
| Pasos estreitos | 46 | 54 |
| Mal pavimentado | 66 | 33 |
| Beirarrúas | 69 | 30 |
| Tráfico perigoso | 68,1 | 31,9 |
| Outros | 28,2 | 71,8 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Un 28,2% das persoas enquisadas declaran ter problemas de mobilidade a pé como consecuencia doutros motivos. Indícanse ata 67 aspectos que xeran problemas de mobilidade: alumeado, acceso, salubridade, tráfico, aparcadoiros, barreiras arquitectónicas, falla de equipamentos ...

Segundo a zona de residencia a percepción das problemáticas varían. Como cuestión xeral convén sinalar as maiores dificultades que perciben as persoas entrevistadas na zona 3 sobre o resto dos seus veciños e veciñas que residen noutras zonas do barrio:

- As escaleiras son sinaladas en maior porcentaxe (33%) polas veciñas e veciños da zona 3, mentres que este é un problema para o 8,7 por cento das persoas da zona 2.
- No caso das costas, volven ser as persoas entrevistadas na zona 3 quen mais sinalan este problema (54,2%), fronte ao 35,7 das da zona 2.
- Os pasos estreitos son sinalado polo 58,5 por cento das persoas residentes na zona 3.
- O 75 por cento das entrevistas realizadas na zona 3 sinalan esta problemática, porcentaxe que baixa ata o 61) no resto das zonas.
- As beiraruas é un problema para case o 80 por cento das persoas da zona 3, e para o 65) das outras zonas do barrio.
- Os perigos derivados do tráfico é sinalado en porcentaxes similares nas catro zonas.

Táboa 29. Dificultades de mobilidade a pé. Datos en porcentaxes.

| Dificultade | zona 1 | zona 2 | zona 3 | zona 4 | Total Mostra |
|------------------|--------|--------|--------|--------|--------------|
| Escaleiras | 17 | 8,7 | 33,3 | 17 | 16,3 |
| Costas | 43,8 | 35,7 | 54,2 | 43,8 | 41,7 |
| Pasos estreitos | 43,8 | 40 | 58,3 | 43,8 | 46 |
| Mal pavimentado | 61,6 | 60,9 | 75 | 61,6 | 66 |
| Beirarrúas | 65,2 | 65,2 | 79,2 | 65,2 | 69 |
| Tráfico perigoso | 67,9 | 65,2 | 66,7 | 67,9 | 68,1 |
| Outros | 26,8 | 25,2 | 62,5 | 28,6 | 28,2 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

19 Lugar de residencia e vivenda

19.1 Lugar de residencia anterior

Máis da metade das persoas das que se obtiveron datos nas enquisas, viviron e viven actualmente no barrio de Teis (56,1%), sempre na mesma vivenda (25,4%) ou noutra do mesmo barrio (30,7%). O 43,9 % restante residiron nalgún momento das súas vidas fora do barrio de Teis. Un 24,8% residiu anteriormente noutro barrio de Vigo e un 12,5% noutro concello galego. Destaca o 5,3% de persoas das que se obtiveron datos que residiron anteriormente noutro país, o que indica unha importante concentración de poboación inmigrante ou orixinaria retornada.

Táboa 31. Lugar de residencia anterior das persoas das que se obtiveron datos nas enquisas. Datos en porcentaxes.

| Lugar de residencia anterior | % | % acumulada |
|------------------------------|------------|-------------|
| Sempre na mesma vivenda | 25,4 | 25,4 |
| Noutra do mesmo barrio | 30,7 | 56,1 |
| Noutro barrio de Vigo | 24,8 | 80,9 |
| Noutro concello de Galicia | 12,5 | 93,4 |
| Noutra Comunidade Autónoma | 1,4 | 94,7 |
| Noutro país | 5,3 | 100 |
| Total | 100 | |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Un 41,2% de persoas leva menos de 10 anos residindo na súa vivenda e o 21,2% entre 11 e 20 anos. O 16,2% leva vivindo na súa vivenda entre 21 e 30 anos e o 20,8% máis de 30 anos. Estes datos non

indican a antigüidade da vivenda, pois unha porcentaxe das persoas das que temos datos teñen unha idade baixa e poden levar vivindo poucos anos en vivendas antigas.

Táboa 32. Antigüidade na vivenda. Datos en porcentaxes.

| Intervalos de antigüidade na vivenda | % | % acumulada |
|--------------------------------------|------|-------------|
| 0-5 | 28,2 | 28,2 |
| 6-10 | 13 | 41,2 |
| 11-15 | 11,6 | 52,8 |
| 16-20 | 9,6 | 62,4 |
| 21-25 | 10,2 | 72,6 |
| 25-30 | 6,6 | 79,2 |
| 31-35 | 5,1 | 84,3 |
| 36-40 | 5,4 | 89,7 |
| 41-45 | 4,2 | 93,9 |
| 46-50 | 1,9 | 95,8 |
| 51 | 4,2 | 100 |
| TOTAL | 100 | |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

19.2 Número de persoas con residencia permanente por vivenda

O 85,2% das vivendas enquisadas están formadas por entre 1 e 4 persoas. As familias de 5 a 11 membros (tendo en conta que non hai ningún fogar de 10 membros) representan un total do 14,8%.

A vivenda de 3 residentes é a categoría máis frecuente (27,8%), seguida das vivendas con 2 e 4 membros, que representan o 24,4% e o 21,3% respectivamente. Debemos destacar que existe un 11,7% de vivendas unipersoais.

Táboa 33. Número de persoas con residencia permanente na vivenda.
Datos en porcentaxes.

| Nº de persoas | % | % acumulada |
|---------------|------------|-------------|
| 1 | 11,7 | 11,7 |
| 2 | 24,4 | 36,1 |
| 3 | 27,8 | 63,9 |
| 4 | 21,3 | 85,2 |
| 5 | 7,7 | 92,9 |
| 6 | 3,7 | 96,9 |
| 7 | 0,6 | 97,2 |
| 8 | 1,5 | 98,8 |
| 9 | 0,9 | 99,7 |
| 11 | 0,3 | 100 |
| TOTAL | 100 | |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

19.3 Número de habitacións ou salas da vivenda descontando cociña e baños

A categoría maioritaria é a de 4 habitacións/salas na que se integran algo máis dunha terceira parte das vivendas (37,7%), seguida das vivendas con 3 habitacións/salas (24,5%) e das vivendas con 5 habitacións/salas (18,2). Polo tanto, case dous tercios (62,2%) das vivendas de Teis teñen 3 ou 4 habitacións/salas e no intervalo de 3-5 habitacións/salas agrúpanse o 80,45 das vivendas.

Tan só o 6,6% das vivendas teñen 1 ou 2 habitacións/salas. Por outra parte, o 12,9% das vivendas teñen entre 6 e 10 habitacións/salas.

Táboa 34. Número de habitacións ou salas da vivenda. Datos en porcentaxes.

| Nº | % | % acumulada |
|--------------|------------|-------------|
| 1 | 0,6 | 0,6 |
| 2 | 6 | 6,6 |
| 3 | 24,5 | 31,1 |
| 4 | 37,7 | 68,9 |
| 5 | 18,2 | 87,1 |
| 6 | 6,3 | 93,4 |
| 7 | 4,7 | 98,1 |
| 8 | 0,6 | 98,7 |
| 9 | 0,6 | 99,3 |
| 10 | 0,7 | 100 |
| TOTAL | 100 | |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

19.4 Instalacións e equipamentos na vivenda

Polo xeral, practicamente todas as vivendas de Teis dispoñen das instalacións e equipamentos seguintes: auga corrente, auga quente, cuarto de baño, cociña e teléfono. Debemos destacar como aspecto negativo o feito de que un 0,9% dos fogares carece de auga corrente, o 2,5% de auga quente, o 1,8% de baño, o 1,2% de cociña e o 4,9% de teléfono.

Nos casos da calefacción (da que carece o 44,2%), internet (da que carece o 52,8%) e o cuarto de aseo (do que carecen o 66,9% das vivendas), as porcentaxes negativas son máis significativas.

Táboa 35. Instalacións e equipamentos na vivenda. Datos en porcentaxes.

| Equipamento | Si | Non | TOTAL |
|----------------|------|------|-------|
| Auga corrente | 99,1 | 0,9 | 100 |
| Auga quente | 97,5 | 2,5 | 100 |
| Cuarto de baño | 98,2 | 1,8 | 100 |
| Cuarto de aseo | 33,1 | 66,9 | 100 |
| Só retrete | - | 100 | 100 |
| Cociña | 98,8 | 1,2 | 100 |
| Calefacción | 55,8 | 44,2 | 100 |
| Teléfono | 95,1 | 4,9 | 100 |
| Internet | 47,2 | 52,8 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

19.5 Réxime de tenencia da vivenda

O 54,7% das vivendas está en réxime de propiedade e xa pagada e o 19,3% está en réxime de propiedade pero aínda a está pagando. Polo tanto, case tres cuartos (74%) das vivendas teñen como inquilinos aos/ás seus/súas propietarios/as. Un 19,3% das vivendas son de aluguer e un 6% cedidas.

Táboa 36. Réxime de tenencia da vivenda. Datos en porcentaxes.

| Réxime | % |
|----------------------------|------|
| Propiedade, xa pagada | 54,7 |
| Propiedade, pagándoa aínda | 19,3 |
| Aluguer | 19,3 |
| Cedida | 6 |
| Outra | 0,6 |
| TOTAL | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

19.6 Previsión de cambio de vivenda

O 82,8% das unidades familiares ou convivencias das vivendas non teñen previsto a curto e medio prazo cambiar de vivenda, mentres un 17,2% si o ten previsto. Desta porcentaxe que si ten decidido mudarse de vivenda a curto ou medio prazo, un 39,2% ten pensado trasladarse a outra casa no mesmo barrio, un 37,3% a outro barrio de Vigo, un 19,6% a outro concello de Galicia e o 3,9% a algún lugar do España fóra de Galicia.

Táboa 69. Lugar de traslado de vivenda. Datos en porcentaxes.

| Lugar | % |
|----------------------|------|
| Outra casa en Teis | 39,2 |
| Outro barrio de Vigo | 37,3 |
| En Galicia | 19,6 |
| En España | 3,9 |
| TOTAL | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

20 Situación laboral-profesional e nivel de ingresos

20.1 Actividade

O 45,8% das persoas das que se obtiveron datos atópase ocupada e un 8% en situación de desemprego, incluíndo nesta categoría os/as que buscan o primeiro emprego e os/as que xa traballaron antes. Os grupos de persoas xubiladas e pensionistas representan respectivamente o 11,6% e o 9,1% respectivamente, o que en conxunto suma o 20,5% do total. O grupo do estudiantado representa o 17,6% e o de mas/os de casa o 6%.

Táboa 37. Actividade. Datos en porcentaxes

| Actividade | % |
|-------------------------------|------|
| Ocupado/a | 45,8 |
| Parado busca primeiro emprego | 1,6 |
| Parado que traballou antes | 6,4 |
| Xubilado | 11,6 |
| Pensionista | 9,1 |
| Incapacitado | 0,4 |
| Estudiante | 17,6 |
| Ama/o de casa | 6 |
| Outra situación | 1,9 |
| TOTAL | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

A taxa de actividade mide a porcentaxe de poboación activa (persoas ocupadas e persoas que buscan un emprego) a respecto da

poboación total. No caso de Teis a taxa de actividade é do 53,42%.

Se calculamos esta taxa para cada xénero, obtemos que o resultado é moito menor no caso das mulleres que no dos homes. Para as primeiras a taxa de actividade é do 48,5%, mentres que para os segundos acada un valor de 58,81%.

Respecto do desemprego, a taxa total é do 14,84%, sendo no caso das mulleres maior, cun 16,99%, mentres que os homes desempregados representan o 12,89% dos activos.

Os datos relativos á relación entre actividade e xénero pódense analizar desde dous puntos de vista: a) a distribución de xénero por tipo de actividade, é dicir, qué porcentaxes de homes e mulleres temos, por exemplo, na actividade de ocupados; b) e a distribución das actividades por cada xénero, é dicir, qué porcentaxe de ocupados ou de amos de casa, por exemplo, temos no grupo de homes e no grupo de mulleres.

No que atinxe ao primeiro enfoque, a distribución de xénero por tipo de actividade, destacan os seguintes datos:

- Do número total de persoas ocupadas, son homes o 53,8%, e mulleres o 46,2%.
- No grupo de persoas paradas que xa traballaron, as mulleres son maioritarias, representando o 55,4%; o 44,6% son homes.
- No grupo de persoas xubiladas, as mulleres representan o 34,5% fronte ao 65,5% que representan os homes, é dicir, por cada muller xubilada hai dous homes xubilados.

- A situación invértese, máis acusadamente, no grupo de pensionistas: o 81,7% das persoas pensionistas son mulleres, fronte ao 18,3% de homes.
- No grupo de amos/as de casa só o 1,6% son homes fronte unha abrumadora maioría de mulleres (98,4%).

Táboa 6. Distribución de xénero por actividade. Datos en porcentaxes.

| Actividade | % homes | % mulleres | TOTAL |
|-------------------------------|---------|------------|-------|
| Ocupado/a | 53,8 | 46,2 | 100 |
| Parado busca primeiro emprego | 50 | 50 | 100 |
| Parado que traballou antes | 44,6 | 55,4 | 100 |
| Xubilado | 65,5 | 34,5 | 100 |
| Pensionista | 18,3 | 81,7 | 100 |
| Incapacitado | 50 | 50 | 100 |
| Estudante | 53,9 | 46,1 | 100 |
| Ama/o de casa | 1,6 | 98,4 | 100 |
| Outra situación | 31,6 | 68,4 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Se enfocamos diferenciadamente cada xénero e calculamos a distribución nas diferentes relacións coa actividade, obtemos os seguintes datos:

- No grupo de homes os ocupados son o 51,2% fronte o 40,3% de ocupadas no grupo de mulleres.
- No grupo de homes os xubilados son o 16% fronte o 7,7% de xubiladas no grupo de mulleres.
- No grupo de homes os pensionistas son o 3,5% fronte ao 14,2%

de pensionistas no grupo de mulleres.

- No grupo de homes os estudantes son o 19,9% fronte ao 15,5% de estudantes no grupo de mulleres.
- No grupo de homes os amos de casa son só un insignificante 0,2% fronte ao 11,2% de mulleres amas de casa.

Táboa 7. Distribución de actividades en cada xénero. Datos en porcentaxes.

| Actividade | % homes | % mulleres | % |
|-------------------------------|------------|------------|------------|
| Ocupado/a | 51,2 | 40,3 | 45,8 |
| Parado busca primeiro emprego | 1,6 | 1,5 | 1,6 |
| Parado que traballou antes | 5,9 | 6,7 | 6,4 |
| Xubilado | 16 | 7,7 | 11,6 |
| Pensionista | 3,5 | 14,2 | 9,1 |
| Incapacitado | 0,4 | 0,4 | 0,4 |
| Estudante | 19,9 | 15,5 | 17,6 |
| Ama/o de casa | 0,2 | 11,2 | 6 |
| Outra situación | 1,2 | 2,4 | 1,9 |
| TOTAL | 100 | 100 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Se analizamos a distribución de actividades por grupos de idade destacan os seguintes datos:

- O 31,3% das persoas paradas que buscan o primeiro emprego teñen menos de 26 anos e o 50% teñen entre 26 e 35 anos.
- No grupo de persoas paradas que xa traballaron o 47,7% agrúpase

nos intervalos de idade entre 26 e 45 anos e o 38,5% nos intervalos de 46-55 e os de 56+.

- No grupo de amos/as de casa, as maiores porcentaxes distribúense nos intervalos de idade máis altos: 32,8% no intervalo 36-45 e o 50,8% no intervalo de 56+.

Táboa 38. Actividade e grupos de idade. Datos en porcentaxes.

| Actividade | <26 | 26-35 | 36-45 | 46-55 | >55 | Total |
|-----------------------------|------|-------|-------|-------|------|-------|
| Ocupado | 15,9 | 29 | 26,9 | 18,7 | 9,5 | 100 |
| Parado busca 1º emprego | 31,3 | 50 | 12,5 | - | 6,3 | 100 |
| Parado xa traballou | 13,8 | 26,2 | 21,50 | 26,2 | 12,3 | 100 |
| Xubilado | - | - | 0,8 | 3,4 | 95,8 | 100 |
| Pensionista | 1,1 | 2,2 | 10,8 | 10,8 | 75,3 | 100 |
| Incapacitado para traballar | - | 25 | 50 | 25 | - | 100 |
| Estudante | 96,7 | 2,2 | 0,6 | - | 0,6 | 100 |
| Ama/o de casa | 1,6 | 1,6 | 13,1 | 32,8 | 50,8 | 100 |
| Outra situación | 42,1 | 15,8 | 15,8 | 5,3 | 21,1 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

20.2 Ocupación, profesión e oficio

Partindo do grupo de ocupados/as e persoas paradas que xa traballaran antes, temos unha estrutura de ocupacións, profesións ou oficios na que predominan as categorías de construción, industria, minería e transportes (27,8 %), Hostalería, servizos persoais, de protección e seguridade (18,8%) e de Profesionais, técnicos/as e similares (18,3%). As categorías de Servizos administrativos (empresa e

Admón. Pública) e Comercio representan respectivamente o 10,9 % e o 10,3%. Directivos e xerentes da Admón. Pública e de empresas representan o 4,2% e o grupo de Peóns e traballadores/as non especializados o 5,4%.

Táboa 39. Ocupación, profesión ou oficio. Datos en porcentaxes.

| Ocupación, profesión ou oficio | % |
|---|------------|
| Profesionais, técnicos/as e similares | 18,3 |
| Directivos e xerentes da Admón. Pública e de empresas | 4,2 |
| Servizos administrativos (empresa e Admón. Pública) | 10,9 |
| Comercio | 10,3 |
| Hostalería, servizos persoais, de protección e seguridade | 18,8 |
| Agricultura, gandería, silvicultura, pesca e caza | 3,8 |
| Construción, industria, minería e transportes | 27,8 |
| Peóns e traballadores/as non especializados | 5,6 |
| Profesionais das forzas armadas | 0,4 |
| TOTAL | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Os homes son maioritarios nas seguintes ocupacións: construción, industria, minería e transportes (82,1%), agricultura, gandería, silvicultura, pesca e caza (63,2%). As mulleres son maioritarias en Hostalería, servizos persoais, de protección e seguridade (73,7%), Comercio (63%) e Servizos administrativos (empresa e admón. pública) (60%). Noutras ocupacións as porcentaxes están máis igualadas; así, os homes son lixeiramente maioritarios nas categorías de Profesionais, técnicos/as e similares (53,3%) e Directivos/as e xerentes da Admón. Pública e de empresas (52,4%). Na categoría de Peóns e traballadores/as non especializados/as existe igualdade nas porcentaxes entre

homes e mulleres.

Táboa 40. Ocupación, profesión ou oficio e xénero. Datos en porcentaxes

| Ocupación, profesión ou oficio | % homes | % mulleres | Total |
|---|---------|------------|-------|
| Profesionais, técnicos/as e similares | 53,3 | 46,7 | 100 |
| Directivos e xerentes da Admón. Pública e de empresas | 52,4 | 47,6 | 100 |
| Servizos administrativos (empresa e Admón. Pública) | 40 | 60 | 100 |
| Comercio | 36,5 | 63,5 | 100 |
| Hostalería, servizos persoais, de protección e seguridade | 26,3 | 73,7 | 100 |
| Agricultura, gandería, silvicultura, pesca e caza | 63,2 | 36,8 | 100 |
| Construción, industria, minería e transportes | 82,1 | 17,9 | 100 |
| Peóns e traballadores/as non especializados | 50 | 50 | 100 |
| Profesionais das forzas armadas | 100 | - | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Unha aproximación por idades ofrécenos os seguintes datos:

- Na categoría de profesionais, técnicos/as e similares os grupos de idade maioritarios son 26-35 e 36-45. Nestes dous intervalos concentrase o 66,3% dos casos.
- Na categoría de Directivos e xerentes da Admón. Pública e de empresas os intervalos de idade maioritario son o de 36-45 co 52,4%, seguido do intervalo de 46-55 co 28,6%.
- Na categoría de Servizos administrativos (empresa e Admón. Pública), os intervalos de idade predominantes son os de 26-35 (30,9%) e 46-55 (29,1%).
- Nas categorías de Comercio a porcentaxe do intervalo -26 ascende

a 21,2%. Porén, os intervalos maioritarios son os de 36-45 (36,5%) e 26-35 (28,8%). Nesta ocupación a porcentaxe do intervalo 46-55 descende ata o 3,8%.

- Na categoría de Hostalería, servizos persoais, de protección e seguridade a porcentaxe de menores de 26 tamén é elevada (22,1%). Os intervalos de 26-35, 36-45 e 46-55 teñen porcentaxes similares: 20%, 21,1% e 23,2% respectivamente.
- Na categoría de Agricultura, gandería, silvicultura, pesca e caza predominan os intervalos de maior idade: 36-45 (36,8%) e 46-55 (26,3%). O intervalo de 56+ acada aquí a súa porcentaxe máis elevada.
- Na Construción, industria, minería e transportes predomina o intervalo de 26-35 (30,7%), seguido do intervalo de 46-55 (22,1%) e de 36-45 (21,4%).
- Na ocupación de Peóns e traballadores/as non especializados predominan os intervalos de idade de 26-35 (42,9%) e 36-45 (25%).

Táboa 41. Ocupación, profesión ou oficio e idade. Datos en porcentaxes.

| Ocupación, profesión ou oficio | <26 | 26-35 | 36-45 | 46-55 | >55 | Total |
|---|------|-------|-------|-------|------|-------|
| Profesionais, técnicos/as e similares | 9,8 | 37 | 29,3 | 16,3 | 7,6 | 100 |
| Directivos e xerentes da Admón. Pública e de empresas | - | 9,5 | 52,4 | 28,6 | 9,5 | 100 |
| Servizos administrativos (empresa e Admón. Pública) | 7,3 | 30,9 | 25,5 | 29,1 | 7,3 | 100 |
| Comercio | 21,2 | 28,8 | 36,5 | 3,8 | 9,6 | 100 |
| Hostalería, servizos persoais, de protección e seguridade | 22,1 | 20 | 21,1 | 23,2 | 13,7 | 100 |
| Agricultura, gandería, silvicultura, pesca e caza | 10,5 | 10,5 | 36,8 | 26,3 | 15,8 | 100 |
| Construción, industria, minería e transportes | 15 | 30,7 | 21,4 | 22,1 | 10,7 | 100 |
| Peóns e traballadores/as non especializados | 17,9 | 42,9 | 25 | 3,6 | 10,7 | 100 |
| Profesionais das forzas armadas | 50 | 50 | - | - | - | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

20.3 Situación profesional

Na análise da situación profesional das persoas que na pregunta relativa á actividade responderon Ocupado/a e Outra situación, observase un claro predominio da categoría Asalariado/a con contrato indefinido (54,2%). Os/as asalariados/as con contrato temporal ou homólogo representan o 27,3%. Conxuntamente, as persoas asalariadas constitúen o 81,5% do total de persoas Ocupadas/outra situación.

Debemos destacar a categoría de Empresario/a, profesional ou autónomo/a que non emprega persoal, que supón un 7,2% mentres a categoría de Empresario/a, profesional ou autónomo/a que emprega

persoal representan un 3,3% do total. A porcentaxe de persoas que desenvolven algún tipo de traballo sen contrato para un particular ou empresa límitase ao 1,7%. Finalmente, as persoas que declaran estar noutra situación diferente ás anteriores ascende ao 5,9%.

Táboa 42. Situación profesional. Datos en porcentaxes.

| Situación profesional | % |
|---|------|
| Empresario/a, profesional ou autónomo/a que emprega persoal | 3,3 |
| Empresario/a, profesional ou autónomo/a que non emprega persoal | 7,2 |
| Axuda no negocio familiar | 0,4 |
| Asalariado/a con contrato indefinido | 54,2 |
| Asalariado/a con contrato temporal ou homólogos | 27,3 |
| Traballa sen contrato para outra persoa ou empresa | 1,7 |
| Outra situación | 5,9 |
| TOTAL | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Para analizar a situación profesional e o xénero podemos empregar dous enfoques: a distribución do xénero en cada situación profesional e a distribución de cada situación profesional en cada xénero.

No primeiro enfoque os homes son maioritarios nas seguintes situacións profesionais: Empresario/a, profesional ou autónomo/a que emprega persoal (60%), Empresario/a, profesional ou autónomo/a que non emprega persoal (63,6%) e asalariado con contrato indefinido (57,2%). As mulleres son maioritarias nas categorías de maior precariedade: o 54,8% na situación profesional de Asalariado/a con contrato temporal ou homólogos e o 75% na de Traballo sen contrato para outra persoa ou empresa.

Táboa 43. Distribución da Situación profesional segundo xénero.

Datos en porcentaxes.

| Situación profesional | % homes | % mulleres | % Total |
|---|---------|------------|---------|
| Empresario/a, profesional ou autónomo/a que emprega persoal | 60 | 40 | 100 |
| Empresario/a, profesional ou autónomo/a que non emprega persoal | 63,6 | 36,4 | 100 |
| Axuda no negocio familiar | - | 100 | 100 |
| Asalariado/a con contrato indefinido | 57,2 | 42,8 | 100 |
| Asalariado/a con contrato temporal ou homólogos | 45,2 | 54,8 | 100 |
| Traballa sen contrato para outra persoa ou empresa | 25 | 75 | 100 |
| Outra situación | 44,4 | 55,6 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Se analizamos a distribución de cada situación profesional en cada xénero obsérvase que no grupo de homes o 58,6% son asalariados con contrato indefinido e o 23,4% son asalariados con contrato temporal ou homólogo. No grupo de mulleres as asalariadas con contrato indefinido son o 49,3% e con contrato temporal ou homólogo o 31,8%.

Táboa 44. Distribución de categorías profesionais por xénero.
Datos en porcentaxes.

| Situación profesional | % homes | % mulleres |
|---|---------|------------|
| Empresario/a, profesional ou autónomo/a que emprega persoal | 3,7 | 2,8 |
| Empresario/a, profesional ou autónomo/a que non emprega persoal | 8,6 | 5,5 |
| Axuda no negocio familiar | - | 0,9 |
| Asalariado/a con contrato indefinido | 58,6 | 49,3 |
| Asalariado/a con contrato temporal ou homólogos | 23,4 | 31,8 |
| Traballa sen contrato para outra persoa ou empresa | 0,8 | 2,8 |
| Outra situación | 4,9 | 6,9 |
| Total | 100 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

No que atinxe a situación profesional e idade os datos máis destacados son os seguintes:

- A porcentaxe de empresarios/as, profesionais ou autónomos/as que empregan persoal ascende a medida que aumenta idade: de 1,35 no grupo -26 a un 7,3% no grupo +56.
- Unha situación similar pero máis acusada ten lugar para os/as empresarios/as, profesionais ou autónomos/as que non empregan persoal: do 2,2% do grupo 26-35 ao 17,1% do grupo +56.
- A temporalidade diminúe a medida que aumenta a idade. Os/as asalariados/as con contrato indefinido son só o 29,3% no grupo -26, pero son o 51,9% no intervalo 26-35, o 59,8% no intervalo 36-45 e o 68,2% no intervalo 46-55. Ao contrario, as persoas asalariadas con contrato temporal ou homólogo son o 52% no grupo de idade

-26, o 39,3% no grupo de idade 26-35, o 21,3% no grupo 36-45 e o 6,8% no grupo 46-55. No grupo +56 son só o 4,9%.

Táboa 45. Distribución de categorías profesionais por grupos de idade.
Datos en porcentaxes.

| Situación profesional | -26 | 26-35 | 36-45 | 46-55 | +56 |
|---|------------|------------|------------|------------|------------|
| Empresario/a, profesional ou autónomo/a que emprega persoal | 1,3 | 0,7 | 4,1 | 5,7 | 7,3 |
| Empresario/a, profesional ou autónomo/a que non emprega persoal | 2,7 | 2,2 | 7,4 | 13,6 | 17,1 |
| Axuda no negocio familiar | 2,7 | - | - | - | |
| Asalariado/a con contrato indefinido | 29,3 | 51,9 | 59,8 | 68,2 | 61 |
| Asalariado/a con contrato temporal ou homólogos | 52 | 39,3 | 21,3 | 6,8 | 4,9 |
| Traballa sen contrato para outra persoa ou empresa | 1,3 | 0,7 | 2,5 | 1,1 | 4,9 |
| Outra situación | 10,7 | 5,2 | 4,9 | 4,5 | 4,9 |
| Total | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

20.4 Ingresos no fogar

No 63,6% dos fogares hai máis dun/dunha contribuínte económico aos ingresos no fogar. A categoría maioritaria é da 2 contribuíntes por fogar co 41,5%, seguida da categoría de 1 contribuínte (36,4%), de 3 contribuíntes (16,5%) e de 4 contribuíntes (5,1%).

Táboa 46. Número de persoas que achegan ingresos no fogar.

Datos en porcentaxes.

| Nº | % |
|--------------|------------|
| 1 | 36,4 |
| 2 | 41,5 |
| 3 | 16,5 |
| 4 | 5,1 |
| 6 | 0,4 |
| TOTAL | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Se nos detemos nos datos desagregados segundo as catro zonas nas que se divide o Barrio, os datos sinalan os seguintes resultados:

- Na zona 4 concéntrase maior porcentaxe de unidades familiares onde só é unha a persoa que achega ingresos ao fogar. A porcentaxe do 40,7% na zona 4 case vén dobrar ao casos da zona 3 (23,8%).
- Do mesmo xeito é a zona 4 onde é maior a porcentaxe de fogares que contan coa achega de ingresos de dúas persoas (45,7%), aínda que en porcentaxes semellantes aos das outras tres zonas.
- No caso de contar coa achega de ingresos de tres persoas, esta é maior nos fogares entrevistados na zona 3 (33,3%).

- Os poucos caso de fogares que contan coa achega de ingresos de 4 persoas concéntranse entre os veciños e veciñas da zona 1 (7,5%) e zona 3 (9,5%).

Táboa 47. Número de persoas que achegan ingresos no fogar segundo zona de residencia. Datos en porcentaxes.

| Número persoas | zona | % |
|----------------|--------|------|
| 1 | zona 1 | 35 |
| | zona 2 | 36,9 |
| | zona 3 | 23,8 |
| | zona 4 | 40,7 |
| 2 | zona 1 | 40 |
| | zona 2 | 38,1 |
| | zona 3 | 33,3 |
| | zona 4 | 45,7 |
| 3 | zona 1 | 17,5 |
| | zona 2 | 17,9 |
| | zona 3 | 33,3 |
| | zona 4 | 12,3 |
| 4 | zona 1 | 7,5 |
| | zona 2 | 6 |
| | zona 3 | 9,5 |
| | zona 4 | 1,2 |
| 6 | zona 1 | - |
| | zona 2 | 1,2 |
| | zona 3 | - |
| | zona 4 | - |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Se comparamos as porcentaxes de vivendas que se inclúen nos dous intervalos de ingresos máis baixos coas que se inclúen nos dous intervalos de ingresos máis altos obsérvase que estas últimas superan claramente ás primeiras. Nos dous intervalos máis baixos (180-360 e 361-500) concéntrase o 7,1 das vivendas (5,6% no intervalo baixo superior, 361-500) e nos dous intervalos máis altos (1801-2400 e +2400), o 27,1%. De feito no 13,1% das vivendas os ingresos superan os 2400 mensuais.

Os dous intervalos de ingresos nos que se agrupan as porcentaxes máis altas de vivendas son os intervalos medios altos (901-1200 e 1201-1800), nos que se inclúen o 42,9% das vivendas. Finalmente, nos intervalos medios baixos atópanse o 22,2% das vivendas.

Táboa 48. Ingresos totais no fogar. Datos en porcentaxes.

| Ingresos | % | % acumulada |
|--------------|------------|-------------|
| 180-360 | 1,5 | 1,5 |
| 361-500 | 5,6 | 7,1 |
| 501-700 | 10,6 | 17,7 |
| 701-900 | 11,6 | 29,3 |
| 901-1200 | 22,7 | 52 |
| 1201-1800 | 20,2 | 72,2 |
| 1801-2400 | 14,6 | 86,9 |
| Máis de 2400 | 13,1 | 100 |
| TOTAL | 100 | |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Segundo as zonas de residencia os ingresos dos fogares entrevistados arrojan os seguintes datos:

- Os escasos casos fogares que ingresan menos de 360 euros mes, atópanse na zona 2.
- A maior porcentaxe de fogares (16,7%) cun nivel de ingresos de entre 361 e 500 euros correspóndense cos da zona 3.
- Entre 501 e 700 euros de ingresos por mes, atópase o 14,7% dos fogares da zona 1, seguidos dos da zona 4 (13,2%).
- Mentres que ningún dos fogares entrevistados na zona 3 acada un nivel de ingresos de entre 701 e 900 euros, a maior porcentaxe corresponde aos fogares da zona 1 (17,6%).
- Entre os 901 e 1200 euros concéntrase o 25 % dos fogares das zonas 2 e 4, seguidos dos da zona 1 (20,6%).
- Máis de 1200 euros e menos de 1800 acadan porcentaxes moi similares nas catro zonas (entre o 16,2 e o 22%).
- A maior porcentaxe de fogares cun ingreso mensual de entre 1801 e 2400 euros atópase na zona 3 (25%), fronte ao 11,2% dos da zona 1.
- De novo os fogares da zona 3 son os que concentran unha maior porcentaxe de ingresos maior dos 2400 euros mes (25%).

Táboa 49. Ingresos totais no fogar segundo zona de residencia.
Datos en porcentaxes.

| Intervalo ingresos | zona 1 | zona 2 | zona 3 | zona 4 |
|--------------------|------------|------------|------------|------------|
| De 180 a 360 | - | 4,2 | - | - |
| De 361 a 500 | 5,9 | 4,2 | 16,7 | 5,9 |
| De 501 a 700 | 14,7 | 6,9 | 8,3 | 13,2 |
| De 701 a 900 | 17,6 | 12,5 | - | 10,3 |
| De 901 a 1200 | 20,6 | 25,0 | 8,3 | 25,0 |
| De 1201 a 1800 | 20,6 | 22,2 | 16,7 | 16,2 |
| De 1801 a 2400 | 11,8 | 12,5 | 25,0 | 16,2 |
| Máis de 2400 | 8,8 | 12,5 | 25,0 | 13,2 |
| Total | 100 | 100 | 100 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

21 Mobilidade e transporte

21.1 Lugar de traballo

O 87,4% dos ocupados traballa nun único lugar fixo ben sexa no propio barrio de Teis, en Vigo ou fora do Concello de Vigo. O 12,6% traballa en distintos lugares.

Por outra parte, debemos destacar que un 20,3% das persoas ocupadas traballan fóra do Concello de Vigo.

Tan só o 13,7% do total traballa nun lugar fixo no barrio de Teis, mentres que un 38,5% faíno no centro de Vigo e un 21,2 % no extrarradio de Vigo. O 13,9% traballa nun lugar fixo noutro concello fora de Vigo.

Táboa 50. Lugar de traballo. Datos en porcentaxes.

| Lugar de traballo | % |
|---|------|
| No propio barrio (fixo) | 13,7 |
| No centro de Vigo (fixo) | 38,5 |
| No extrarradio de Vigo (fixo) | 21,2 |
| Fóra de Vigo, noutros concellos (fixo) | 13,9 |
| Distintos lugares fóra de Vigo (itinerante) | 6,4 |
| Distintos lugares dentro de Vigo (itinerante) | 6,2 |
| TOTAL | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

21.2 Forma habitual de transporte ao centro de ensino

Case a metade das persoas enquisadas que están escolarizadas e son estudantes (48,5%) desprázanse ao seu centro de ensino andando, mentres un 27,3% o fai en transporte privado. O transporte público supón o 14,5% e o transporte escolar o 9,7%.

Táboa 51. Modalidade habitual de transporte ao centro de ensino. Datos en porcentaxes.

| Modalidade de transporte | % |
|--------------------------|------|
| Andando | 48,5 |
| Transporte escolar | 9,7 |
| Transporte público | 14,5 |
| Transporte privado | 27,3 |
| TOTAL | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

O 71,4% dos/as escolares e estudantes tardan un máximo de 15 minutos en chegar ao seu centro de ensino. Algo máis da metade (51,9) tarda un máximo de 10 minutos e algo máis de un quinto (21,4%) tarda como máximo 5 minutos. As frecuencias de tempo con máis casos son os 5 minutos (17,5%), os 10 (28,6%), os 15 (15,6%), os 20 (11%) e os 30 (8,4). Estas cifras poden indicar un posible sesgo introducido polas posibilidades de resposta no sentido de que os/as enquisados/as tenden a redondear as frecuencias de tempo. De feito, o resto das frecuencias de tempo teñen un número residual de casos.

Estas cifras indican que, polo xeral, os/as escolares de Teis atópanse na súa maioría a unha distancia reducida dos seus centros de ensino.

Táboa 52. Tempo (minutos) desde a vivenda ao centro de ensino.

| Tempo | % | % acumulado | Intervalos de tempo | % |
|--------------|------------|-------------|---------------------|------------|
| 2 | 1,3 | 1,3 | | |
| 3 | 1,3 | 2,6 | | |
| 4 | 1,3 | 3,9 | -5 | 21,4 |
| 5 | 17,5 | 21,4 | | |
| 7 | 1,3 | 22,7 | | |
| 8 | 0,6 | 23,4 | 5-10 | 30,5 |
| 10 | 28,6 | 51,9 | | |
| 13 | 3,9 | 55,8 | 10-15 | 19,5 |
| 15 | 15,6 | 71,4 | | |
| 20 | 11 | 82,5 | | |
| 25 | 1,3 | 83,8 | 15-30 | 20,7 |
| 30 | 8,4 | 92,2 | | |
| 40 | 0,6 | 92,9 | 30-45 | 1,2 |
| 45 | 0,6 | 93,5 | | |
| 50 | 0,6 | 94,2 | 45-60 | 2,5 |
| 60 | 1,9 | 96,1 | | |
| 90 | 1,9 | 98,1 | 60-90 | 1,9 |
| 120 | 1,9 | 100 | 90-120 | 1,9 |
| TOTAL | 100 | | TOTAL | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

21.3 Lugar de compra diaria e semanal

O propio barrio de Teis é o lugar claramente maioritario onde se realizan a compra diaria e a compra semanal. No caso da compra diaria, o propio barrio acada unha porcentaxe do 63,8%, o que supón case a totalidade pois o resto dos lugares presentan unhas porcentaxes residuais. Debemos ter en conta que un 30,9% non realiza compra diaria.

Para a compra semanal a opción do propio barrio segue sendo claramente maioritaria (45,5), se ben descende claramente en detrimento da opción do centro de Vigo (6,6%) e sobre todo da opción do extrarradio (14%), o que pode indicar un desprazamento cara as grandes superficies comerciais situadas nos barrios periféricos da cidade para a realización de compras maiores. Finalmente, un tercio dos/as enquisados/as declara non facer compra semanal.

Táboa 53. Lugar realización compra diaria e semanal. Datos en porcentaxes.

| Lugar | % diaria | % semanal |
|----------------------------|----------|-----------|
| No propio barrio | 63,8 | 45,5 |
| No centro de Vigo | 2,4 | 6,6 |
| No extrarradio de Vigo | 2,6 | 14 |
| Fóra de Vigo | 0,3 | 0,7 |
| Non realizan compra diaria | 30,9 | 33 |
| TOTAL | 100 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

21.4 Medio de transporte máis utilizado

Neste apartado debemos destacar o feito de que case a metade dos/as enquisadas/os (47,6%) indica o coche como o medio de transporte máis utilizado. Así mesmo, un de cada catro (26,4%) sinala o autobús como medio de transporte máis utilizado. Finalmente, debemos destacar que case un quinto dos/as enquisados/as declara non utilizar ningún medio de transporte.

Táboa 54. Medio de transporte máis utilizado. Datos en porcentaxes.

| Medio | % |
|-----------------|------|
| Ningún | 19,4 |
| Autobús | 26,4 |
| Taxi | 1 |
| Moto/ciclomotor | 3,5 |
| Coche | 47,6 |
| Furgoneta | 1 |
| Outros | 0,9 |
| TOTAL | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Un 83,7% das vivendas teñen cando menos un automóbil ou furgoneta, mentres que o 16,3% das vivendas non conta con ningún automóbil ou furgoneta. A frecuencia maioritaria é de 1 automóbil ou furgoneta por vivenda (47,8%), seguida de 2 automóviles ou furgonetas por vivenda (26,9%). En 7,4% vivendas dispoñen de ata 3 automóviles ou furgonetas.

Táboa 55. Número de automóbiles ou furgonetas por vivenda .

Datos en porcentaxes.

| Nº | % |
|----|------|
| 0 | 16,3 |
| 1 | 47,8 |
| 2 | 26,9 |
| 3 | 7,4 |
| 4 | 1,3 |
| 6 | 0,3 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Case dous terzos das vivendas (61,8%) dispoñen en propiedade ou alugueiro de praza de garaxe, mentres o 38,2% non dispón dela. Un 13% dispón de praza de garaxe pero non para todas as persoas residentes na vivenda.

22 Habitabilidade no barrio de Teis

22.1 Afectación de problemas na habitabilidade

Con excepción do fenómeno da conflictividade con xente do barrio, en todos as situacións que poden afectar negativamente ás persoas, a porcentaxe de persoas que declaran que lles afectan negativamente *algo* ou *moito* supera sempre o 50%. No fenómeno da conflictividade, só o 15,1% declara lle pode chegar a afectar aféctalle *algo* ou *moito* mentres o 84,9% declara que non lle afecta *nada*.

Alén da cuestión da conflictividade coa xente do barrio, os fenómenos que representan uns menores índices de afectación negativa, son (por esta orde, de menor a maior), as cuestións referidas a delincuencia e inseguridade, estragos de rúas e edificios, ruídos, contaminación e a drogadicción. En todos estes fenómenos as porcentaxes de persoas que afirman que non lles afectan negativamente nada móvense entre o 40% e o 49% aproximadamente.

Pola contra, os fenómenos que afectan máis negativamente ás persoas son (por esta orde, de maior a menor), a sucidade nos espazos públicos, o tráfico, os aparcadoiros e a carencia de servizos. En todos estes fenómenos, as porcentaxes de persoas que declaran que lles afecta negativamente algo ou moito oscilan entre o 61,2 e o 77,9%. Neste senso, debemos destacar que no que se refire a tráfico, aparcadoiro e sucidade nos espazos públicos, as porcentaxes de persoas que declaran que lle afecta negativamente moito acércanse a metade do total (47% aproximadamente).

Táboa 56. Grao de afectación negativa. Datos en porcentaxes.

| Fenómeno | Nada | Algo | Moito | TOTAL |
|-------------------------------|------|------|-------|-------|
| Ruídos | 44 | 18,9 | 37,2 | 100 |
| Contaminación | 43,5 | 25,3 | 31,2 | 100 |
| Delincuencia e inseguridade | 49,4 | 33 | 17,6 | 100 |
| Carencia de servizos | 38,8 | 19,6 | 41,6 | 100 |
| Tráfico | 29,9 | 23,9 | 46,9 | 100 |
| Aparcadoiros | 37,2 | 15,9 | 46,9 | 100 |
| Estragos de rúas e edificios | 48,3 | 27,3 | 24,5 | 100 |
| Sucidade nos espazos públicos | 22,1 | 30,8 | 47 | 100 |
| Drogadicción | 41,2 | 34,9 | 23,9 | 100 |
| Conflitos con xente no barrio | 84,9 | 9,1 | 6 | 100 |
| Outros | - | 6,6 | 93,4 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Presentamos agora as diferencias en canto á percepción dos problemas de habitabilidade nas diferentes zonas do barrio.

No caso dos ruídos, as persoas entrevistadas que residen na zona 4 son as que máis se queixan deste fenómeno. O 50% di que lles afecta moito. Porcentaxe algo mais baixo pero significativo (43,4%) é a dos veciños e veciñas da zona 1. Aos que menos parece afectarlle é aos residentes da zona 3 (o 70,8% di que non lles afecta nada).

Táboa 57. Ruído. Grao de afectación negativa segundo a zona de residencia.
Datos en porcentaxes.

| Zona | Nada | Algo | Moito | TOTAL |
|------------------------|-----------|-------------|-------------|------------|
| Zona 1 | 46,6 | 10,3 | 43,4 | 100 |
| Zona 2 | 53,9 | 20,9 | 25,2 | 100 |
| Zona 3 | 70,8 | 12,5 | 16,7 | 100 |
| Zona 4 | 30 | 20 | 50 | 100 |
| Total respostas | 44 | 18,9 | 37,2 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

As persoas entrevistadas dentro da zona 1 e 4 son as que mais parece afectarlle o problema da contaminación, mesmo o 40% das persoas entrevistadas en cada unha destas zonas, di que lles afecta *moito*.

Táboa 58. Contaminación. Grao de afectación negativa segundo a zona de residencia. Datos en porcentaxes.

| Zona | Nada | Algo | Moito | TOTAL |
|------------------------|-------------|-------------|-------------|------------|
| Zona 1 | 40,7 | 20,3 | 39 | 100 |
| Zona 2 | 49,6 | 30,4 | 20 | 100 |
| Zona 3 | 58,3 | 37,5 | 4,2 | 100 |
| Zona 4 | 38,2 | 21,8 | 40 | 100 |
| Total respostas | 43,5 | 25,3 | 31,2 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

As porcentaxes das respostas a respecto da delincuencia e inseguridade son moi similares nas catro zonas, se ben as veciñas e veciños que residen na zona 1 consideran este fenómeno mais

problemático que o resto das persoas residentes noutras zonas de Teis.

Táboa 59. Delincuencia e inseguridade. Grao de afectación negativa segundo a zona de residencia. Datos en porcentaxes.

| Zona | Nada | Algo | Moito | TOTAL |
|------------------------|-------------|-----------|-------------|------------|
| Zona 1 | 39 | 35,6 | 25,4 | 100 |
| Zona 2 | 53,9 | 32,2 | 13,9 | 100 |
| Zona 3 | 54,2 | 29,2 | 16,7 | 100 |
| Zona 4 | 46,4 | 35,5 | 18,2 | 100 |
| Total respostas | 49,4 | 33 | 17,6 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

As persoas entrevistadas na zona 2 sinalan en maior medida a carencia de servizos como fenómeno que lle afecta *moito* (53,1%). Pola contra, a xente da zona 2 recolle as mellores valoracións, mesmo a metade das persoas enquisadas (50%) entende que non lles afecta *nada*.

Táboa 60. Carencia de servizos. Grao de afectación negativa segundo a zona de residencia. Datos en porcentaxes.

| Zona | Nada | Algo | Moito | TOTAL |
|------------------------|-------------|-------------|-------------|------------|
| Zona 1 | 31 | 25,9 | 43,1 | 100 |
| Zona 2 | 38,1 | 8,8 | 53,1 | 100 |
| Zona 3 | 50 | 29,2 | 20,8 | 100 |
| Zona 4 | 37,7 | 25,5 | 36,8 | 100 |
| Total respostas | 38,8 | 19,6 | 41,6 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

As entrevistas realizadas na zona 4 recollen os datos mais críticos co problema do tráfico; case o 62% das persoas entrevistadas sinala que lles afecta *moito*.

Táboa 61. Tráfico. Grao de afectación negativa segundo a zona de residencia. Datos en porcentaxes.

| Zona | Nada | Algo | Moito | TOTAL |
|------------------------|-------------|-------------|-------------|------------|
| Zona 1 | 40,7 | 15,3 | 44,1 | 100 |
| Zona 2 | 31,3 | 27,4 | 21,2 | 100 |
| Zona 3 | 45,8 | 25 | 29,2 | 100 |
| Zona 4 | 22,7 | 19,1 | 58,2 | 100 |
| Total respostas | 29,9 | 23,9 | 46,9 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

O 25% das veciñas e veciños da zona 3 considera que o problema do aparcamento lles afecta *moito*, fronte ás porcentaxe mais elevadas das outras zonas (entre o 42% e o 52%).

Táboa 62. Aparcamento. Grao de afectación negativa segundo a zona de residencia. Datos en porcentaxes.

| Zona | Nada | Algo | Moito | TOTAL |
|------------------------|-------------|-------------|-------------|------------|
| Zona 1 | 42,4 | 15,3 | 42,4 | 100 |
| Zona 2 | 23 | 31,9 | 45,1 | 100 |
| Zona 3 | 33,3 | 41,7 | 25 | 100 |
| Zona 4 | 32,4 | 14,8 | 52,8 | 100 |
| Total respostas | 37,2 | 15,9 | 46,9 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

No que atinxe aos estragos de rúas e edificios, as porcentaxes na opción *moito* son similares nas catro zonas, se ben as da zona 1 son lixeiramente máis altas.

Táboa 63. Estragos nas rúas e edificios. Grao de afectación negativa segundo a zona de residencia. Datos en porcentaxes.

| Zona | Nada | Algo | Moito | TOTAL |
|------------------------|-------------|-------------|-------------|------------|
| Zona 1 | 46,6 | 19 | 34,5 | 100 |
| Zona 2 | 34,5 | 43,4 | 22,1 | 100 |
| Zona 3 | 50 | 29,2 | 20,8 | 100 |
| Zona 4 | 49,1 | 29,6 | 21,3 | 100 |
| Total respostas | 48,3 | 27,3 | 24,5 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Suciedade nos espazos públicos: mentres que as porcentaxes de resposta para a opción *nada* (entre o 20% e o 25%) son moi similares nas catro zonas, as opción *moito* recolle maiores diferenzas: mentres para as persoas residentes da zona 1 o nivel de influencia na opción *moito* é do 52,5% dos casos, a porcentaxe descende ao 37,5% para a zona 3.

Táboa 64. Suciedade nos espazos públicos. Grao de afectación negativa segundo a zona de residencia. Datos en porcentaxes.

| Zona | Nada | Algo | Moito | TOTAL |
|------------------------|-------------|-------------|-----------|------------|
| Zona 1 | 20,3 | 27,1 | 52,5 | 100 |
| Zona 2 | 23 | 31,9 | 45,1 | 100 |
| Zona 3 | 25 | 37,5 | 37,5 | 100 |
| Zona 4 | 22,9 | 29,4 | 47,7 | 100 |
| Total respostas | 22,1 | 30,8 | 47 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Na zonas 1 e 3 o fenómeno da drogadicción parece ser mais preocupante entre as súas veciñas e veciños (o 37% sinala *moito*).

Táboa 65. Drogadicción. Grao de afectación negativa segundo a zona de residencia. Datos en porcentaxes.

| Zona | Nada | Algo | Moito | TOTAL |
|------------------------|-------------|-------------|-------------|------------|
| Zona 1 | 37,9 | 25,9 | 36,2 | 100 |
| Zona 2 | 34,5 | 43,4 | 22,1 | 100 |
| Zona 3 | 50 | 12,5 | 37,5 | 100 |
| Zona 4 | 45,8 | 36,4 | 17,8 | 100 |
| Total respostas | 41,2 | 34,9 | 23,9 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

O fenómeno dos conflitos entre a xente do barrio é un dos menos preocupantes para as persoas entrevistadas, as diferenzas por barrio son significativas; mentres o 17% da zona 1 aféctalle *moito*, a porcentaxe tan so alcanza o 2% para os da zona 2.

Táboa 66. Conflitos entre a xente do barrio. Grao de afectación negativa segundo a zona de residencia. Datos en porcentaxes.

| Zona | Nada | Algo | Moito | TOTAL |
|------------------------|-------------|------------|----------|------------|
| Zona 1 | 74,6 | 8,5 | 16,9 | 100 |
| Zona 2 | 89,3 | 8,9 | 1,8 | 100 |
| Zona 3 | 78,3 | 13 | 8,7 | 100 |
| Zona 4 | 86 | 9,3 | 4,7 | 100 |
| Total respostas | 84,9 | 9,1 | 6 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Outros: esta opción recolle outras problemáticas que veciños e veciñas de Teis consideran que lles afectan negativamente na súa calidade de vida, mesmo o nivel de afectación é considerado, na maioría das zonas, como *moito*. Algúns destes problemas aos que fan referencia son:

- Zona 1: abandono de fincas, acumulación de rastroxos e chatarra, a falta de espazos de encontro (prazas e parques), limpeza de contedores, etc.
- Zona 2: contaminación da ría e praia, falta de parques e zonas de paseo, pouca seguridade cidadá e problemas de limpeza das rúas, entre outras.
- Zona 3: inundacións e roturas de tuberías, poucos espazos verdes, ausencia de alumado e falta de contedores.
- Zona 4: en xeral a limpeza das rúas, contaminación, rúidos procedentes do Porto, escasa dinamización do comercio local, malas comunicacións, etc.

Táboa 67. Outros problemas. Grao de afectación negativa segundo a zona de residencia. Datos en porcentaxes.

| Zona | Nada | Algo | Moito | TOTAL |
|------------------------|------|------------|-------------|------------|
| Zona 1 | - | - | 100 | 100 |
| Zona 2 | - | 5,6 | 94,4 | 100 |
| Zona 3 | - | 33,3 | 66,7 | 100 |
| Zona 4 | - | 3,3 | 96,7 | 100 |
| Total respostas | - | 6,6 | 93,4 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

23 Participación social e identidade comunitaria

23.1 Pertenza a asociacións

O 23% das unidades familiares ou convivencias de cada vivenda consideradas como unidade, pertencen a unha asociación. O 77% non pertence a ningunha asociación.

Segundo as distintas zonas nas que se divide o barrio, as persoas residentes na zona 3, acadan unhas maiores porcentaxes en canto ao nivel de participación nalgún tipo de colectivo ou asociación. Así no 37,5% das unidades familiares enquisadas algunha persoa está asociada a algunha entidade. Pola contra, na zona 2, o nivel de participación descende ata o 20%.

Táboa 68. Pertenza a asociacións segundo a zona de residencia.
Datos en porcentaxes.

| Zona | si | non | TOTAL |
|------------------------|-----------|-----------|------------|
| Zona 1 | 25,4 | 74,6 | 100 |
| Zona 2 | 20 | 80 | 100 |
| Zona 3 | 37,5 | 62,5 | 100 |
| Zona 4 | 22,3 | 77 | 100 |
| Total respostas | 23 | 77 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

No que respecta ao tipo de asociación na que se participa, a maior porcentaxe concéntrase nos colectivos veciñais, concretamente ás AAVV de Teis (35% das), sindicais (15%), culturais (15%) ou deportiva (12%).

23.2 Coñecemento do Plan Comunitario de Teis

O 64,7% non coñece o Plan Comunitario de Teis. O 35,3% si o coñece.

Non resultan significativas o nivel de coñecemento segundo o xénero, se ben son máis os homes (37%) que din coñecer o Plan Comunitario que as mulleres (34%).

Segundo os grupos de idade e xénero, os homes de idade media e os maiores de 56 anos coñecen en maior porcentaxe o Plan Comunitario de Teis, que o caso das mulleres. Pola contra, entre o colectivo de mulleres mozas, as porcentaxes de grao coñecemento son maiores que entre os mozos.

Homes e mulleres de 75 e máis anos recollen as porcentaxes de menor nivel de coñecemento.

Táboa 70. Nivel de coñecemento do Plan Comunitario de Teis segundo grupos de idade e xénero. Datos en porcentaxes.

| Intervalo de idade | Homes | | Mulleres | |
|--------------------|-------|------|----------|------|
| | SI | NON | SI | NON |
| 0-25 | 23,5 | 76,5 | 46,7 | 53,3 |
| 26-35 | 34,5 | 65,5 | 42,4 | 57,6 |
| 36-45 | 28,6 | 71,4 | 34,7 | 65,3 |
| 46-55 | 52,9 | 47,1 | 29,6 | 70,3 |
| 56-65 | 42,1 | 57,9 | 36,4 | 63,6 |
| 66-75 | 57,1 | 42,8 | 28 | 72 |
| 76 e máis | 12,5 | 87,5 | 15,8 | 84,2 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

As persoas entrevistadas nas zonas 1 e 3 sinalan en maior porcentaxe (37,3% e 37,4% respectivamente) coñecer o Plan Comunitario de Teis, que as súas veciñas e veciños da zona 3 (33,3%) e zona 4 (31,3%).

Táboa 70. Nivel de coñecemento do Plan Comunitario de Teis segundo zona de residencia. Datos en porcentaxes.

| Zona | si | non | TOTAL |
|-----------------|------|------|-------|
| Zona 1 | 37,3 | 62,7 | 100 |
| Zona 2 | 37,4 | 62,6 | 100 |
| Zona 3 | 33,3 | 66,7 | 100 |
| Zona 4 | 31,3 | 68,8 | 100 |
| Total respostas | 35,3 | 64,7 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

23.3 Coñecemento de lugares de Teis

O grao de coñecemento de lugares emblemáticos de Teis é case total para os casos do Mercado do Toural, A Guía e A Madroa, e altísimo (máis do 80%) para os lugares de A Lagoa, Torres de Fenosa e San Salvador. Tan só a taberna do Piollo representa un nivel de coñecemento máis baixo (53,4%).

Táboa 71 Coñecemento de lugares de Teis.

| Lugares | % SI | % NON | TOTAL |
|----------------------|------|-------|-------|
| Mercado/Praza Toural | 99,7 | 0,3 | 100 |
| A Guía | 97,2 | 2,8 | 100 |
| A Lagoa | 87,1 | 12,9 | 100 |
| Taberna Piollo | 53,4 | 44,6 | 100 |
| Torres Fenosa | 89 | 11 | 100 |
| Madroa | 96 | 4 | 100 |
| San Salvador | 82,8 | 17,2 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Segundo a zona de residencia das persoas entrevistadas, as respostas varían en canto ao nivel de coñecemento destes espazos.

Mercado/Praza do Toural: Aínda que case a totalidade das unidades entrevistadas afirma coñecer a Praza do Toural, a porcentaxe é do 100% no caso das persoas da zonas 2 e 3 que participaron no estudo.

Táboa 71 Coñecemento do Mercado/Praza de Teis segundo zona de residencia.

Datos en porcentaxes.

| Zona | SI | NON | TOTAL |
|------------------------|-------------|------------|------------|
| Zona 1 | 98,3 | 1,7 | 100 |
| Zona 2 | 100 | - | 100 |
| Zona 3 | 100 | - | 100 |
| Zona 4 | 97,3 | 2,7 | 100 |
| Total respostas | 99,7 | 0,3 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Monte da Guía: A maior porcentaxe das persoas que non coñecen este espazo, concéntrase na zona 2 (5,2%).

Táboa 72. Coñecemento do Monte da Guía segundo zona de residencia.

Datos en porcentaxes.

| Zona | SI | NON | TOTAL |
|------------------------|-------------|------------|------------|
| Zona 1 | 100 | - | 100 |
| Zona 2 | 94,8 | 5,2 | 100 |
| Zona 3 | 100 | - | 100 |
| Zona 4 | 97,3 | 2,7 | 100 |
| Total respostas | 97,2 | 2,8 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Praia da Lagoa: Mentres nas entrevistas realizadas na zona 1 o 91,5% das respostas contestaron coñecer A Lagoa, esta porcentaxe descendo ao 83% na zona 4.

Táboa 73. Coñecemento da Lagoa segundo zona de residencia.

Datos en porcentaxes.

| Zona | SI | NON | TOTAL |
|------------------------|-------------|-------------|------------|
| Zona 1 | 91,5 | 8,5 | 100 |
| Zona 2 | 87,8 | 12,2 | 100 |
| Zona 3 | 87,5 | 12,5 | 100 |
| Zona 4 | 83 | 17 | 100 |
| Total respostas | 87,1 | 12,9 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Taberna do Piollo: Sete de cada dez veciños e veciñas entrevistadas na zona 1 di coñecer esta taberna fronte a cinco de cada dez das zonas 2 e 4.

Táboa 74. Coñecemento da Taberna do Piollo segundo zona de residencia.

Datos en porcentaxes.

| Zona | SI | NON | TOTAL |
|------------------------|-------------|-------------|------------|
| Zona 1 | 69,5 | 30,5 | 100 |
| Zona 2 | 52,2 | 47,8 | 100 |
| Zona 3 | 66,7 | 33,3 | 100 |
| Zona 4 | 45,5 | 54,5 | 100 |
| Total respostas | 53,4 | 44,6 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Torres de Fenosa: As diferenzas entre o nivel de coñecemento das Torres por parte das persoas entrevistadas na zona 3 (20,8% non as coñece) e as da zona 1 (6,8%) é significativo.

Táboa 75. Coñecemento das Torres de Fenosa segundo zona de residencia.
Datos en porcentaxes

| Zona | SI | NON | TOTAL |
|------------------------|-----------|-----------|------------|
| Zona 1 | 93,2 | 6,8 | 100 |
| Zona 2 | 87,8 | 12,2 | 100 |
| Zona 3 | 79,2 | 20,8 | 100 |
| Zona 4 | 90,2 | 9,8 | 100 |
| Total respostas | 89 | 11 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

A Madroa: Este é un dos lugares máis populares e coñecidos polas persoas do barrio e a penas hai diferenzas segundo a zona de residencia das persoas entrevistadas.

Táboa 76. Coñecemento da Madroa segundo zona de residencia. Datos en porcentaxes

| Zona | SI | NON | TOTAL |
|------------------------|-----------|----------|------------|
| Zona 1 | 94,9 | 5,1 | 100 |
| Zona 2 | 96,5 | 3,5 | 100 |
| Zona 3 | 95,8 | 4,2 | 100 |
| Zona 4 | 95,5 | 4,5 | 100 |
| Total respostas | 96 | 4 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

San Salvador: Resulta máis coñecido entre as veciñas e veciños entrevistados na zona 3.

Táboa 77. Coñecemento de San Salvador segundo zona de residencia.

Datos en porcentaxes

| Zona | SI | NON | TOTAL |
|------------------------|-------------|-------------|------------|
| Zona 1 | 86,4 | 13,6 | 100 |
| Zona 2 | 83,5 | 16,5 | 100 |
| Zona 3 | 91,7 | 8,3 | 100 |
| Zona 4 | 78,6 | 21,4 | 100 |
| Total respostas | 82,8 | 17,2 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

24 Utilización dos equipamentos de Teis

24.1 Utilización dos equipamentos

O equipamento máis utilizado pola veciñanza de Teis é o Centro de Saúde xa que case un 80% declara telo utilizado. No extremo oposto, as escolas infantís (7,1%), a UBAS- Unidade Básica de Atención Social- (18,1%) e os centros educativos (24,5%), son utilizadas por unhas porcentaxes moito menores, algo lóxico na medida na que o volume de poboación a que se dirixe é menor que o Centro de Saúde. A oficina de emprego é utilizada polo 38,7%.

Outros equipamentos tamén abertos ao conxunto da poboación, como a Piscina e o Centro Cívico son utilizados respectivamente polo 29,8% e polo 30,4%.

Táboa 78. Utilización dos equipamentos de Teis. Datos en porcentaxes.

| Equipamento | % SI | % NON | TOTAL |
|--------------------|------|-------|-------|
| Centro saúde | 79,8 | 20,2 | 100 |
| UBAS | 18,1 | 81,9 | 100 |
| Piscina | 29,8 | 70,2 | 100 |
| Centro Cívico | 30,4 | 69,6 | 100 |
| Oficina emprego | 38,7 | 61,3 | 100 |
| Centros educativos | 24,5 | 75,5 | 100 |
| Escola infantil | 7,1 | 92,9 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Imos analizar a diferenzas na utilización de equipamentos nas distintas zonas de residencia.

Centro de Saúde: Sendo o espazo de maior uso das veciñas e veciños, as variacións segundo a zona de residencia non arroxa datos significativos aínda que as persoas entrevistadas na zona 1 sona as que máis acoden ao centro (83,1%) fronte ás da zona 4 (75,9%).

Táboa 79. Utilización do Centro de Saúde segundo zona de residencia.

Datos en porcentaxes.

| Zona | SI | NON | TOTAL |
|------------------------|-------------|-------------|------------|
| Zona 1 | 83,1 | 16,9 | 100 |
| Zona 2 | 80,9 | 19,1 | 100 |
| Zona 3 | 79,2 | 20,8 | 100 |
| Zona 4 | 75,9 | 24,1 | 100 |
| Total respostas | 79,8 | 20,2 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

UBAS: Mentres a porcentaxe de persoas entrevistadas nas zonas 1, 2 e 4 ronda o 20%, o número de casos de persoas usuarias da UBAS descende a case a metade na zona 3 (8,3%).

Táboa 79. Utilización das UBAS segundo zona de residencia.

Datos en porcentaxes.

| Zona | SI | NON | TOTAL |
|------------------------|-------------|-------------|------------|
| Zona 1 | 23,7 | 76,3 | 100 |
| Zona 2 | 19,1 | 80,9 | 100 |
| Zona 3 | 8,3 | 91,7 | 100 |
| Zona 4 | 17 | 83 | 100 |
| Total respostas | 18,1 | 81,9 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Piscina: As persoas da zona 4 empregan a piscina nunha porcentaxe (25%) inferior ao resto das zonas (entre o 29 e o 30%).

Táboa 80. Utilización da piscina segundo zona de residencia.

Datos en porcentaxes.

| Zona | SI | NON | TOTAL |
|------------------------|-------------|-------------|------------|
| Zona 1 | 30,5 | 69,5 | 100 |
| Zona 2 | 28,7 | 71,3 | 100 |
| Zona 3 | 29,2 | 70,8 | 100 |
| Zona 4 | 25 | 75 | 100 |
| Total respostas | 29,8 | 70,2 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Centro Cívico: Mentres as veciñas e veciños participantes no estudo que residen nas zonas 1 e 3 asisten ao Centro Cívico nunha porcentaxe lixeiramente superior ao 40% dos casos, as persoas residentes na zona 4 o fan nunha porcentaxe do 21,4%.

Táboa 81. Utilización do Centro Cívico segundo zona de residencia.

Datos en porcentaxes.

| Zona | SI | NON | TOTAL |
|------------------------|-------------|-------------|------------|
| Zona 1 | 40,7 | 59,3 | 100 |
| Zona 2 | 32,2 | 67,8 | 100 |
| Zona 3 | 41,7 | 58,3 | 100 |
| Zona 4 | 21,4 | 78,6 | 100 |
| Total respostas | 30,4 | 69,6 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Oficina de emprego: Destacar as diferenzas en canto á utilización da oficina de emprego das persoas residentes na zona 4 (21,4% dos casos) fronte aos niveis das outras tres zonas do barrio que recollen porcentaxes de arredor do 40%.

Táboa 82. Utilización da oficina de emprego segundo zona de residencia.

Datos en porcentaxes.

| Zona | SI | NON | TOTAL |
|------------------------|-------------|-------------|------------|
| Zona 1 | 39 | 61 | 100 |
| Zona 2 | 40 | 60 | 100 |
| Zona 3 | 41,7 | 58,3 | 100 |
| Zona 4 | 21,4 | 78,6 | 100 |
| Total respostas | 38,7 | 61,3 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Centros educativos: As diferenzas máis significativas atopámolas entre o nivel de uso nas zonas 2 e 3. Se na zona 2 a porcentaxe de utilización dos centros educativos é do 20%, na zona 3 alcanza o 37,5%.

Táboa 83. Utilización dos centros educativos segundo zona de residencia.

Datos en porcentaxes.

| Zona | SI | NON | TOTAL |
|------------------------|-------------|-------------|------------|
| Zona 1 | 27,1 | 72,9 | 100 |
| Zona 2 | 20 | 80 | 100 |
| Zona 3 | 37,5 | 62,5 | 100 |
| Zona 4 | 24,1 | 75,9 | 100 |
| Total respostas | 24,5 | 75,5 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Escola Infantil: Na zona 2 o nivel de utilización da escola infantil é do 11,3%, porcentaxe superior á media para o conxunto da mostra (7,1%).

Táboa 84. Utilización da escola infantil segundo zona de residencia.

Datos en porcentaxes.

| Zona | SI | NON | TOTAL |
|------------------------|------------|-------------|------------|
| Zona 1 | 3,4 | 96,6 | 100 |
| Zona 2 | 11,3 | 88,7 | 100 |
| Zona 3 | 4,2 | 95,8 | 100 |
| Zona 4 | 5,4 | 94,6 | 100 |
| Total respostas | 7,1 | 92,9 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Case todos estes equipamentos son utilizados máis polas mulleres que polos homes. As diferenzas máis significativas atopámolas no uso da oficina de emprego (45,7% das mulleres fronte ao 29% dos homes), na piscina (34% de mulleres e 23,9 de homes) e no centro cívico (35,1% fronte ao 24,6%).

Táboa 85. Utilización dos equipamentos de Teis segundo o xénero das persoa entrevistadas. Datos en porcentaxes.

| Equipamento | Homes | | | Mulleres | | |
|--------------------|-------|-------|-------|----------|-------|-------|
| | % SI | % NON | Total | % SI | % NON | Total |
| Centro saúde | 80,4 | 19,6 | 100 | 79,8 | 20,2 | 100 |
| UBAS | 12,3 | 87,7 | 100 | 22,3 | 77,7 | 100 |
| Piscina | 23,9 | 76,1 | 100 | 34 | 66 | 100 |
| Centro Cívico | 24,6 | 75,4 | 100 | 35,1 | 64,9 | 100 |
| Oficina emprego | 29 | 71 | 100 | 45,7 | 54,3 | 100 |
| Centros educativos | 23,9 | 76,1 | 100 | 25 | 75 | 100 |
| Escola infantil | 7,2 | 92,8 | 100 | 6,9 | 93,1 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

24.2 Valoración dos equipamentos

Os fogares que utilizan os equipamentos citados no anterior epígrafe, polo xeral, valoran positivamente a maioría dos equipamentos. As mellor valoradas son as escolas infantís, xa que 91,3% as valora moito ou bastante (60,9%). Nun segundo grupo, no que ao nivel similar de valoración se refire, atópanse os seguintes equipamentos: as UBAS (un 74,1% valóraas bastante ou moito- as que a valoran moito son o 53,7%), os centros educativos (72,6%), os centros cívicos (71%) e a piscina (69,5). Con menor grao de valoración atópase o Centro de Saúde (61,6).

O equipamento peor valorado é a oficina de emprego, xa que só un 37,5% a valora bastante ou moito. Á inversa, ata un 36,7% a valora nada ou pouco. Comparativamente estas porcentaxes contrastan coas valoracións de nada ou pouco obtidas polo resto dos equipamentos: escolas infantís (0%), centros cívicos (7,5%), centro de saúde (12,9%), centro cívico (12,9%), piscina (13,1) e UBAS (18,5%).

Táboa 86. Valoración dos equipamentos de Teis. Datos en porcentaxes.

| Equipamento | % Nada | % Pouco | % Normal | % Bastante | % Moito | % TOTAL |
|--------------------|--------|---------|----------|------------|---------|---------|
| Centro saúde | 4,7 | 7,5 | 26,3 | 31 | 30,6 | 100 |
| UBAS | 7,4 | 11,1 | 7,4 | 20,4 | 53,7 | 100 |
| Piscina | 1,1 | 12 | 17,4 | 47,8 | 21,7 | 100 |
| Centro Cívico | 5,4 | 7,5 | 25,8 | 20,8 | 16,7 | 100 |
| Oficina emprego | 19,2 | 17,5 | 25,8 | 20,8 | 16,7 | 100 |
| Centros educativos | - | 7,5 | 20 | 33,8 | 38,8 | 100 |
| Escola infantil | - | 8,7 | - | 30,4 | 60,9 | 100 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Na táboa 87 recollemos as opinións medias outorgadas a estes espazos seguindo unha escala do 1 (mínima valoración) ao 5 (máxima valoración), permitíndonos observar os resultados aos que faciamos referencia tendo en conta unha escala numérica.

Segundo esta escala os servizos mellor valorado son os equipamentos educativos, tanto á escola infantil (media do 4,52 sobre 5) como aos centros de ensino (media de 4,09 sobre 5). A máis baixa valoración é para a oficina de emprego, onde as persoas usuarias outorgan unha media de 2,99 nunha escala do 1 ao 5.

Táboa 87. Valoración dos equipamentos de Teis. Datos en medias.
Valoración do 1 ao 5.

| | Centro Saúde | UBAS | Piscina | Centro Cívico | Oficina emprego | Centros educativos | Escola Infantil |
|-------|--------------|------|---------|---------------|-----------------|--------------------|-----------------|
| Media | 3,78 | 3,99 | 3,80 | 3,93 | 2,99 | 4,09 | 4,52 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Empregamos esta escala de valoración para comparar os datos desagregados segundo a zona de residencia.

No que respecta ao centro de saúde, as mellores valoracións recóllense nas entrevistas realizadas na zona 3 (media de 4,05) fronte ás máis baixas da zona 4 (media de 3,60).

Táboa 88. Valoración do Centro de Saúde segundo zona de residencia.

Datos en medias. Valoración do 1 ao 5.

| Centro de Saúde | Media |
|-----------------|-------|
| Zona 1 | 3,89 |
| Zona 2 | 3,73 |
| Zona 3 | 4,05 |
| Zona 4 | 3,60 |
| Total | 3,78 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

UBAS: Mentres as entrevistas realizadas nas zonas 2, 3 e 4 recollen valoracións da UBAS por riba da media, na zona 1 sitúase no 3,14.

Táboa 89. Valoración das UBAS segundo zona de residencia. Datos en medias.

Valoración do 1 ao 5.

| UBAS | Media |
|--------|-------|
| Zona 1 | 3,14 |
| Zona 2 | 4,21 |
| Zona 3 | 4 |
| Zona 4 | 4,35 |
| Total | 3,99 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Piscina: A valoración media nas enquisas realizadas na zona 4 é de 4,07, fronte a máis baixa de 3,28 outorgada na zona 3.

Táboa 90. Valoración da piscina segundo zona de residencia.

Datos en medias. Valoración do 1 ao 5.

| Piscina | Media |
|---------|-------|
| Zona 1 | 3,53 |
| Zona 2 | 3,53 |
| Zona 3 | 3,28 |
| Zona 4 | 4,07 |
| MEDIA | 3,80 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

O Centro Cívico recolle valoracións por riba da media (3,93) na zona 1 (4,08) e na zona 3 (media de 4 sobre 5).

Táboa 91. Valoración do Centro Cívico segundo zona de residencia.

Datos en medias. Valoración do 1 ao 5.

| Centro Cívico | Media |
|---------------|-------|
| Zona 1 | 4,08 |
| Zona 2 | 3,68 |
| Zona 3 | 4 |
| Zona 4 | 3,5 |
| MEDIA | 3,93 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

As valoracións máis críticas recóllense entre as veciñas e veciños da zona 4 (media de 2,75 sobre 5) e da zona 2 (media de 2,95), fronte ás opinións reflectidas nas entrevistas realizadas nas zonas 1 e 3, por riba da media.

Táboa 92. Valoración da oficina de emprego segundo zona de residencia.

Datos en medias. Valoración do 1 ao 5.

| Oficina de Emprego | Media |
|--------------------|-------|
| Zona 1 | 3,3 |
| Zona 2 | 2,95 |
| Zona 3 | 3,42 |
| Zona 4 | 2,75 |
| MEDIA | 2,99 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

Resultando un dos servizos públicos mellor valorados, as medias máis altas foron outorgadas polas persoas entrevistadas na zona 2 (media de 4,13 sobre 5) e na zona 3 (media de 4,33).

Táboa 93. Valoración dos centros educativos segundo zona de residencia.

Datos en medias. Valoración do 1 ao 5.

| Centros educativos | Media |
|--------------------|-------|
| Zona 1 | 4,06 |
| Zona 2 | 4,13 |
| Zona 3 | 4,33 |
| Zona 4 | 3,85 |
| MEDIA | 4,09 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.

A media de valoración da Escola Infantil para as catro zonas é moi positiva, incluso alcanza a máxima puntuación nas entrevistas realizadas na zona 3.

Táboa 94. Valoración da escola infantil segundo zona de residencia.
Datos en medias. Valoración do 1 ao 5.

| Escola infantil | Media |
|-----------------|-------|
| Zona 1 | 4,5 |
| Zona 2 | 4,38 |
| Zona 3 | 5 |
| Zona 4 | 4,33 |
| MEDIA | 4,54 |

Fonte: Enquisa Plan Comunitario de Teis, 2007.